

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 66

Sesión plenaria
15 de outubro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Propositions non de lei

4.1 33801 (12/PNP-002490)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego respecto da tramitación dunha nova lei de Administración local de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 17.09.2025

4.2 34420 (12/PNP-002535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre os obxectivos e as liñas de actuación que a Xunta de Galicia debe ter en conta para configurar un plan integral de protección, restauración, reconstrución e reactivación das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais de agosto de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

4.3 34660 (12/PNP-002550)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir unha avaliación rigurosa dos requisitos medioambientais, económicos e sociais dos plans industriais estratégicos (PIE)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

4.4 34728 (12/PNP-002557)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e catorce deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos fallos rexistrados no uso das pulseiras telemáticas para a protección das vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

4.5 34810 (12/PNP-002568)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e dez deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa das iniciativas que impulse a Xunta de Galicia fronte aos recursos de inconstitucionalidade interpostos polo Goberno central contra o plan de axilización da dependencia e a repotenciación eólica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025



4.6 35078 (12/PNP-002592)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa propiedade e cos usos do pazo de Montesacro, sito en Cambados

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

Punto 5. Interpelacións**5.1 14110 (12/INT-000622)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as ratios de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f2, do 13.11.2024

5.2 33985 (12/INT-001227)**Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de atención sanitaria ás persoas maiores, singularmente nas provincias máis envellecidas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

5.3 34697 (12/INT-001261)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a orientación e a xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención ás vítimas de violencia sexual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 35754 (12/POPX-000055)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre as políticas que prevé desenvolver o Goberno galego para afrontar as situacións de desigualdade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f3, do 08.10.2025

6.2 35755 (12/POPX-000056)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as razóns de que a Xunta de Galicia non detectase a situación en que estaba a vivenda comunitaria Jardín, residencia de maiores localizada en Amoeiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f3, do 08.10.2025



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 34837 (12/PUP-000144)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre o anuncio do Goberno de España referido á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a normativa galega que regula o plan de axilización da dependencia e da discapacidade ou a repotenciación dos parques eólicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f3, do 01.10.2025

7.2 35744 (12/PUP-000150)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

sobre a postura do Goberno galego en relación coa intervención do Estado de Israel en Gaza.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

7.3 29308 (12/POP-004371)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis

Sobre a situación e as perspectivas da Formación Profesional en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 05.08.2025

7.4 33478 (12/POP-004830)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das medidas destinadas á mellora da atención educativa ao alumnado, especialmente daquelas que posibiliten atender a diversidade dentro das aulas

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025

7.5 29025 (12/POP-004264)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do ditame motivado da Comisión Europea no que advirte da ilegalidade da prórroga da concesión da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 227, do 04.08.2025

7.6 32923 (12/POP-004775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación do Centro de Saúde de Ribeira canto á súa dotación de persoal facultativo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025



7.7 34351 (12/POP-004957)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade en relación co remate das obras do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

7.8 35743 (12/PUP-000149)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma**

Sobre a postura do Goberno galego en relación coas políticas relativas á interrupción voluntaria do embarazo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f3, do 08.10.2025

7.9 34786 (12/POP-005015)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da posibilidade de exercer o dereito de tanteo e retracto sobre o pazo de Montesacro, en Cambados, para incorporalo á tutela pública como parte do patrimonio histórico galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as políticas que prevé desenvolver o Goberno galego para afrontar as situacións de desigualdade en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)

Réplica do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns de que a Xunta de Galicia non detectase a situación en que estaba a vivenda comunitaria Jardín, residencia de maiores localizada en Amoeiro. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 21.)

Declaración institucional

O presidente le unha declaración institucional, por proposta da Liga Reumatolóxica Galega, sobre o Día Mundial da Dor, que é aprobada por asentimento. (Páx. 23.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos fallos rexistrados no uso das pulseiras telemáticas para a protección das vítimas de violencia de xénero. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Paula Prado del Río (P).* (Páx. 25.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Paloma Castro Rey (S).* (Páx. 30.)

A deputada Paula Prado del Río (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 33.)

A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) pide a palabra e intervén, con base no artigo 76.1, por considerar que no discurso da deputada Paula Prado del Río (P) se manifestaron inexactitudes. (Páx. 34.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Paula Prado del Río e dez deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa das iniciativas que impulse a Xunta de Galicia fronte aos recursos de inconstitucionalidade interpostos polo Goberno central contra o Plan de axilización da dependencia e a repotenciación eólica. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *José Alberto Pazos Couñago (P).* (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Patricia Iglesias Rey (S)* (Páx. 38.) e *Xosé Luís Bará Torres (BNG)* (Páx. 41.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 44.)

O deputado José Alberto Pazos Couñago (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 44.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa propiedade e cos usos do pazo de Monte-sacro, sito en Cambados. (Punto cuarto da orde do día.)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 46.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *María Montserrat Prado Cores (BNG).* (Páx. 46.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Paloma Castro Rey (S).* (Páx. 49.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 51.), *Raquel Arias Rodríguez (P).* (Páx. 51.)

A deputada María Montserrat Prado Cores (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 53.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego respecto da tramitación dunha nova lei de Administración local de Galicia: *rexeitada por 23 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre os obxectivos e as liñas de actuación que a Xunta de Galicia debe ter en conta para configurar un plan integral de protección, restauración, reconstrución e reactivación das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais de agosto de 2025: *rexeitada por 14 votos a favor, 39 votos en contra e 9 abstencións.* (Páx. 56.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir unha avaliación rigorosa dos requisitos medioambientais, económicos e sociais dos plans industriais estratéxicos (PIE): *rexeitada por 9 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 56.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos fallos rexistrados no uso das pulseiras telemáticas para a protección das vítimas de violencia de xénero: *aprobada por 40 votos a favor, 9 votos en contra e 13 abstencións.* (Páx. 56.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Paula Prado del Río e dez deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa das iniciativas que impulse a Xunta de Galicia fronte aos recursos de inconstitucionalidade interpostos polo Goberno central contra o Plan de axilización da dependencia e a repotenciación eólica: *aprobada por 39 votos a favor, 22 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 57.)

A deputada María Montserrat Prado Cores (BNG) intervén para poñer de manifesto que acepta o punto 2 como de adición, na proposición non de lei que se vai votar a seguir. (Páx. 57.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa propiedade e cos usos do pazo de Montesacro, sito en Cambados: *rexeitado por 23 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Interpelación das deputadas Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as *ratios* de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Olalla Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 58.)

Resposta da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez).* (Páx. 61.)

Réplica da autora: *Olalla Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez).* (Páx. 66.)

Interpelación do deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de atención sanitaria ás persoas maiores, singularmente nas provincias máis envellecidas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Armando Ojea Bouzo (M).* (Páx. 67.)

Resposta da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño).* (Páx. 69.)

Réplica do autor: *Armando Ojea Bouzo (M).* (Páx. 72.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño).* (Páx. 73.)



Interpelación das deputadas Noa Olalla Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a orientación e a xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención ás vítimas de violencia sexual. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Noa Olalla Presas Begantiños (BNG)*. (Páx. 75)

Resposta da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 78.)

Réplica da autora: *Noa Olalla Presas Begantiños (BNG)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 83.)

Suspéndese a sesión ás dúas e nove minutos da tarde e retómase ás catro.

Pregunta da deputada Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o anuncio do Goberno de España referido á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a normativa galega que regula o plan de axilización da dependencia e da discapacidade ou a repotenciación dos parques eólicos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *José Alberto Pazos Couñago (P)*. (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 86.)

Réplica do autor: *José Alberto Pazos Couñago (P)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 88.)

Pregunta da deputada Iria Taibo Corsanego, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego en relación coa intervención do Estado de Israel en Gaza. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Iria Taibo Corsanego (BNG)*. (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 90.)

Réplica da autora: *Iria Taibo Corsanego (BNG)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 92.)

Alteración da orde do día

A presidenta (María Elena Candia López) anuncia unha alteración da orde día consistente en adiantar a seguir a formulación da pregunta que figura na orde do día como punto 7.5. (Páx. 93.)

Pregunta do deputado Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do ditame motivado da Comisión Europea no que advirte da ilegalidade da prórroga da concesión da AP-9. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Roberto Rodríguez Martínez (P)*. (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 94.)

Réplica do autor: *Roberto Rodríguez Martínez (P)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 96.)



Pregunta das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Sanidade en relación co remate das obras do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 100.)

Pregunta das deputadas Rosana Pérez Fernández e María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do Centro de Saúde de Ribeira canto á súa dotación de persoal facultativo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Rosana Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 102.)

Réplica da autora: *Rosana Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 104.)

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura do Goberno galego en relación coas políticas relativas á interrupción voluntaria do embarazo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 107.)

Réplica da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 108.)

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da posibilidade de exercer o dereito de tanteo e retracto sobre o pazo de Montesacro, en Cambados, para incorporalo á tutela pública como parte do patrimonio histórico galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 112.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 112.)

Pregunta da deputada Cecilia Vázquez Suárez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación e as perspectivas da Formación Profesional en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Cecilia Vázquez Suárez (P)*. (Páx. 114.)



Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 114.)

Réplica da autora: *Cecilia Vázquez Suárez (P)*. (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 116.)

Pregunta da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das medidas destinadas á mellora da atención educativa ao alumnado, especialmente daquelas que posibiliten atender a diversidade dentro das aulas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *María Cristina Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 118.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 119.)

Réplica da autora: *María Cristina Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 120.)

Remata a sesión ás cinco e corenta e oito minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bo día.

Reanudamos a sesión.

Saudamos hoxe os invitados que se atopan na tribuna de invitados, entre eles están membros da Liga Reumatolóxica, que asistirán á lectura institucional que imos facer despois.

E, sen máis, comezamos coas preguntas para resposta oral do presidente, que é o punto 6.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as políticas que prevé desenvolver o Goberno galego para afrontar as situacións de desigualdade en Galicia

O PRESIDENTE: Señor Besteiro, felicitámonos pola súa recuperación.

Ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e tamén aos convidados nesta sesión plenaria.

Señor Rueda, voulle dar dúas cifras. A primeira é a renda media familiar aquí, en Galicia, que vén a ser, como sabe —ou debería saber—, un 13 por cento máis baixa que a media do resto das comunidades autónomas, o cal indica que temos menor riqueza —este é un dato obxectivo—. E hai un segundo dato que fai mención á concentración da riqueza aquí, en Galicia, que é que o 1 por cento da poboación en Galicia é titular do 29 por cento —preto do 30 por cento— da riqueza de Galicia. Por tanto, é evidente que hai unha enorme desigualdade na distribución da riqueza no noso país. Estamos no número dous do *ranking* de desigualdade. Soamente nos supera —¿quen?— a Comunidade Autónoma de Madrid, que leva a palma e a coroa en ser a comunidade autónoma máis desigual na distribución de riqueza.

Por tanto, nese sentido, somos menos ricos, e a riqueza está peor repartida aquí tamén, en Galicia. E, se falamos de repartición de riqueza, de desigualdade, temos que falar tamén de dependencia, que é onde esa desigualdade se materializa dunha forma tan clara e tan evidente.

O último dato de espera para recibir a resposta da súa Administración, da Xunta de Galicia, para dependencia, que coñecemos en setembro —349 días—, non é un dato para votar cohetes nese sentido. É de case un ano, o dobre do prazo legal. E, ademais, se pensamos, vemos que dende o ano 2017 —sen irnos máis lonxe— 6.500 galegos e galegas morreron sen obter unha resposta, esperando unha resposta da súa administración, en relación coa solicitude de dependencia. Realmente este é un dato absolutamente dramático.

Falamos de desigualdade e falamos de dependencia, e falando de dependencia e de desigualdade, temos que falar indefectiblemente do servizo de axuda no fogar, ese servizo que está



colapsando, que está asfixiando economicamente os concellos; concellos que, como moi ben sabe vostede, teñen a obriga de prestar o servizo, pero non teñen a obriga de financialo. E, nese sentido, moitos concellos xa están licitando ese servizo por riba deses 22 euros de media, dos que soamente aporta 5 a Xunta de Galicia con fondos propios.

A realidade é que no último ano 350 millóns tiveron que saír das arcas municipais, cando, como vostede sabe, a obrigación non é dos concellos, senón que é da Administración que vostede representa. Son 26.000 usuarios, e hai risco de que no futuro cada vez sexa máis crecente e ese servizo estea absolutamente en perigo polo seu colapso.

Pense vostede nos concellos grandes. O esforzo é enorme, sen lugar a dúbidas, pero pense nos pequenos. A inmensa maioría dos concellos de Galicia, eses concellos como Vilalba ou como Xermade, destinan o 25 por cento do seu orzamento a financiar o servizo de axuda no fogar. ¡O 25 por cento do seu orzamento! Así é imposible prestar ese servizo.

Vostede fai imposible, e para o futuro fai inviable economicamente, que ese servizo de dependencia básico se preste en condicións como marca a lei: financiado pola Xunta de Galicia e prestado polos propios concellos.

Eu pídolle que non mire tanto para ese 1 por cento dos galegos aos que vostede lles baixa ano a ano os impostos e pense máis na xente que necesita deses servizos públicos. Cumpra cos concellos, cumpra coas persoas, cumpra coa lei e pague o que debe. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Besteiro, é que deixou varias perlas, e contestalas todas... ¡A ver se son capaz!

A primeira é fantástica. Hai obrigación de prestar servizo, pero non hai obrigación de financialo. Ou sexa, nós iso podemos dicilo tamén a partir de agora: temos obrigación de prestar a sanidade, pero non temos por que financiala; temos obrigación de prestar educación, pero non temos por que financiala; temos a obrigación de prestar servizos sociais, pero non temos por que financiarlos... ¡Está moi ben! Eu vólvolle recordar, señor Besteiro, que é unha Lei de servizos sociais do Bipartito quen establece a obrigación de prestar e de financiar os servizos, por moi enfadado que vostede se poña. *(Aplausos.)* ¡Isto é así! ¡Isto é así!

Encántame que colla o exemplo da dependencia e nos diga que paguemos o que debemos, e que nolo lo diga ao Goberno galego, que está asumindo case o 20 por cento do que non paga o Goberno central e o 20 por cento do que nos debe dende hai moitísimo tempo; algúns anos, máis do 20 por cento. ¿Sabe canto vai acumulado? 2.500 millóns. Se quere, díggollo en lin-



guaxe socialista, jeh!: son 5 millóns de chistorras, 12 millóns de soles ou 25 millóns de leigtugas, para que o entenda mellor. *(Risos.) (Aplausos.)* Transmítalle ao señor Sánchez que lle debe a Galicia 5 millóns de chistorras; chistorras das de verdade, non das que di o señor Ábalos, máis ben das que son de verdade. E, entón, ao mellor, equilibramos.

Mire, fala de que hai xente esperando polo servizo de dependencia. Eu supoño que vostede é consciente de que o Goberno central —que vostede apoia, adora e xustifica en calquera cousa; niso si que é o auténtico campión do club de fans— acaba de recorrernos o Plan de choque, que xa introduciu no sistema case 30.000 persoas en só un ano. ¿Sabe canto van ter os orzamentos do ano que vén para cubrir esas novas persoas introducidas no sistema da dependencia e que, polo tanto, xa poderán cobrar? Case 90 millóns, 88 millóns de euros. ¿Sabe canto tiña que pagar o Goberno central deses 88? A metade. ¿E sabe canto vai pagar? Moitísimo menos.

Polo tanto, ¿de que estamos falando? ¿Cal é a razón para que se recorrera iso? ¿Que é o que lle molesta ao señor Sánchez, que é o que lle molesta ao Partido Socialista e, por suposto, ao Bloque que os apoia —e nada dixo diso— para ter que recorrer ese Plan de choque que está introducindo todos os días centos de persoas no sistema da dependencia e que empezan a cobrar?

Mire, eu non teño moita esperanza de que vostede inflúa algo no presidente do Goberno —deféndeo a cambio de nada—, pero, se tivese algunha capacidade de influencia, a ver se lle pode dicir que, xa que non vai desbloquear os pagos do que nos debe, polo menos que non bloquee os nosos pagos e que deixe que eses galegos que están no sistema da dependencia poidan cobrala.

Dende o principio dixemos que había que mellorar niso, e fixémoslo durante todo este ano: máis de 20.000 persoas incorporadas en poucos meses e 90 millóns de euros para pagarlles. E iso parécelle mal ao Goberno central e, por suposto, a vostede, que todo llo xustifica.

Mire, se quere falar de igualdade, fale en serio; se quere falar de igualdade, sexa vostede valente e transmítalle isto ao presidente do Goberno.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Vaiamos por partes, entón.

A primeira posición é sobre ese recurso de inconstitucionalidade que plantexa vostede. Bueno, a cuestión é: se esa lei se aplica desde o 1 de xaneiro —como lle gusta a vostede pre-sumir tanto dos orzamentos que se aplican o 1 de xaneiro— e estivo en aplicación esa lei —



que, por certo, non está suspendida aínda; o Tribunal Constitucional non se pronunciou sobre a suspensión desa Lei de medidas urxentes o 31 de decembro, quero entendelo—, entón, ¿que estiveron facendo durante estes dez meses para ter eses datos en setembro de 349 días de espera?

Non estiveron facendo nada. ¿De que cifras viñamos, señor presidente?, ¿do triplo de tempo de espera? ¿Esa era a súa xestión con máis medios ou simplemente se trataba de axilizar o procedemento? Por tanto, carece de razón no que di vostede. Durante dez meses esa lei está en aplicación; hoxe aínda está en aplicación. Por tanto, esa non é a desculpa para garantir os tempos de espera.

Segundo, mire, vén aquí e fala de 2.500 millóns de dependencia, que lle debe o Estado. Vén aquí, pero non trae ningún papel, non trae ningunha documentación sobre as partidas presupostarias das que estabamos falando. E o que é máis importante... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non, nunca veu aquí coa documentación, nunca veu coa documentación de que anualidades son e desde cando se debe. Bueno, ao mellor, levamos unha gran sorpresa se vemos desde cando non se debe.

A cuestión non é esa. Eu creo que non é verdade o dos 2.500 millóns. Bueno, vostede pode estar na crenza de que é certo e traer aquí esa débeda de 2.500 millóns, que xa veremos canta parte é do SAF e canta parte é do outro, e se é realmente existente, pero o que ten que facer vostede cando lle deben é reclamar xudicialmente. Vostede traía aquí esa documentación, explíquenos esa débeda e nós imos apoialo. (*Aplausos.*) Por certo, como imos apoiar as decisións dalgúns concellos, dos concellos que queiran reclamar polo que non deben pagar. Porque vostede sabe coma min que eles teñen a obrigação de prestar o servizo, pero non teñen a obrigação de financeiro. Iso é o que din os textos lexislativos, o que din as leis. A vostede iso impórtalle pouco. Pero, en todo caso, se ten valor e trae a información, nós imos defender esa reclamación xudicial. Porque, se se lle debe, o xusto é reclamálo, non quedar calado. Porque, se non, é participe dunha fraude. Cando a un se lle debe, debe reclamar, e se non lle fan caso, debe reclamar xudicialmente.

¿Vaino facer, si ou non? Pague ou reclame, porque o resto é unha estafa. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Señor Besteiro, ¡vaia papelón, de verdade! É que eu me poño na súa pel e ter que defender calquera cousa que faga o Goberno de Pedro Sánchez, incluso isto, ten que ser difícilísimo. Hai que ser todo un campión para poder facelo. Maniféstolle a miña admiración, ao mesmo tempo que a miña preocupación como galego.

Ou sexa que, se queremos que o Goberno cumpra a lei, o que temos que facer é reclamálo xudicialmente. Claro, porque o Goberno, se non lle obriga un xuíz, non ten por que cumprir a lei, non está disposto. (*Aplausos.*) Iso é o que vostede acaba de dicir. Primeira, apuntámola:



se se quere que Pedro Sánchez cumpra as leis, teno que obrigar un xuíz. ¡Vánselle acumular as causas xudiciais a Pedro Sánchez! ¡Bastantes ten, eh! Se quere, mandámoslle unha máis.

Despois dime que a lei aínda non está suspendida, como se fose un mérito. Oia, pero ¿pediron a suspensión? Eu dígolle unha cousa: se o Tribunal Constitucional, a petición de Pedro Sánchez, acorda a suspensión, quere dicir que de repente... Mire, voulle dar un dato: das máis de 20.000 persoas que se introduciron no Plan de choque, que vai supoñer 80 millóns a maiores no orzamento 2026, ¿xa non podemos meter máis e non cobran? ¿Vostede que vai dicir? ¿Vaise opoñer a ese recurso? Ata agora non dixo nada. Se se suspende e temos que pagar o Plan de choque e non introducir a ninguén máis, ¿que lle vai dicir vostede a esa xente? ¿Está de acordo ou non?

O seu único argumento é: non, mentres non está suspendido, cúmprase... Nós si que temos que cumprir a lei, pero o seu xefe, non.

Por certo, mire, é que nin sequera é certo iso de que —que é moi triste, jeh!, toda unha declaración de intencións— haxa que ir á xustiza para que o Goberno do noso país cumpra a lei. Pero aos vascos non lles fixo falta; ben que os obrigou o lehendakari a firmar 50-50, e si que o firmaron, porque aí lles convén, porque o desprezo que lle teñen a Galicia non llo teñen a quen lle permite pasar uns días máis na Moncloa. *(Aplausos.)* Señor Besteiro, e vostede defende iso.

Outra perla. Dime que eu sempre falo dunha débeda de 2.500 millóns de euros aquí, nas preguntas, e que durante dous minutos e medio non lle traio papeis. Se quere, o próximo día veño, cruzo ao seu escano, vémosto entre os dous e despois diso imos —como sempre lle digo— á Moncloa os dous —a ver o respecto que lle teñen—, e, cando saia a cifra neta do que nos deben, non volvemos ata que nolo paguen. ¿Quen lle parece, señor Besteiro? ¿Que lle parece? O próximo día —se lle parece, señor presidente—, non hai preguntas; eu vou ao escano do señor Besteiro e cotexamos os papeis —nova modalidade parlamentaria da sesión de control—. Pero, ¿dáse conta dos disparates que di vostede, señor Besteiro? Ten a documentación á súa disposición. O Goberno sabe de sobra que nos adebeda estas cantidades, e é tan certo como que o País Vasco lle obrigou a que llas pagara, porque eles si o poden chantaxear. *(Aplausos.)*

Señor Besteiro, mire, ¡hai tantos exemplos de desigualdade! Desigualdade é pretender que os galegos paguemos a débeda das comunidades que derrocharon, que paguemos 220 euros cada galego, e que lles paguemos a escote a débeda a outras comunidades autónomas; desigualdade é que esteamos pagando a educación infantil gratis en Galicia e que Pedro Sánchez siga incumprindo a gran promesa —da súa sesión de investidura— que ía asumir el; desigualdade é que nos sigan tomando o pelo coa AP-9 —onte foi a cuadraxésima quinta vez que vostedes volveron prorrogar o debate de transferencia, tomándonos o pelo e con promesas sempre baleiras, que non se cumpren—; desigualdade é como queren deixar as liñas de autobuses e deixar illados un montón de concellos galegos —e vostede non di nada—; desigualdade é que queren deixar toda unha provincia desconectada simplemente por motivos partidistas da potencia eléctrica; desigualdade son tantas cousas, señor Besteiro, que vostede defende como club de fans, que...



Mire, eu teño un medo realmente —e xa llo dixen outras veces—. É tan descarado e tan evidente o seu papel que se vai dar conta ata o seu partido, ata os seus xefes; e un día farán a relación entre a súa actitude servil de xustificalo todo e o descenso en picado das expectativas electorais do Partido Socialista en Galicia. E eu aí teño un medo, teño medo de que o cambien. Iso non sería bo para vostede, pero pódolle asegurar que tampouco para nós. *(Aplausos.)* Se o van cambiar..., *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Eu comprométome tamén a ir con vostede á Moncloa dicirlle ao presidente do Goberno que vostede está encantado en Galicia e que nós con vostede, tamén. *(Aplausos.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns de que a Xunta de Galicia non detectase a situación en que estaba a vivenda comunitaria Jardín, residencia de maiores localizada en Amoeiro

O PRESIDENTE: Ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señor Rueda, onte coñeciamos o peche dunha residencia en Xinzo de Limia porque as persoas estaban mal atendidas. Non temos máis datos porque o seu goberno oculta as actas de inspección. Hai uns días soubemos con absoluto espanto que un grupo de persoas maiores vivían en condicións deplorables nunha residencia en Amoeiro. Estamos falando de anciáns desnutridos que nalgúns casos levaban unha semana sen bañarse, que levaban un ano sen cortar o pelo ou que tiñan as uñas sucias, torcidas e rotas. Este centro levaba anos acumulando irregularidades e inspeccións da Xunta. ¿Como é posible que non tomasen antes nin unha medida para garantir a situación das persoas maiores en Amoeiro? E, sobre todo, señor Rueda, ¿como é posible que aínda non cesase a súa conselleira de Política Social por permitir semellante infamia? *(Aplausos.)* Falamos de anciáns desatendidos en situacións indignas en centros que deberían de garantir o seu coidado, o seu respecto e a súa seguridade. Pero no seu modelo privatizado son tratados como números no negocio da vellez.

A pregunta que nos facemos, señor Rueda, é: ¿cantos Amoeiros máis hai en Galiza esperando saír á luz? ¿Cantos máis, señor Rueda?

As persoas maiores teñen dereito a unha vellez digna, a poder estar na súa casa, se o necesitan, con todos os coidados. Pero, cando isto non é así, hai que garantirlles unha residencia onde estean atendidos en condicións de dignidade. A realidade é que o seu goberno está con-



vertendo as residencias nun perigo para as persoas maiores; si, nun perigo, tanto por acción como por omisión. Por omisión, como no caso de Amoeiro, onde vostedes pasaron anos mirando para outro lado, a pesar das denuncias e a pesar das inspeccións. E por acción, cando vostedes envían ás residencias a pacientes psiquiátricos ou drogodependentes sen contar co persoal especializado para poder atendelos. A consecuencia deste tipo de accións o que fai é poñer en perigo tanto a vida das persoas usuarias das residencias como das propias traballadoras e traballadores destes centros. E isto, señor Rueda, non o di o BNG, acaba de denunciálo a Inspección de Traballo nun informe demoledor, despois de visitar a segunda residencia máis grande de Galiza. A Inspección de Traballo alerta de risco mortal —¡risco mortal, señor Rueda!— nas residencias de anciáns onde a Xunta aparca pacientes psiquiátricos. É o titular que podíamos ler este domingo en *elDiario.es*.

Estamos falando de algo moi serio. Estamos falando de persoas que poderían ser as nosas nais, os nosos pais, os nosos avós ou as nosas avoas, e vostedes teñen que garantirlles unhas condicións de vida dignas. Por iso, señor Rueda, pregúntolle: ¿vai rectificar ou vai permitir continuar cun modelo que pon en risco as persoas maiores? (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, mire, estes días, cando vin que vostede non aparecía na foto con Bildu, pensaba darlle a noraboa, aproveitando a sesión de control e dicirlle: bueno, por fin entendeu que non pode estar todo o día ás ordes da ala máis radical de quen manda no Bloque. Pero, escoitándoa, vexo que non hai razóns para darlle a noraboa; é o de sempre. As ordes da UPG xa as coñecemos ben, son: tensión, conflito, crónica negra de Galicia por sistema e algarada. E vostede séguelas ao pé da letra. Está claro que todo o que se di de que ten que facer neste momento especiais méritos diante deles é certo. E eu láméntoo moitísimo porque podía ter outra actitude, pero o certo é que incluso, botando a vista atrás, se ve que é imposible.

Hai unhas semanas vostede facía unha pregunta aquí, no Pleno do Parlamento, sobre a violencia das mulleres e dicía que a nós non nos importa a violencia contra as mulleres porque as mulleres non son futbolistas, e quedou tan tranquila —está no *Diario de Sesións*—. Despois trouxo outra pregunta sobre a morte dunha traballadora social do SAF a mans dunha persoa enferma mental e facía unhas insinuacións miserables. E agora volve ao mesmo, a facer insinuacións. ¿De que nos acusa exactamente? ¿Que é o que quere dicir sen dicilo? ¿Que é o que quere transmitir, cumprindo a instrución dos seus verdadeiros xefes? Un pouco de pudor, señora Pontón, que estamos a punto de aprobar o orzamento. Diso non lle interesa falar, por suposto.

Por certo, falaba o señor Besteiro de igualdade e, mire, eu voulle dar un exemplo, xa que non lles importa en absoluto nin lles vai importar e xa decidiron, sen coñecelo, que o orzamento —aprobado outra vez en tempo e forma— non vale absolutamente para nada; voulle



dicir que nós seguimos traballando, e xa o iremos desglosando. Pero, mire, un anuncio importante: 3 millóns de euros para que os pais con fillos en ensino primario poidan ter menos gastos nos comedores que xestionan as ANPA, os concellos, as entidades sen ánimo de lucro e os colexios concertados. *(Aplausos.)* Xa sei que lles dá exactamente igual, pero é que nós non nos dedicamos a isto, señora Pontón, dedicámonos a traballar. E precisamente do traballo vén que vostede poida facer esta pregunta. Oia, isto vén en virtude dunha inspección. ¡É que a Xunta de Galicia inspecciona!, fai máis dun milleiro de inspeccións ao ano. No caso concreto de Amoeiro houbo varias inspeccións e requirimentos de mellora; e, como non os cumpriron, peche inmediato, actuando con contundencia, con profesionalidade e con rigor. E por suposto que ten que actuar a Fiscalía se o estima oportuno e por suposto que ten que actuar e Inspección, a Inspección de Traballo, pero nós xa actuamos.

Se a insinuación é que os inspectores da Xunta, da Consellería de Política Social, non fan o seu traballo, pois vostede está facendo o de sempre: poñendo en dúbida... *(A deputada Ana Belén Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, señora Pontón, é o que está poñendo en dúbida. Ou o que está poñendo en dúbida son os propios traballadores destes organismos que estamos inspeccionando, que como moito, son entidades privadas: pois se son entidades privadas, fan mal o seu traballo e non lles importa absolutamente nada, e tapan os seus xefes. Son insinuacións típicas do Bloque. ¿Estase referindo a isto?

Señora Pontón, xa a coñecemos —comprendo que estea buscando unha expectativa laboral, pero nótaselle moito—. Primeiro coñecemos a señora Pontón presidenta da Xunta; despois, conselleira de varias consellerías de Política Social; coñecemos a señora Pontón xuíza e fiscal; coñecemos a señora Pontón inspectora da brigada criminal; e agora coñecemos a señora Pontón inspectora de Servizos Sociais. ¿Sabe cal é o problema, señora Pontón? Que non acerta en ningún destes postos. *(Aplausos.)* Comprendo que tanto tempo de deputada —cinco lustros—, ao final, acaba encasillándote moito, pero doulle un consello: para facer calquera cousa ben e para respectar, como eu respecto, os profesionais da Xunta de Galicia e os profesionais que traen as empresas privadas hai que aplicar dúas cousas das que vostede carece: primeiro, hai que ter un pouco de humildade e hai que intentar non sentar cátedra en todo o que se di, pensando que de todo se sabe. Polo tanto, señora Pontón, un pouco de pudor e un pouco de coherencia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, a quen coñecemos moi ben é a vostede, que vén aquí sistematicamente en todas e cada unha das sesións de control a non responder a nada, a dedicarse a crear aquí unha lameira e a vir aquí insultar e ao ataque persoal. Para iso xa lle digo que non conte nin comigo nin co BNG. *(Aplausos.)* Para importar esa política cutre, xa está vostede. *(Aplausos.)*

E, ademais, señor Rueda, é que acaba de demostrar unha falta de respecto polas persoas maiores que define moi ben o que pasa na súa Consellería de Política Social. Vir aquí de-



nunciar que había maiores desnutridos durante moito tempo nunha residencia para o señor Rueda é unha algarada. ¿Que falta de respecto é esta para as persoas maiores, señor Rueda? ¿Se fose o seu pai ou a súa nai o que estivese nesa residencia viría aquí poñerse unha medalla e dicir que o están facendo todo moi ben? ¿Viría a non dar nin unha soa explicación? Señor Rueda, desde logo, é lamentable a súa intervención, *(Aplausos.)* como é lamentable a súa falta de coidado para as persoas maiores. *(Aplausos.)*

E vén aquí dicir que o fixo todo ben. Señor Rueda, quince días antes houbo unha inspección da Xunta de Galiza e vostedes miraron para outro lado. Quen entrou a pechar esa residencia foi a Garda Civil, señor Rueda, ¡foi a Garda Civil!, *(Aplausos.)* porque vostedes miraron para outro lado durante moito tempo. *(Aplausos.)* E o que lle preguntamos, señor Rueda, é: ¿onde están as actas de inspección desa residencia? ¿Por que non nolas envían a este Parlamento? ¿Que é o que teñen que ocultar, señor Rueda? E, sobre todo, ¿cantos Amoeiros máis hai en Galiza? Porque, mire, o que hai que facer é evitar que se poida chegar a esas situacións. ¿Como pode ser que vostedes pretendan dicirnos aquí que non viran nada antes de que entrara a Garda Civil? ¿Pero alguén pode crer que esas persoas podían estar desnutridas, que podían estar comendo leite con patacas como único alimento, que tiñan unha situación de desatención sanitaria e persoal e que isto é unha cousa dos últimos quince días porque a Xunta de Galiza non vira absolutamente nada?

Mire, nós claro que defendemos o traballo dos inspectores, e témolo feito moitas veces aquí. Quen non os defende é a Xunta de Galiza. Quero lembrarlle que cando os inspectores de Política Social denunciaron que había chivatazos ás residencias, o que fixo o seu goberno non foi escoitalos, o que fixo o seu goberno foi expedientar eses inspectores. *(Aplausos.)* Así é como trata vostedes os funcionarios da Xunta de Galiza. *(Aplausos.)*

Mire, o que é evidente é que estamos asistindo a unha deterioración importante dos coidados das persoas maiores, e a súa obriga é garantir unha vellez digna. Polo tanto, nós, señor Rueda, o que lle pedimos é, primeiro, que cese a conselleira de Política Social porque non está facendo o seu traballo, porque está demostrando ser e actuar con incompetencia política...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...á hora de garantir os dereitos das persoas maiores.

En segundo lugar, incrementa o número de inspectores e garanta que poidan facer o seu traballo e que non haxa chivatazos ás residencias cando as vaian inspeccionar.

En terceiro lugar, faga públicas as actas de inspeccións e as sancións ás residencias...

O PRESIDENTE: Grazas.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Esa é unha información, señor Rueda...,

O PRESIDENTE: Grazas...



ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...que ten que ser pública, para que as familias, cando leven a unha persoa a unha residencia...,

O PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...saiban cal é a situación dese centro.

O PRESIDENTE: Grazas...

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Polo tanto, señor Rueda...,

O PRESIDENTE: Señora Pontón, grazas.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...non sei que medalla se quere colgar hoxe aquí...,

O PRESIDENTE: Terminou...

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...pero o que sabemos é que hai problemas...

O PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Pontón.

(A deputada Ana Belén Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, nada novo baixo o sol. Trinta segundos de rigor é o que suele durar máis ou menos, na súa segunda quenda de intervención, o vitimismo. Sempre se sente atacada e di que eu non teño argumentos e que o único que fago é atacaba a vostede. Teño argumentos de sobra, non me fan falta en absoluto. Outra cousa é que vostede non os teña e tire sempre dese recurso. Nunca mo escoitará a min, e non será porque non me insulte. Pero eu creo que, como teño argumentos de sobra, non perdo o tempo niso. Polo tanto, eses 30 segundos de rigor e despois o de sempre: Galicia negra e falta de respecto aos funcionarios públicos.

Resulta que se a residencia de Amoeiro foi pechada —e, por certo, inmediatamente reubicados todos os residentes en prazas públicas— non foi polos inspectores, foi pola Garda Civil; *(Risos.)* polos inspectores seguirían alí todas esas persoas, segundo vostede. Mire, polo menos isto ten unha cousa boa: ver os do Bloque aplaudindo a Garda Civil, que tamén é bastante histórico. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, despois de vinte e cinco anos na oposición, algo podería ter aprendido, e non é un ataque persoal, é unha pura crónica. É que segue sen saber —porque non lle importa



en absoluto, xa que tampouco ten expectativas nunca de gobernar, polo que se ve— como funciona unha administración. Para facer un desaloxo, o lóxico é que se vaia acompañado pola forza pública.

Volvo dicir: actuouse con profesionalidade e actuouse con rigor, e eu defendo a actuación dos profesionais públicos, aos que vostede no seu conxunto sempre critica, a estes e a calquera da Xunta de Galicia. Sábeo de sobra. É un recurso que a deixará moitísimo tempo na oposición.

Claro que nos preocupamos pola xente maior, tanto que en canto se decide, en virtude das actas de inspección, que hai que actuar, actúase, como actuamos en Amoeiro ou como actuamos en Xinzo. Oxalá que non haxa que actuar noutros sitios. Desde logo, se hai que actuar, farémolo, sen ningunha dúbida.

E non me fale de humanidade, señora Pontón, ¡non me fale de humanidade! Acaban de sentarse vostedes con Bildu, que non condenan asasinatos, entre eles de moitos galegos. A humanidade tamén está aí. Acaba de defender vostede un réxime ditatorial onde hai moitos galegos que o están pasando fatal porque están na miseria, e só teñen á Xunta de Galicia. E vostedes deféndeno. Todos son fascistas: é fascista a Premio Nobel, é fascista a Academia, son fascistas os suecos... Son fascistas todos menos os do Bloque; xa sabemos como vai isto. (Aplausos.)

¡Menudos espellos nos que se miran vostedes! Díganlles aos de Bildu, cando sentan con eles de ganchete —vostede xa sei que non vai, porque, no fondo, lle dá vergonza e sabe o que hai...; si, si, claro que lle dá vergonza, por iso non foi— ... Pero díganlles aos que van que lles digan que condenen os asasinatos dos galegos polo terrorismo de ETA. A ver que lles din. E díganlle ao señor Maduro, co que vostedes falan, dese réxime ditatorial, que saque á xente da miseria e que coide os galegos, que só os está axudando a Xunta de Galicia e non teñen outros recursos. Esas si que son condicións das que vostedes tamén deberían preocuparse.

Pregúntame pola residencia de Amoeiro —e está moi ben, está no seu dereito— e pola de Xinzo, pero nada dixo deses 2.500 millóns que nos adebedan. Tampouco o dixeron —xa vimos esa mansedume en Madrid e esa bravura aquí— o outro día con Pedro Sánchez. Nada dixo, ¡non vaia ser que moleste! ¡Non lles fan ningún caso! ¿Sabe vostede cantas prazas en residencias públicas se podían facer con 2.500 millóns? Pero iso non o vai facer nunca, porque vostedes, xa sabemos, nas listas, con Bildu, co Goberno da chistorra e cos que tratan as mulleres como mercancía sempre que poden. Ese é o Bloque de verdade. E despois vén aquí vostede e durante dous minutos e medio fai esta *performance*; é unha *performance* absolutamente. (Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) E se se ofende, señora Pontón, é o seu problema. Eu cóntolle a verdade, nada máis que a verdade.

Mire, volvendo á pregunta do señor Besteiro, de igualdade, que tamén ten que ver co que vostede me pregunta, eu recoñezo que o señor Sánchez non lle fai caso a Galicia, ao que lle piden os galegos; pero polo menos é igualitario en que tampouco lles fai ningún caso a vostedes. Iso si, hai unha diferenza falando de igualdade: nós non somos cómplices do peor goberno da historia e vostede ampárao, xustifícao e sosteno.



Insisto, e direino moitísimas veces, tamén para falar das condicións dos servizos públicos en Galicia: imos aprobar o orzamento outra vez en tempo e forma, e iso vai permitir que os servizos públicos funcionen. Vostedes sigan...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): ...cos seus espellos de sempre, retratándose, que a sociedade galega todo isto o está mirando. E esa risita delátala máis que nunca.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Declaración institucional

O PRESIDENTE: Como comentei antes, vou proceder á lectura da declaración institucional. É unha proposta que nos fai a Liga Reumatolóxica Galega con ocasión do Día Mundial da Dor, que se celebrará o próximo día 17, e que di:

«Galicia é, con orgullo, unha terra pioneira no recoñecemento e na atención específica da dor; un esforzo que debemos celebrar, pero que non podemos dar por rematado. Hoxe a dor require unha visión máis ampla: unha estratexia transversal que impregne as políticas de educación, emprego e acción comunitaria.

Porque a dor non é só un síntoma, é unha experiencia que marca a vida dunha de cada tres persoas en Galicia. E hai quen a vive con maior vulnerabilidade: persoas neurodiverxentes, con trastornos psiquiátricos, con deterioración cognitiva ou con discapacidade intelectual ou comunicativa —nenos e maiores—. Para eles a peregrinaxe polos servizos é frecuente que suceda; non obstante, é clara a suposta relación, e para iso tecer redes.

Ese é o eixo nunha liña efectiva entre profesionais sanitarios, educativos, sociais e, por suposto, as asociacións de pacientes. Esta coordinación salva vidas e mellora a calidade de vida, pero require de algo fundamental, o financiamento.

Por iso, o Parlamento de Galicia aposta decididamente polos programas especializados en dor; programas que son irmáns xemelgos da saúde mental.

Facemos un chamamento á sensibilidade —neste caso á sensibilidade dos deputados—: converter a atención á dor nunha prioridade política non é un gasto, é un investimento en dignidade e benestar para toda a sociedade galega.»

Esta é declaración que a día de hoxe nos traslada a Liga Reumatolóxica. (*Apróbase por asentimento.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



E agora continuamos coa orde do día. Neste caso continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos fallos rexistrados no uso das pulseiras telemáticas para a protección das vítimas de violencia de xénero

O PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Substituír o texto do punto 4 da parte resolutiva polo seguinte:

«4.- Realizar unha auditoría en profundidade sobre os fallos e erros do Sistema Cometa na súa integridade, e en concreto sobre o período de cambio de adxudicación do servizo a outra empresa, os problemas xerados na migración dos datos, os fallos nos dispositivos de seguimento das mulleres vítimas e dos seus agresores, o universo de mulleres afectadas, as consecuencias e a incidencia nos procesos xudiciais, auditar a actuación das empresas implicadas (a saínte e a entrante) e o grao de cumprimento do prego de contratación, as medidas adoptadas nese tempo para minimizar os riscos e evitar a desprotección das mulleres, determinar a responsabilidade das empresas e concluír as sancións correspondentes.»

Emenda de adición.

Engadir catro novos puntos e un novo parágrafo ao final co seguinte texto:

«5- Incluír na revisión a necesidade de determinar se se produciu falta de coordinación ou unha ausencia de comunicación por parte das CC.AA que detectaron os fallos das pulseiras, incluída Galiza.

6.- Adoptar medidas reparadoras e de compensación para as mulleres afectadas.

7.- Analizar os erros dos dispositivos de seguimento no ámbito rural, principalmente a falta de cobertura, e os problemas derivados da proximidade entre vítima e agresor nos contornos rurais, procedendo á mellora e modernización deses dispositivos telemáticos.

8.- Avanzar cara a unha xestión pública e directa do Sistema Cometa, que actualmente depende da subcontratación do servizo de seguimento a través de empresas privadas, garantindo un Sistema Cometa seguro e fiable, con dispositivos de seguimento de calidade, dotado dos medios humanos e materiais axeitados e suficientes, e que non revitimicen as mulleres.

Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a abordar, en colaboración coa administración estatal, a atención das restantes debilidades do sistema de protección ás vítimas recollido no informe



da fiscalía, singularmente a falta de elaboración valoracións forenses urxentes de risco e psicosociais, comprometéndose ao aumento do persoal do IMELGA nos próximos orzamentos de 2026 nunha partida específica para tal efecto.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado del Río.

PAULA PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Ao longo das últimas semanas moito se ten dito e escrito sobre os fallos nas pulseiras de control de agresores sexuais e de maltratadores con ordes de afastamento, as tristemente chamadas «pulseiras antimaltrato»; uns fallos que van dende a súa manipulación por parte dos agresores ata cuestións tan simples pero vitais como son as relativas á xeolocalización, á cobertura ou á batería. Fallos que sexan do tipo que sexan, resultan en calquera caso intolerables e inadmisibles nun sistema de protección a persoas tan vulnerables como son as vítimas de violencia de xénero.

Porque estas pulseiras non son só un dispositivo electrónico, son unha ferramenta que para moitas mulleres separa a vida da morte; unha ferramenta que cando falla fai que esas mulleres volvan sentir medo. Medo como o que sentiu Paloma, unha viguesa. En Vigo, na cidade máis grande de Galicia, non no rural galego. O agresor, a pesar de ter unha orde de afastamento de 600 metros, acabou a tres metros dela porque o sistema non deu o aviso. Ou medo como o que sentía Eugenia, outra muller dunha cidade galega á que ao longo do día lle pitaba o seu dispositivo por erro e non porque o seu agresor estivera preto. Dicía: «*Mi dispositivo pitaba todos los días de día y de noche. Me generó un trastorno del sueño y necesité medicación. Si aún lo uso es para tranquilidad de mis padres*».

Esta é a realidade detrás duns fallos que, como hoxe sabemos, foron coñecidos, ignorados, ocultados e minimizados polo mesmo organismo encargado de velar por que isto non tivera que producirse nunca: o Ministerio de Igualdade. Un ministerio cuxa máxima responsable, a ministra socialista Ana Redondo, tardou medio mes en asumir estes feitos e que ata entón achacou todo isto —abro comiñas, palabras textuais da ministra— á «alarma xerada por bulos, mentiras flagrantes, falsidades e medias verdades». Só lle faltou chamar fascistas a quen puxeron enriba da mesa os erros destas pulseiras. (*Aplausos.*)

Sabendo todo o que sabemos hoxe, eu preguntome: ¿quen mentiu?, ¿mentiu a Fiscalía Xeral do Estado, as audiencias provinciais e o Consello Xeral do Poder Xudicial? Estes organismos remitiron escritos ao Ministerio informando da desprotección que os fallos estaban xerando ás vítimas e das absolucións a agresores que estaba provocando. ¿Mentiron os traballadores do Cometa, que avisaron de que algo non cadraba en canto puxeron a funcionar o novo sistema? ¿Mentiron quizais as actas das reunións do Ministerio de Igualdade coa empresa concesionaria, nas que ambos recoñecen que se estaban dando deficiencias na prestación do servizo? Aquí o único que mentiu foi o Goberno de España, o Goberno socialista de Pedro Sánchez. (*Aplausos.*) Iso si, amparado polo Bloque Nacionalista Galego, que hoxe na sesión de control pediu o cese dunha conselleira e non foi capaz de votar a favor do cese da ministra



de Igualdade. (*Aplausos.*) Señorías, hai dereitos das mulleres que son dereitos de segunda — para o Bloque Nacionalista Galego — e dereitos de primeira. Si, si, votaron; abstivéronse no Congreso e votaron en contra no Senado, señorías. Dígollelo porque parece que poñen cara de estrañeza.

Aquí —insisto— o único que leva anos mentindo é o goberno que presumía de ser o máis feminista, cando, en realidade, é o goberno máis lesivo para os dereitos das mulleres.

Porque, miren, o das pulseiras, é só unha gota máis no vaso que está desbordando. E digo, primeiro, que nada máis chegar á Moncloa Pedro Sánchez tiña enriba da mesa un Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobado no 2017 polo Goberno de Mariano Rajoy — si — e con orzamento suficiente para cumprilo. ¿E que fixo o Goberno de Pedro Sánchez? Incumprilo; incumprilo e non poñer en marcha medidas tan importantes como algunhas das que lles vou relatar. Non teño tempo para todas as que están incumpridas, pero si para algunhas importantes, e digo algunhas importantes porque nesta Cámara se fixo unha aportación a ese pacto, e estas medidas estaban contidas nel e non foron cumpridas; por exemplo, suprimir do Código penal as atenuantes de confesión e de reparación do dano en caso de violencia de xénero; introducir na Lei de axuízamento criminal criterios de risco que impidan que poidan diminuír as ordes de protección; ou eliminar a exixencia de fianza para que as asociacións poidan personarse nos procedementos de violencia de xénero. Case todas as medidas que están incumpridas son e dependen do Ministerio de Xustiza; un ministerio que non tivo tempo nestes anos para protexer as vítimas de violencia de xénero, pero si para protexer o contorno político e familiar de Pedro Sánchez, cunha indiferenza que chega ata o punto de que están dispostos a desprotexer as vítimas —aínda moito máis— só para protexer a muller do presidente. Porque non sei se saben que a figura da acusación popular que pretenden introducir na denominada «Lei Begoña», señorías, é fundamental en casos de violencia de xénero para perseguir delitos cando a vítima non pode ou non quere facelo.

Non satisfeitos con iso, en 2022 cometeron a maior infamia de todas: a aprobación da Lei do «só si é si». Xa sabemos todos os miles de agresores sexuais que se viron beneficiados por esa lei. Algúns saíron á rúa antes de tempo e outros, señorías, rebaixaron as súas condenas; iso si, os xuíces que a aplicaban eran fascistas. E logo, en 2023, chegaría a Lei trans, que vai tan en contra das mulleres que ata cuestiona o propio concepto de muller. Ambas as leis foron aprobadas; por certo, co voto cómplice do Bloque Nacionalista Galego, cuxo feminismo remata onde empezan os intereses a favor das asociacións que están a favor da xestación subrogada. (*Aplausos.*) ¿Non si, señora Presas? Cóntenos aquí por que deixou de ir vostede ao Congreso de Activismo Feminista Galego; porque recibiu un correo electrónico da activista Cristina Palacios (*A deputada Paula Prado del Río mostra unha fotografía.*) no que lle dixo que non estaban representadas as mulleres que ela consideraba oportunas. ¡Alá vos tede!

E, falando diso, tampouco podemos esquecernos da particular cruzada do sanchismo contra as mulleres que queren ser nais en contra das familias; por unha banda, fomentando a discriminación laboral das mulleres embarazadas, ao eliminar a bonificación pola súa substitución e negarse a aplicar deducións fiscais para a contratación; e, por outra, poñendo trabas á conciliación, primeiro coa Lei de paridade, que permitiu ás empresas despedir os empre-



gados que soliciten permisos de conciliación familiar, e logo, este mesmo ano, co recorte do financiamento do Plan Corresponsables, que pon en perigo os servizos de conciliación, como poden ser os campamentos de verán ou o servizo de madrugadores. Logo reúnanse coas ANPA e explíquenlles que os recortes veñen do señor Pedro Sánchez e do Plan Corresponsables. (Aplausos.)

E todo isto ao tempo que recortaban tamén en seguridade, con máis de mil efectivos menos de policía nacional e gardas civís nas rúas e comisaría, cunha *ratio* dun axente por cada 206 vítimas de violencia de xénero en Galicia.

Con todo isto, señorías, non é de estrañar que o informe máis prestixioso do mundo sobre a calidade de vida das mulleres en 177 países, o da Universidade de Georgetown, rebaixase España ao posto 27 na última edición.

Miren, cando gobernaba Mariano Rajoy, (A deputada Paula Prado del Río mostra un documento.) estabamos no posto número 5; no ano 2021, baixamos ao 14, pero é que no 2023 estamos no posto 27. Isto é grazas ás políticas de igualdade feministas da esquerda deste Parlamento, señorías, (Aplausos.) porque tanto monta, monta tanto, o PSOE como o Bloque, porque son socios de goberno en moitísimas institucións.

Eu conclúo parafraseando o comunicado que fixo público hai unhas semanas a Asociación Española de Feministas Socialistas a respecto do acontecido coas pulseiras de maltrato — abro comiñas—: «Nos sentimos defraudadas, mejor dicho, engañadas. Por eso, pedimos a la ministra Redondo que, por pudor, presente su dimisión e que otra persona con convicciones feministas y más energía para sacar adelante su trabajo coja el timón del Ministerio de Igualdad y lo salve de su deriva». Ao que eu engadiría: «Por favor e grazas».

Máis nada. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Acaban de entrar na tribuna de invitados os alumnos de 5º de primaria do centro de Figueroa, na Estrada. Dámoslles a benvida ao Parlamento a eles e a os seus profesores, que os acompañan. Benvidos.

E agora si, turno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Para iso, ten a palabra a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Antes de máis, quixera aproveitar esta primeira quenda de intervención do grupo parlamentario para expresar, en nome do BNG, o noso apoio ás xornadas de loita e mobilización que está habendo hoxe ao longo do noso país en solidariedade con Palestina e contra o xenocidio que está cometendo o Estado sionista de Israel e a súa ocupación ilegal. (Aplausos.)



Ben, antes de máis, vou responder a unha acusación directa. Señora Prado, o que dixo aquí vostede é mentira, e voullo aclarar. Eu particularmente, e o Bloque Nacionalista Galego, nunha decisión que non é individual senón colectiva e consciente, non fomos a unhas xornadas cando coñecemos o programa concreto, e non porque ninguén nos remitise un correo electrónico; non, non, senón porque fomos conscientes de que era unha xornada de branqueamento e lavado de cara, de transfobia (*Aplausos.*) consciente, fundamentada en estudos científicos que manipulan datos do Sergas e acusando directamente un colectivo. E o BNG non está para branquear a transfobia, señora Prado. Nós non renegamos da Lei trans, por suposto, nin dos seus dereitos. Nós defendemos que as mulleres trans son mulleres con todas as letras, e imos estar sempre na súa loita. Eu lamento que vostede veña aquí, a unha tribuna, a sinalar a unha cidadá cunha foto; a unha cidadá que é unha nai que loita en defensa dos dereitos da súa crianza e que representa, ademais, a unha organización que nós respectamos e admiramos, como é Arelas. (*Aplausos.*) Eu sei que vostedes botan de menos ás veces o Tribunal de Orde Pública, pero isto non é o franquismo, señora Prado, hai liberdade de expresión.

Indo ao importante, que son os recursos que temos para loitar contra a violencia machista e a súa efectividade, temos que dicir desde o BNG que o acontecido coa crise das pulseiras de protección telemática é grave; é grave e require ou requiriría de todas nós, do arco parlamentario, da sociedade e especialmente das representantes públicas, un debate á altura, un debate serio e rigoroso e que se centre no importante, que é en depurar as responsabilidades deses fallos e, desde logo, en arbitrar medidas para que non volvan repetirse. Eu lamento que, desafortunadamente, vexamos no día de hoxe cal é a estratexia do Partido Popular. Cada vez é máis imposible ter un debate racional co Partido Popular en materia de igualdade ou violencia de xénero, porque vemos que non teñen escrúpulos en acusacións aos demais, que están aboados e aboadas as *fake news*, cada vez máis nas teses da extrema dereita e que un día amparan un presunto agresor sexual no Consello da Xunta, outro día cuestionan o dereito ao aborto e outro día frivolizan coa violencia sexual e coa prostitución, etcétera. Todo ou nada centradas na mellora do sistema de protección.

Desaproveitou, ademais, vostede tempo falando doutras cuestións, en vez de desautorizar aquí o presidente da Xunta, a quen escoitamos, lamentablemente, na sesión de control volver atribuír asasinatos a enfermos mentais. Escoitamos moitas veces que os asasinatos machistas eran de enfermos mentais e non do machismo, e é lamentable que antes de que remate a investigación dun asasinato no que sabemos que a vítima denunciou unha situación de acoso sexual e que a Xunta non fixo nada para protexela xa estean poñendo a xustificación antes da depuración da investigación. É absolutamente lamentable, e nós non imos mercar ese marco da extrema dereita ao que están vostedes xa aboados e aboadas. (*Aplausos.*)

En todo caso, nós imos facer, como xa fixemos no resto de institucións, con este tema o que merece, que é tratalo coa importancia que ten. E quero insistir en que o acontecido é grave. Soubemos no Informe da Fiscalía de 2024, coñecido no mes de setembro, que había fallos, que había consecuencias dos fallos de Cometa e destas pulseiras que tiñan derivacións nos procedementos xudiciais, con sobreseimentos e con absolucións, que é algo de extrema gravidade. Quero volver remarcalo, e non se pode rebaixar: non se pode iso escudar en que non houbo, afortunadamente, ningún asasinato de ningunha muller por culpa dos fallos destas



pulseiras. Pero, aínda así, son fallos graves, e hai revitimizacións, porque estas mulleres están vendo como os seus procesos xudiciais caen abaixo e porque tamén somos conscientes de que houbo moitos fallos en materia de falsas alertas e en materia de problemas coa xeolocalización, e a todo iso súmanse problemas que xa coñeciamos, como os de cobertura, que son especialmente sangrantes neste país.

En todo caso, eu quero insistir en que, efectivamente, son problemas graves aos que non lles podemos rebaixar a súa importancia. Quero insistir tamén en que para o BNG as explicacións que deu o Ministerio de Igualdade son aínda insuficientes e, polo tanto, reclamamos —e tamén o facemos nesta emenda que presentamos— que haxa unha auditoría en profundidade sobre estes fallos, sobre o período de cambio de adxudicación e todas as cuestións que redactamos na nosa emenda para concretar o grao de cumprimento desta contratación. Pero, sobre todo, quero insistir en que é grave, porque podería terse evitado, porque os problemas coas pulseiras non se coñeceron en setembro deste ano, cando se publicou o informe da Fiscalía. Coñecemos aí as consecuencias xudiciais destes problemas, pero xa había advertidos problemas por parte das traballadoras e traballadores e tamén por parte de organizacións políticas como o BNG. Porque aquí vénse acusar o BNG non se sabe moi ben de que con moitas ínfulas, pero eu quero recordar aquí que xa en decembro de 2024 —e teño aquí as iniciativas— *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños mostra uns documentos.)* o BNG denunciou no Congreso e no Senado os fallos que estaba habendo na migración, que acrecentaban e aumentaban os fallos que había anteriormente —por certo, que eu aínda puxen de relevo nos debates que tivemos en novembro do ano pasado e que se me acusou aquí de non enterarme, que oxalá fose iso e non que estabamos denunciando a realidade—, e a min o que me chama a atención é que o BNG, que é unha forza da oposición —como tanto nos recordan— e que non goberna ningunha comunidade autónoma, coñecera algo que o Partido Popular, ao parecer, gobernando once comunidades autónomas, non coñecía, porque o Partido Popular ata o mes de setembro non presentou nin unha soa iniciativa nin no Congreso nin no Senado sobre esta cuestión. E eu preguntome: ¿a Xunta de Galiza tampouco sabía nada? ¿A Xunta de Galiza coas mesas de coordinación de violencia machista, con comunicación constante, en teoría, co sistema xudicial, non sabía nada dos fallos de Cometa e de que isto estaba pasando? ¿Que pasa?, ¿que a Xunta de Galiza é inútil, non fai o seu traballo de fiscalización e non transmite os problemas ou, peor aínda, é que o Partido Popular sabía destes problemas e esperou a empregalos como arma arreboladiza política no lugar de buscar unha solución? *(Aplausos.)* Porque calquera das dúas opcións é pésima, señora Prado.

Polo tanto, o que reclamamos nesta emenda é tamén que se fiscalice de todas as comunidades autónomas, tamén da Xunta, se fixeron o seu traballo ou se ocultaron datos e non informaron dos problemas, porque a responsabilidade é fundamentalmente do Ministerio de Igualdade e do Estado, evidentemente, pero tamén hai que depurar as outras responsabilidades colaterais.

Quero insistir tamén en que, como xa dixeran, os problemas non naceron coa nova contratación. O BNG advertiu moitos destes problemas, e a cuestión é que todo o acontecido deriva en dúas grandes conclusións: a primeira é que temos que ler todo o informe da Fiscalía; temos que ver tamén se volve insistir na necesidade de avanzar en valoracións psicosociais, en reforzalas, para poder realmente arbitrar as medidas necesarias. Polo tanto, insistimos



tamén na nosa emenda en que haxa un compromiso aí por parte da Xunta e en que se incrementen os orzamentos para o Imelga para o ano 2026.

E, en segundo lugar, o máis importante é que isto debe levarnos a outra reflexión: isto pasa cun recurso que debería ser público, que debería ser xestionado directamente por parte do Ministerio do Interior, porque afecta a seguridade e datos, confidenciais e moi sensibles das mulleres, e realmente é un servizo que está privatizado. Os problemas deste cambio de contrato veñen porque hai unha privatización nun servizo público que debería ser esencial. Polo tanto, insistimos en que isto tamén debe ser corrixido e debe ser incorporado ao sistema público.

Polo tanto, cando queiran dar debates... (*Murmurios.*) Si, claro, si debera ser un recurso público. ¿Por que non vai ser unha pulseira de control telemático xudicial un recurso público? Pois porque vostedes se dedican a privatizar os recursos públicos: centros de crise 24 horas, privatizámolos; centros de información móbiles, privatizámolos... ¿É que hai algo que non queiran privatizar, señores do Partido Popular? Está claro que non. Pero, evidentemente, ¿non confían vostedes tanto na Garda Civil, na Policía Nacional? Pois eu creo que ese recurso estaría mellor xestionado directamente a través das forzas policiais e do Ministerio do Interior ou de recursos públicos que de recursos privados. E repasen a Lei galega da violencia machista, porque tamén a Lei galega de violencia machista, no seu artigo 33, adiantándose, como en tantas cousas, ao presente, xa prevía que a propia Xunta impulsara mecanismos de control telemático e investigación na materia.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

NOA OLALLA PRESAS BERGATIÑOS: Polo tanto, insisto, cando queiran dar outra vez debates racionais e rigorosos sobre esta cuestión, estaremos. Teñen unha emenda completa de adición á súa iniciativa, con medidas ambiciosas para o Estado e para a Xunta. Digan vostedes se a aceptan ou se veñen aquí porque hoxe toca facer arma arreboladiza con isto, cando non fixeron o seu traballo anteriormente. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día, e bo día a todos os alumnos e alumnas da Estrada.

Bueno, primeiro quería sinalar un erro que detectamos. O primeiro erro desta iniciativa é xa na xustificación da urxencia, cando di que a urxencia desta iniciativa vén motivada pola extrema gravidade dunha situación que afectaba Galicia, cando, no canto disto, debería dicir que vén motivada por unha nova ofensiva de intento de derribo do Goberno lexítimo de Pedro Sánchez por parte do Partido Popular. (*Aplausos.*)

¿E cantas ofensivas levan xa, señorías do PP, señora Prado? ¿Cantas ofensivas en conseguir o obxectivo cunha imaxe cada vez máis desprestixiada, como se reflicte nas enquisas?



¿Cando aprenderán? ¿Cando aprenderán que o camiño é unha oposición responsable, con respecto institucional, e sobre todo propositiva? ¡É que levan dende o ano 2022 sen propoñer nada!, ¡nada de nada! Levan tres anos cunha sucesión de relatos delirantes, dirixidos por un PP de Madrid que fai da mentira a súa única arma política. ¡Claro, como mentir non é delito, barra libre de mentiras no Partido Popular! *(Aplausos.)*

Un comportamento deplorable, secundado por Feijóo, que obedece. Feijóo obedece coma un vasalo a liña ideolóxica cada día máis ancorada á extrema dereita, que non sabe no día de hoxe nin que alternativa ofrece a este país.

E agora, despois de moitos derrubamentos fallidos, utilizan como instrumento as vítimas da violencia de xénero; un comportamento totalmente deplorable e reprochable. Dinamitaron vostedes nestes últimos anos todos os consensos en materia de igualdade e os de avances en políticas de protección das mulleres que levou décadas construír.

Compareceu a ministra no Senado hai dúas semanas para explicar a situación. Compareceu tamén a delegada do Goberno contra a violencia de xénero, e seguen vostedes insistindo con este tema con iniciativas en todos os parlamentos autonómicos e en diferentes concellos; o que evidencia que a vostedes lles dan igual as explicacións, os datos e as respostas, porque o único que queren é continuar nesta deriva de alarma inxustificada e inxustificable.

A súa iniciativa e a súa intervención non é unha crítica técnica, nin de xestión, porque carece de todo rigor; é unha ruptura ao sentido de Estado, que sostivo sempre a política de loita contra a violencia machista e que permitiu, por exemplo, cousas como ter en Galicia unha lei do ano 2007, aprobar polo Estado a Lei de protección integral das mulleres fronte á violencia de xénero no ano 2004 ou asinar ese Pacto de Estado no ano 2017.

Señorías do Partido Popular, ¿cren que axudan vostedes as vítimas de violencia de xénero xerando esta desconfianza sobre as institucións que as protexen? Cuestionan vostedes todo, cuestionan o sistema VioGén, que ten en Galicia 6.161 situacións activas de mulleres vítimas de violencia; critican a protección especial que supón a inclusión dos delitos contra a liberdade sexual nos xulgados de violencia... ¿E agora pretenden minusvalorar a eficacia dun sistema de protección que leva dezaseis anos garantindo que mulleres en grave risco de ser asasinadas poidan vivir cunha maior tranquilidade? ¡É que lles dá todo igual!

E, miren, mentres fan isto cunha man, coa outra non executan as partidas do Pacto de Estado, degradan o papel da Consellería de Igualdade, minusvaloran a importancia da sensibilización e da información en materia de igualdade e, o que é aínda peor, encobren durante meses un presunto agresor sexual ao que despiden con aplausos e palmadiñas no ombreiro e cuestionan dende un principio o testemuño da vítima. *(Aplausos.)*

Señorías do Partido Popular, a estas alturas carecen vostedes de credibilidade para falar da defensa dos dereitos das mulleres. E se quixesen un debate serio sobre este tema, se lles importase realmente este tema, pois terían denunciado os fallos no momento en que tivo constancia o Goberno galego de que existían fallos nas pulseiras en Galicia, e non o fixeron —bueno, igual non tiveron constancia por esa falla de fiscalización que fai a Xunta a nivel



social—, limitaríanse agora a plantexar isto nas Cortes Xerais, que é onde corresponde, e limitaríano tamén ao momento temporal no que a ministra comparece para dar conta da existencia desde o ano 2009 —lémbrolle— de fallos técnicos puntuais no sistema tecnolóxico; un sistema tecnolóxico que, como todos sabemos, falla en moitas ocasións —puidémolo ver onte e en moitas ocasións máis aquí, no Parlamento—, e, ademais, non están as mulleres unicamente adscritas a este sistema de protección, senón que por detrás hai un membro das forzas e corpos de seguridade que as protexe e que serve de colchón para que non estean sometidas a un posible fallo deste sistema tecnolóxico. Entón, defenderían iso e fiscalizarían qué se puido ou qué se está a mellorar, e proporían aspectos que se poden mellorar, como fai a emenda do BNG, ou pedirían vostedes transparencia na xestión, que se pode comprobar, ademais; se vostedes chegan á páxina do Ministerio ven colgado este informe.

Pero tamén —como lles gusta a vostedes falar deste tema, do Informe da Fiscalía Xeral do Estado—, se queren ter unha visión máis rigorosa, non verían este informe da Fiscalía de forma fragmentada e interesada, como fixeron vostedes, porque se esqueceron de dicir que a Fiscalía alerta de que Pontevedra é a provincia co peor dato de España, que está a tardar catorce meses en informar nos procesos de violencia de xénero, o que supón catorce meses de pendencia xudicial e de desprotección desa muller e dos seus fillos, e instarían a Xunta a reforzar o Imelga, que é o que levamos pedindo dende o Partido Socialista durante anos, porque somos a comunidade autónoma que máis tarda en emitir eses informes. Ou pedirían vostedes, como alerta a Fiscalía, unha mellora nas oficinas de atención ás vítimas, que di a Fiscalía neste informe que presentan serias carencias, como a escasa formación específica do persoal, a falta de protocolos comúns, o deficiente acceso de bases de datos, espazos inadecuados e coordinación mellorable en institucións.

Melloren o trato e a resposta institucional ás vítimas, como lle pide a Fiscalía, señora Prado. Pídanllo á Xunta, pídanlle xestión a este goberno e deixen os bulos. Deixen os bulos cos que levan semanas: que se Aliexpress, que se o asasinato dunha muller en Mallorca por fallo do dispositivo, que se un informe da Asociación de Xuristas... ¡Todo mentira!, barbaridade tras barbaridade escoitamos esta semana.

Repítolles, non cuestionen a seguridade das vítimas, non é responsable, porque a seguridade salva vidas todos os días. E non frivolicen máis con este tema. Pido respecto a todas as mulleres, que xa teñen enriba a carga de non poder vivir en liberdade para que vostedes as instrumentalicen.

Pero tamén dende aquí quero mandar unha mensaxe de tranquilidade a todas esas vítimas, porque o sistema funciona, protéxeas, e as pulseiras salvan vidas todos os días. Hai entre 250 e 260 mulleres no sistema de protección en Galicia, e deben seguir sentíndose seguras. É indecente o comportamento do Partido Popular, inmerso nun «patetiquismo» que forma parte da deriva lamentable que está a sufrir a nivel nacional. A estas alturas, o señor Feijóo e a súa estratexia de polos sen cabeza dá tanta pena que a min sinceramente, dende aquí, dende o que un día foi a súa casa, só se me ocorre mandarlle ánimos; ánimos e dicirlle que non se preocupe, que queda pouco, que en breve xa poderá desfrutar a tempo completo do seu chalé de Moaña, aínda que sexa sen entrada directa á praia.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señora Castro, ¡que nos fale vostede de falta de credibilidade e que veña aquí e teña a desfachatez de dicir que nós xeramos inseguridade nas vítimas de violencia de xénero, cando vostedes teñen o selo da Lei do «só si é si», que puxo na rúa agresores sexuais, violadores e pederastas, e agora estes fallos destas pulseiras...! ¡Ollo!, que este cambio de contrato, señora Presas, foi por unha cuestión de ideoloxía, porque eran de tecnoloxía israelí, e, claro, mellor Aliexpress que a tecnoloxía israelí.

E si, señora Castro, claro, son bulos. ¡Todo son bulos! ¡Eu son unha fascista, e todos son bulos...! ¡A verdade é que é terrible, somos malos, malísimos!

Mire, señora Presas, vostede pode deslizar aquí que nós coñeciamos que non funcionaban as pulseiras, que o gardamos e que estivemos calados para facer unha arma arreboladiza política, pero ¿vostede é consciente da barbaridade que acaba de dicir? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ou sexa, ¿de que nos están acusando? Estannos acusando, ¿de que?, ¿de desprotexer as mulleres a nós, ao Partido Popular de Galicia, á Xunta de Galicia? Iso si, hai que defender unha señora, que é xerente —xerente, ¡eh!, non presidenta, ¡xerente!— dunha asociación que recibe cartos públicos e que, polo tanto, pode estar sometida perfectamente a que nós falemos dela e a que digamos que non nos gusta o posicionamento desa asociación, aínda que a vostede si que lle gusta e aínda que vostede reciba ordes non só das coronelas da UPG, senón tamén dese tipo de asociacións. Señora Presas, aquí vostedes poden falar mal dos funcionarios da Xunta de Galicia, dos familiares dos membros do PP, dos empresarios amigos do PP, das empresas de non sei que... Vostedes poden falar de todo; agora, nós non podemos dicir absolutamente nada dunha señora que é xerente dunha asociación que recibe cartos públicos. (*Aplausos.*)

Miren, e xa é máis grave aínda que vostede veña aquí e diga: bueno, si, é grave, pero, como non houbo ningún asasinato... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, non houbo ningún asasinato; entón, non pasa nada. Era como a ministra os primeiros días, que dicía que foi un 2 por cento. Con que só unha muller, señora Presas, se vise afectada polo mal funcionamento das pulseiras xa era suficiente. Pero vostede subiu a esta tribuna hoxe a dicir que, bueno, menos mal que non houbo ningún asasinato e que, entón, non é tan gravísimo.

Mire, señora Presas, vostede presenta hoxe unha emenda e di que ten medidas moi ambiciosas. Bueno, ¿sabe que di a súa emenda, señora Presas? A súa emenda vai en contra da empresa. ¡É alucinante! ¿Ou sexa, que aquí o que se cuestiona é a empresa das pulseiras? Non recoñecen en ningún caso todos os avisos que fixeron os organismos dependentes do Ministerio: nin o Consello Xeral do Poder Xudicial, nin a Fiscalía, nin os corpos e forzas de seguridade do Estado. Todo iso, absolutamente nada. Desvían a responsabilidade á empresa.



¿E a ministra? Que non a cesen. Votaron en contra de todas as iniciativas presentadas polo Partido Popular para cesar esa ministra. Iso si, hoxe piden o cesamento da conselleira de Política Social, ¿verdade? ¡É increíble o seu, señorías!

Mire, hoxe sae unha noticia, unha parte do contrato... (A deputada Paula Prado del Río mostra uns documentos.) O contrato e a adxudicación dicía —que está aquí— que se podían romper ata un 20 por cento das pulseiras. Fixeron ese contrato sabendo que se podía romper o 20 por cento das pulseiras, cando no contrato anterior o límite do fallo era do 10 por cento, señorías. ¡E a culpa é da empresa!

E despois vostede, señora Presas, di que esta emenda ten medidas ambiciosas. Voulle ler unha, o punto 6: «...adoptar medidas reparadoras de compensación para as mulleres afectadas». Dígame vostede, ¿cal é esa medida tan ambiciosa? ¿Que medida reparadora pode ter unha muller á que lle soaba a pulseira 600 veces ao día, que non podía saír da casa, (Aplausos.) ¡que non podía saír da casa!?... (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

PAULA PRADO DEL RÍO: A pulseira era un martirio, había fallos constantes, era unha agonía constante: «Estuve dos semanas recluida en mi casa. Me llamaron para que, por favor, tuviera mucho cuidado, porque el había salido sin pulsera porque el personal estaba de vacaciones».

Pero, señora Presas, ¡pero señora Presas!, ¿como imos reparar isto? ¿E vostede fala de privatizar? Pero, mire, non é a privatización, ¿sabe que é? Porque as forzas e corpos de seguridade Estado son públicas, son persoal público, son funcionarios públicos, e vostede veu aquí deslizar que se o PP privatiza... Mire, aquí os primeiros en privatizar un servizo de atención á igualdade foron os do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Santiago, xa llo dixen. E mire vostede quen está privatizando as residencias na Deputación de Lugo, onde vostedes vicepresiden e consenten esa privatización. Falen cos veciños de Becerreá, por exemplo.

Non podemos admitir esta emenda, xa que o único que pide é a responsabilidade da empresa e non a do Goberno de España. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños pide a palabra)

¿Si, señora Presas?, ¿para que quere a palabra e con base en que artigo?

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Si, pido a palabra con base no artigo 76.1, de inexactitudes, para que vostede corrixa unha inexactitude —unha das moitas— que verteu agora a señora Prado.

O PRESIDENTE: ¿Cal é exactamente a inexactitude?

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: A señora Prado atribuíume que eu rebaixara a gravidade deste asunto «porque non morreu ningunha muller asasinada»..., (Murmurios.)



O PRESIDENTE: Grazas. É o debate.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...cando eu dixen na miña intervención, literalmente, o contrario, que é que o feito de que non morrese ningunha muller asasinada non rebaixaba a importancia e a gravidade deste problema. É, evidentemente, unha clara crítica a quen si afirmou iso no debate que houbo [...]. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas. Así constará.

¿Sobre a emenda, que non preguntei? Dou por feito que non a acepta. ¿Non a acepta? (*Un deputado: Xa dixó que non.*) Oín, pero non o oín todo.

Non a acepta, grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Paula Prado del Río e dez deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa das iniciativas que impulse a Xunta de Galicia fronte aos recursos de inconstitucionalidade interpostos polo Goberno central contra o Plan de axilización da dependencia e a repotenciación eólica

O PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que deixe de usar a lei de medidas fiscais e administrativas como porta de atrás para modificar indiscriminadamente leis sen as mínimas de garantías sen participación e transparencia.

Asemade, o Parlamento insta ao goberno galego a levar a cabo un proceso de debate e diálogo e unha tramitación transparente das modificacións da lexislación eólica e da dependencia, revertendo os cambios regresivos aprobados en 2024.»)

(*O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:



«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Defenda máis e mellor o autogoberno de Galicia, como nacionalidade histórica que é, dentro dun Estado descentralizado tal e como se configura no bloque de constitucionalidade do Título VIII da Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.
2. Materialice petición de novas competencias a través das Conferencias bilaterais de transferencias de competencias, así como mediante un diálogo institucional constante co Goberno de España, como así se fixo no Acordo bilateral de maio de 2025 en relación coa Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no que se acordou e negociou en cinco dos sete artigos cuestionados.
3. Evite o uso reiterado das leis de acompañamento dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para modificar múltiples normas sen consenso, sen diálogo cos sectores sociais afectados e furtando o debate parlamentario ordinario que corresponde á tramitación dos proxectos ou proposicións de lei.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Chámenme desconfiado, señorías, pero creo que ao BNG lle preocupa moito máis a exactitude da señora Prado que calquera inexactitude que se dixese aquí. En todo caso, permítanme ir ao tema que nos trae aquí hoxe.

Ola, son Alberto Pazos e Galicia, a miña terra, está en perigo. Está en perigo porque un goberno Frankenstein, o do señor Pedro Sánchez, profundamente antigalego, leva anos atacando de maneira constante e planificada o autogoberno da nosa terra, obrigándonos a pelexar nos tribunais por cousas que a outros se lles conceden graciosamente e con toda facilidade.

Señorías, o Goberno do señor Sánchez derogou, pola vía dos feitos, o artigo 138 da Constitución española e, aínda máis grave, faino as máis das veces co silencio cómplice ou co apoio explícito de grupos representados nesta Cámara. ¿Que di ese artigo 138? Di: primeiro, «O Estado garante a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 da Constitución, velando polo establecemento dun equilibrio económico adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español»; e segundo, «As diferenzas entre os estatutos das distintas comunidades autónomas non poden implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais».

Señorías, España asiste á consolidación dun estado de dúas velocidades, no que as exixencias dos socios do sanchismo circulan por vías de alta capacidade, namentres que as dos territorios menos compracentes discorren por tortuosas corredoiras pragadas de socavóns. Galicia está sendo sacrificada nos altares do progresismo por un goberno incapaz de aceptar democraticamente que os galegos non comungan con rodas de muíño, (*Aplausos.*) pero non imos asumir que a resposta ao castigo sufrido nas urnas polo señor Sánchez e pola señora Díaz se converta nunha lamentable vendeta — ¡vendeta, señorías! —.



Como a vinganza é un prato que se serve frío, o Goberno Sánchez leva moitos anos cociñándoo. Permítanme algúns exemplos para facer memoria. Xa en 2021, o Tribunal Supremo fallaba a favor da Xunta de Galicia na reclamación de douscentos millóns de euros da recadación do IVE que os socialistas negaban a Galicia con distintas escusas. Ese mesmo ano, o Goberno Sánchez —tamén da man de Vox, por certo— impugnaba a reforma da Lei de saúde de Galicia, supostamente polo contido dalgúns artigos idénticos —por certo— aos da lei aprobada en Baleares pola señora Armengol, que si aceptaba pacificamente o Goberno. Tamén no 2021, Sánchez eliminaba, a través dunha lei antifraude, os beneficios para as herdanzas en vida contempladas no dereito civil de Galicia. Era unha fraude para o Goberno de España o dereito sucesorio galego...

Un ano despois, en 2022, a xustiza avala o Plan de xestión do marisqueo de Galicia que fora recorrido polo Goberno do señor Sánchez por unha suposta —falsa, por certo— invasión de competencias. No ano 2023, o mesmo goberno interpuxo o recurso contra a Lei galega do litoral porque, segundo o señor Sánchez —e tamén o señor Besteiro, non o esquezamos—, esta competencia non estaba contemplada no Estatuto de Galicia, aínda que este teña, exactamente, a mesma redacción que o Estatuto vasco, onde, por suposto, non houbo ningún problema para acceder á competencia.

¿E como esquecerme do bloqueo da transferencia da AP-9, da que houbo sesenta prórrogas dende a chegada de Sánchez á Moncloa; da redución das paradas de bus en Galicia, bendicida polo BNG; da exclusión de Lugo da planificación eléctrica; da quitación da débeda á medida de Cataluña e á custa dos galegos; ou do total abandono de calquera infraestrutura galega, sexa viaria, ferroviaria, portuaria ou aeroportuaria? Señorías, ¡dá igual! Ao señor Sánchez Galicia dálle urticaria por terra, por mar e por aire, ¡permanentemente! (*Aplausos.*)

O último episodio deste novo intento de doma e castración de Galicia é o recurso de inconstitucionalidade plantexado polo Goberno de España contra dúas medidas directamente enfocadas a beneficiar, de maneira clara e directa, os homes e as mulleres galegos. A primeira é que o Goberno de España está en contra de que Galicia simplifique e acelere a tramitación do recoñecemento da discapacidade e da dependencia; e a segunda é que o Goberno está en contra de que Galicia obrigue as empresas eólicas a compensar os concellos e os veciños afectados polos procesos de repotenciación de parques eólicos, ao tempo que, por certo, reducimos o seu impacto visual e ambiental. Unha vez máis, faino repetindo o habitual *modus operandi*: sen diálogo e buscando a confrontación.

O Goberno considera inconstitucional a homologación automática do recoñecemento da discapacidade ás persoas con dependencia, unha medida da que se beneficiaron máis de 10.200 galegos no que vai de ano e que permitiu reducir ese plan de choque 18 días á espera, mentres en España aumentaba 14. O máis sorprendente é que cuestiona esta medida ao mesmo tempo que a copia, incorporándoa á Lei de dependencia e, iso si, limitando o seu alcance e os seus efectos. Namentres Galicia concede aos dependentes de grao 3 ata o 100 por cento da discapacidade, o Goberno de España tan só chega ao 65 por cento. Por suposto, todo isto sucede namentres as sucursais galegas do sanchismo exixen, nesta Cámara, que se acelere o recoñecemento dunha dependencia que tampouco financian, porque seguen debéndonos ese 50 por cento. Son máis de 2.500 millóns de euros os que lles deben aos dependentes galegos. ¡Nin fan nin deixan facer! (*Aplausos.*)



O Goberno de España tamén está en contra dos beneficios de carácter ambiental, da creación de emprego a nivel local, da participación de investidores locais, do impulso á investigación ou da redución de custos enerxéticos para os consumidores locais que a Lei galega asocia á repotenciación de parques eólicos. A Xunta busca reducir en 582 o número de xeradores para pasar dos 733 actuais aos 151. Busca aumentar a produción da enerxía nun 34,5 por cento e reducir o ámbito territorial afectado por eses parques. Isto non o digo eu e non o di o Goberno, son datos facilitados pola Universidade de Vigo.

Todas estas cuestións foron durisimamente criticadas polas empresas eólicas e agora son cuestionadas tamén polo Goberno de España. Resulta paradoxal que organizacións políticas que se definen como «sociais» ou «ecoloxistas» boicoteen unha norma aplaudida polos dependentes e polas súas familias e outra que beneficia os pequenos consumidores contra o criterio das grandes empresas enerxéticas; pero xa estamos acostumados aos paradoxos e ás contradicións. Estamos acostumados a escoitar discursos totalmente incongruentes coa acción política, porque iso forma parte do ADN da esquerda galega: grandeza nas palabras, miseria nos feitos.

O Partido Popular de Galicia asumiu a responsabilidade política de aliviar o sufrimento das persoas con dependencia, do mesmo xeito que asumimos o compromiso de transformar a riqueza natural de Galicia en riqueza social para os galegos. Fixémolo deseñando e aplicando as ferramentas lexislativas necesarias para facer realidade estas aspiracións. Fixémolo, e ímolo seguir facendo, impulsando as medidas necesarias para defender Galicia deste novo atropelo do Goberno, que xa non pode ofrecer a Galicia máis que desigualdade, discriminación e unha profunda carraxe.

Hoxe queremos saber —e este é o obxecto desta iniciativa— de que lado están vostedes: se a carón da Galicia que busca solucionar problemas ou a carón do Goberno, que intenta inventalos; se están do lado dos que implementan o Plan de choque da dependencia ou están do lado de quen o paraliza; e se están do lado dos que impulsas medidas que incomodan as grandes empresas enerxéticas ou están do lado dos que paralizan esas medidas.

Non é que teña moita esperanza, pero agardo que, por unha vez, estean vostedes do lado de Galicia e que, por unha vez —isto si que sería unha novidade—, os seus feitos estean á altura das súas grandilocuentes palabras e discursos.

Por agora, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Do grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.



Eu, Patricia Iglesias, dígolle, señor Pazos, con todo o cariño —de verdade que con todo o cariño—, que creo que lle gusta moito o teatro. Anímoo dende aquí, pero dende o cariño, a que se apunte a clases de interpretación. ¡De verdade que creo que se lle daría ben!

O que o Partido Popular trae hoxe ao Parlamento é un exercicio de vitimismo patético e un uso partidista das institucións. Unha vez máis, o PP converte Galicia nun campo de batalla contra o Goberno de España e contra Pedro Sánchez. Non o fai para defender Galicia, señor Pazos, senón para agochar o seu propio fracaso.

A Lei de medidas de 2025 é o mellor exemplo do que non se debe facer: pola porta de atrás, modifica máis de trinta leis sen diálogo, sen consenso e sen participación. Agora o PP quere facer crer que defenden a legalidade e o bloque da constitucionalidade, cando é absolutamente todo o contrario.

Antes de interpoñer o recurso de inconstitucionalidade, o Goberno de España intentou negociar e dialogar por activa e por pasiva. Houbo diálogo, houbo unha comisión bilateral e un acordo en maio de 2025. Houbo vontade de acordo, e a proba está aí. O acordo supoño que o terá a Comisión bilateral de maio de 2025. Dos sete artigos impugnados ou cuestionados constitucionalmente, houbo un acordo en cinco, señor Pazos, ¡en cinco dos artigos! A mosca vontade de diálogo, e só cando non quedou outra saída, evidentemente, foi preciso garantir esa legalidade, esa chapuza feita na Lei de medidas. Por tanto, señorías, non hai un ataque, hai responsabilidade; e non hai unha confrontación, hai unha defensa do Estado de dereito e unha defensa do bloque de constitucionalidade. Mentres o Goberno de España dialoga, negocia e coopera institucionalmente con Galicia, o PP berra e vitimízase.

O PP, como dicía, fai un uso partidista das institucións e ten un nulo respecto ao bloque de constitucionalidade, pero xa sabemos que nas súas filas, nas filas do PP, chaman ao Tribunal Constitucional «cancro da democracia» —¡cancro da democracia!—. ¿Iso é defender a Constitución e iso é defender o Estado de dereito? Penso que non, señor Pazos. Iso é menosprezar a Constitución e menosprezar o Estatuto de autonomía de Galicia.

Logo, está ese falso galeguismo de defensa do autogoberno galego. Agora parece que lembraron que somos unha nacionalidade histórica na Constitución. ¿Que fixeron en dezasete anos que leva gobernando o PP na Xunta de Galicia? O Goberno de Emilio Pérez Touriño, pola vía da Comisión bilateral e non confrontando co Goberno de España, conseguiu máis de dezasete competencias transferidas á Comunidade Autónoma galega en catro anos, e aquí a única competencia transferida é a da Lei do litoral, que nós sempre defendemos, pero coa que, evidentemente —direino dende aquí tamén—, estaremos moi vixiantes. ¿Por que? Porque hai un certo cheiro de desconfianza cando a conselleira de Medio Ambiente defende, con contundencia, legalizar as construcións ilegais no dominio público marítimo-terrestre; cando defende e fala de «refuxio climático»; ou cando, entendemos nós, non defende coa mesma contundencia o cambio climático. De feito, temos a proba de que, realmente, lle dou plantón en Ponferrada á ministra Sara Aagesen e non foi ao cume do clima. Pero xa estamos acostumados a eses plantóns: os plantóns na Conferencia de Política Fiscal e Financeira do señor Corgos, o plantón de non aceptar os catro mil millóns de euros de débeda pública, o plantón na coordinación das emerxencias galegas e o plantón na repartición dos nenos e das nenas



inmigrantes, que chegan ao noso país sen pai nin nai. Estes son exemplos, por tanto, de falta de lealdade institucional en maiúsculas. Feijóo manda, Rueda obedece, e Galicia perde, señor Pazos. Nós pensamos que iso non é defender Galicia. Nós defendemos as mesas de diálogo e non roldas de prensa, anuncios e vitimismo patético; defendemos propostas serias.

Pero imos ao fondo do que se cuestiona: as repotenciacións obrigatorias. Aquí en Galicia somos líderes no fracaso da enerxía eólica, un fracaso absoluto e estrepitoso. ¿Por que? Porque en 17 anos que levan na Xunta de Galicia non fixeron nada, ¡nada!, pola enerxía eólica. Non houbo planificación —Plan sectorial eólico do 1997— e non hai estratexia. Só hai improvisacións e intereses no curto prazo; ¡ata trece veces modificaron a Lei do sector eólico do 2009! Hoxe, temos 90 parques eólicos suspendidos xudicialmente pola responsabilidade directa do Goberno galego do PP. ¡Sábeno ben!

Á parte, sobre o tema da repotenciación obrigatoria dos parques eólicos de máis de 25 anos, voulle dicir: é un recoñecemento explícito e notorio do fracaso do Plan sectorial eólico galego dos 17 anos do Goberno do PP. Esta medida é improvisada e é o recoñecemento —e vouno dicir ben alto— de que o Goberno galego sabe que os 90 parques eólicos que están suspendidos non se van construír. Son un parche as repotenciacións obrigatorias, ¡un parche! ¿Sabe por que non se van construír, señor Pazos? Pola súa irresponsabilidade, e tamén ¿por que? Porque votaron en contra do Decreto antipagamentos no Congreso dos Deputados, o 28 de xullo deste 2025, xunto coa pinza do BNG. Votaron xuntos contra o Decreto de antipagamentos. ¿Que facía ese decreto? Dar oxíxeno temporal para poderse conectar á rede aos parques eólicos suspendidos en Galicia. Explíquenlle ao sector eólico por que votaron en contra do Decreto antipagamentos, no que había consenso: o consenso das asociacións ecoloxistas e o consenso da Asociación Eólica Galega e a española. ¿Por que votaron en contra? Están prexudicando o sector eólico galego e están prexudicando eses 90 parques eólicos suspendidos xudicialmente. A ver se mo pode explicar.

Nós estamos a favor das repotenciacións —claro que estamos—, pero das voluntarias, non das impostas. En definitiva, señorías, esta repotenciación obrigatoria é unha medida desesperada por perder o tren da enerxía eólica. De primeiras, ¿en que posición estamos? Estamos na quinta posición en España.

Falemos da dependencia, da discapacidade, e desa chapuza que fixeron tamén pola porta de atrás coa Lei de medidas. Evidentemente, de simplificar e de reducir prazos, nada, porque é falso. Segundo os datos publicados a semana pasada, son 349 os días de espera para a primeira resolución da dependencia —¡trescentos corenta e nove días!—. Á parte —díxoo hoxe tamén José Ramón Gómez Besteiro—, se aplicaron a Lei de medidas de refundición do plan de choque en dez meses, ¿esas son as cifras? ¿Trescentos corenta e nove días de espera? ¡Moi eficaz a lei non lle foi, señor Pazos! ¡Non lle foi moi eficaz! Dígolle máis: falaba o señor Rueda hoxe de vinte mil persoas favorecidas polo plan de choque. Unha eventual sentenza do TC, favorable ou non favorable, non afecta o dereito recoñecido. Saberao como xurista que tamén é. Non afecta os dereitos recoñecidos, señor Pazos.

Por tanto —xa remato—, o que defende o PSdeG —está na emenda— é un autogoberno forte, real e rigoroso, porque somos unha nacionalidade histórica como Cataluña e como o



País Vasco, señor Pazos. Defendemos tamén unha transición ecolóxica ordenada e planificada, e defendemos unha dependencia e unha discapacidade forte, humana e eficiente. O recurso de inconstitucionalidade non é contra Galicia; é contra unha lei chapuza feita polo Goberno galego e contra a improvisación...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...e o abuso lexislativo da Lei de medidas sen consenso e sen negociación.

Fronte ao ruído e á propaganda, as socialistas de Galicia defenderemos sempre —reitero, ¡sempre!— un autogoberno forte, rigoroso, responsable e con futuro.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Señorías, quero propoñerlles que fagan un exercicio de imaxinación. Imaxinen que onte, cando rematamos a sesión ás oito da tarde, non puidésemos saír do Parlamento porque houbera unha protesta violenta no exterior, e que tivéssemos que permanecer catro horas dentro deste Parlamento encerrados sen poder saír porque, por exemplo, a unidade da Policía adscrita nos recomendase non saír por non poder garantir a nosa seguridade. Imaxinen que temos que permanecer catro horas, ata as doce da noite, sen poder ir ás nosas casas por esas medidas de presión e de coacción e que, cando conseguimos saír, resulta que somos atacados, somos insultados, somos agredidos con lanzamento de pedras e doutros obxectos e somos perseguidos pola rúa. ¿Que lles parecería a vostedes que se producise isto? Imaxinen que, ademais, durante a protesta violenta esta que se está producindo, hai deputados e deputadas que saen á ventá animando, alentando e instigando esa protesta violenta.

Non teñen que imaxinar nada, porque isto produciuse o pasado luns en Cangas e vostedes aínda non o condenaron expresamente. ¡Aínda non o condenaron! (*Aplausos.*) Vostedes intentaron facer aí unha cerimonia da confusión, mesturándoa con outros incidentes que non teñen nada que ver. Aquí estamos nunha escalada violenta e pedímoslles, unha vez máis, que fagan unha condena explícita e expresa destes actos violentos, destas agresións, destes insultos, destas coaccións, destas ameazas e deste lanzamento de pedras, como sufriu a alcaldesa de Moaña no seu propio coche. Pedímoslles que condenen isto. Sabemos que non o van facer, porque vostedes foron parte desas agresións, alentando e animando, a través dunha deputada, que é a portavoz municipal en Cangas, esas agresións, e non se van condenar a si mesmos, loxicamente.

Esta PNL que nos trae hoxe aquí o Partido Popular é unha iniciativa de falsa bandeira e, ademais, rodeada dunha cerimonia —podemos dicir— hiperbólica, característica tamén do por-



tavoz do Partido Popular, con esta frase ademais que nos conmoveu: «acabar coa doma e castración», xa non do reino, senón da nación, do país galego. Non fai falta que vostedes paren ningunha «doma e castración», porque vostedes son parte da doma e da castración de Galiza. ¡Para evitala, historicamente e agora tamén, está o nacionalismo! Vostedes non teñen ningunha credibilidade defendendo ese tipo de cuestións, porque se queren facer pasar por autonomistas e son o Partido Popular máis centralista e máis reaccionario da historia, o máis botado ao monte.

A súa auténtica prioridade é seguir as ordes que lles mandan desde Madrid os seus xefes, que se poden resumir en dous mandamentos: a oposición a Sánchez, con esa *sanchite* galopante que sofren vostedes, e a oposición ao BNG. Esta non lles dá moito resultado, porque vostedes se dedican aquí, sistematicamente, a atacar, a insultar e a agredir o BNG, e resulta que o BNG cada vez medra máis, cada vez ten máis apoios, cada vez ten máis representación no Parlamento, e segue subindo. ¡Eu creo que nos están facendo un favor! Porque nos están poñendo como o seu auténtico opoñente e están trasladando que nos teñen moito medo. O BNG está incrementando, cada vez máis, os seus apoios e por iso este intento desesperado de ataques indiscriminados. Ben, nós agradecemos, porque iso vainos ben e cada vez hai máis xente neste país que apoia o BNG.

Que vostedes pretendan aquí presumir de defensores do autogoberno parece unha broma. Desde logo, ao BNG non lle dá ningún leccións de defensa do autogoberno e de defensa da capacidade de decisión de Galiza, porque este é o noso sinal de identidade. O que non defende o autogoberno é o Partido Popular; non defende o autogoberno o Partido Popular. Se non, podemos traerlles aquí dentro de pouco esa proposta que xa trouxemos doutra vez da demanda de corenta transferencias pendentes, e veremos que vota o Partido Popular. ¡Votará en contra como votou na anterior ocasión! Podemos traerlles aquí outra vez a demanda da transferencia do tráfico e da seguridade viaria e veremos o que vota o Partido Popular, ou a da meteoroloxía, e veremos o que vota o Partido Popular. Traerémolles no próximo pleno a petición da transferencia de salvamento e socorrismo, e veremos o que vota o Partido Popular. Verémolo, farémolles a proba do algodón de defensa do autogoberno.

Claro, agora vostedes fan estas declaracións hiperbólicas e teatreiras de suposto agravio. ¿Que dicían vostedes cando era o Goberno de Mariano Rajoy o que levaba ao Constitucional normas aprobadas polo Parlamento galego?, ¿que facía o Partido Popular? ¡Pois achantar e aplaudir!, porque, realmente, isto non é defensa do autogoberno; isto é utilizar o Goberno galego para facerlle oposición ao Goberno central. Vostedes levan o centralismo no ADN desde as súas orixes e non o poden negar. ¡É así! Son os máis centralistas e os máis españolistas da historia.

É unha iniciativa de falsa bandeira que o que pretende é que nós traguemos coas rodas de muíño de avalar, como un procedemento normal, que vostedes utilicen un procedemento absolutamente torticeiro e perverso como a Lei de acompañamento para cambiar de maneira indiscriminada leis con cada orzamento que chega ao Parlamento. Nós non imos, desde logo, con esta iniciativa, avalarlles todos os cambios regresivos e abusivos que fixeron vostedes na normativa de dependencia e na normativa eólica, porque xa votamos en contra no seu momento destes cambios. ¿Como pretenden que agora os lexitimemos e os avalemos? Non,



non o imos facer, porque non podemos avalar algo que tamén denunciaron e criticaron os propios profesionais da dependencia. Por exemplo, os colexios de Terapia Social, de Terapia Ocupacional ou de Traballo Social denunciaron que estes cambios que introduciron vostedes, de equiparación automática entre o grao de discapacidade e a dependencia, era algo absolutamente regresivo. É igual que todos os parches que introduciron neses cambios normativos, que lles recordo que foron quince artigos e tres disposicións adicionais —nada máis e nada menos—, dunha tacada, na Lei de servizos sociais.

O que fixeron tamén cos cambios na normativa eólica é máis do mesmo: poñerlles a alfombra vermella cada vez máis grande ás empresas. Agora veñen vostedes dicir que eran cambios que molestaban as empresas eólicas. ¡Non nos tomen o pelo! Eran cambios para acelerar a implantación abusiva das enerxías eólicas. Puxeron ademais vostedes: «zonas de aceleración eólica» ou «declaración de interese público superior» para facilitar a tramitación e a aprobación destes proxectos, contra o rexeitamento e a protesta, cada vez máis xeneralizada no territorio, de todo tipo de colectivos, incluíndo concellos gobernados polo Partido Popular, que non aceptan esta implantación abusiva que vostedes queren acelerar mediante esta norma. Polo tanto, nós iso non o imos avalar e non llelo imos apoiar.

É curioso que falen vostedes de «parálise eólica» e que culpen o BNG, cando o verdadeiro responsábel da parálise eólica que leva sufrindo este país e, sobre todo, da que se produciu entre 2010 e 2018, foi o Partido Popular, cando anulou un concurso eólico que aprobara o Goberno da Xunta do BNG e aprobou outro concurso no 2010 e resulta que non o aplicou. ¡Non o desenvolveu! ¡Están agora tramitando proxectos do 2010! Por certo, polo medio perdoáronlle...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...as compensacións económicas que tiñan que facer. Polo tanto, da parálise eólica son responsábeis vostedes, e de todos os cambios abusivos que fixeron na normativa e que fixeron que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza lles paralizase, cautelarmente, máis de oitenta proxectos. ¡A Xustiza! Respecten a Xustiza, porque vostedes respectan a Xustiza cando lles interesa.

Para rematar, o BNG presentou unha emenda que, en esencia, pide que non sigan abusando da Lei de acompañamento para a modificación das leis e que se leve a cabo a revisión da lexislación eólica e da dependencia por un procedemento democrático, transparente e público, coa participación da sociedade. Así é como hai que facelo; non como fan vostedes, pola porta de atrás, abusando da Lei de acompañamento, para adhesións inquebrantábeis, como as que nos piden vostedes aquí no texto...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...e manifestar o apoio a cantas iniciativas impulsa a Xunta de Galicia; para iso, para esas adhesións inquebrantables, como aquelas da Praza de Oriente que lles gustaban tanto a vostedes, non contan con nós, porque ese tempo xa pasou, aínda que hai algúns que pretenden que volva.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Parlamentario Mixto, que renuncia á súa intervención.

Pecha, entón, o autor da proposición non de lei, o señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidenta.

Señora Iglesias, encántame o teatro, a verdade é que me encanta. E creo que é preferible exercer de actor que exercer do moneco de ventrílocuo de Ferraz. Eu creo que é preferible. Paréceme incluso, en termos políticos, máis honorable.

Pero dixo vostede algunha cousa curiosa. Dixo que o recurso non afecta os dereitos recoñecidos. É certo, pero esqueceuse de dicir que paraliza os novos recoñecementos e, polo tanto, atrasa a tramitación das persoas que están en lista de espera. ¡Ah!, ¿vaino negar? Igual ten vostede que facer algún repaso dalgunha asignatura das que viu na Universidade, creo que está un pouco pez.

Mire, señor Bará, falou vostede dunha iniciativa de falsa bandeira. Nós a bandeira que levamos é a bandeira galega, a oficial. Os que se dedican a lixiala con símbolos pouco democráticos son vostedes. (*Aplausos.*) Eses son vostedes. En todo caso, pediume que fixese un exercicio de imaxinación. ¿Que pensaríamos se houbese xente acusándonos, se houbese xente insultándonos, se houbese xente intentando amedrentarnos? ¡Pois pensaríamos que estamos nun acto do Partido Popular, porque é o que levamos sufrindo durante anos! (*Aplausos.*) Señoría, a pregunta é: ¿por que o de Cangas é unha vergoña e o de Ribeira ou o mito de Allariz é algo exemplar que teñen vostedes como medalla? (*Aplausos.*) ¡É que é unha cousa curiosísima!

E falou das prioridades, das transferencias. Eu creo que as prioridades debe establecelas quen ten a confianza maioritaria do pobo, penso eu. Pero ben, a verdade é que aprendín moitísimo neste pleno do dobre discurso da esquerda. Hoxe escoitei a señora Igrexas presumir de defender a eólica e o señor Bará tamén: os que paralizan calquera instalación eólica.

Presumía a señora Iglesias de defender e apoiar a Lei de litoral, que impugnaron vostedes ante o Tribunal Constitucional e dixeron que era unha declaración de independencia de Galicia. De verdade, hoxe aplícase aquilo de: dime de que presumes, e direiche de que careces.

Mire, presumen de defender a educación pública, pero —iso si— estudan en colexios relixiosos e privados, que son os bos, e non nos públicos, nos que —como nos recordaban— estudamos algúns, que non eran de todo bos, porque hai clases, eh. Tamén é certo que presumen de defender o autogoberno, pero nos negan calquera intento de acceder a novas competencias. Presumen de defender o financiamento de Galicia, pero aceptan un modelo de financiamento á medida de Cataluña e negociado á custa dos representantes lexítimos de Galicia. Presumen de feminismo, pero reducen condenas a violadores e protexen as ví-



timas de violencia de xénero con pulseiras de baratillo. Presumen de abolir a prostitución pero contratan por catálogo prostitutas pagadas con cartos públicos. Presumen de rematar cos indultos a políticos, pero aproban leis de amnistía para a medida de corruptos a cambio de sete vergoñentos votos. Presumen de que ían acabar co aforamento, pero usan un aforamento *express* para dificultar a acción da xustiza, e creo que os veremos moi pronto facelo de novo. Presumen de acabar co enchufismo, pero colocan esposas, irmáns, cuñadas e sobriñas e, ademais, insultan os xuíces que perseguen eses abusos. Presumen de combater a corrupción, os mesmos que reparten lechugas, folios, soles e chistorras porque, señoría, non hai pan para tanta chistorra. (*Aplausos.*) Presumen de rexeitar a violencia, señor Bará, pero unha semana aplauden as agresións contra La Vuelta e a seguinte reúnense cos cor-deiros de ETA.

Por certo, unha curiosidade que teño...:

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...cando se reúnen vostedes, ¿con que falan? ¿Con pinga-tillo ou na lingua do imperio opresor para entenderse? (*Murmurios.*) Presumen de demócratas os mesmos que validan o exemplar pucherazo de Maduro e atrévense a chamar fascista a María Corina Machado. (*Aplausos.*)

Señorías, non parecen ter moi claro o concepto de fascista. Remato, xa. Fascista será quen pretende gobernar sen votos nos concellos e ademais insulta a quen goberna grazas á confianza maioritaria do seu pobo. Fascista será quen respalda ditaduras con tal de que sexan ditaduras amigas. Fascista será quen lle nega o pan e a sal a unha loitadora pola liberdade do seu pobo e quen recibe en sala VIP de aeroporto a vicepresidenta desa mesma ditadura, porque se viaxas coas maletas adecuadas desaparecen os vetos da Unión Europea e ábreanse todas as portas. Iso si que é fascismo; iso é fascismo e cinismo, señorías. (*Aplausos.*)

Pero quero rematar cunha cousa na que si que coincidimos, señorías. Coincidimos en que Galicia é profundamente antifascista, e por iso leva dezaseis anos elixindo un goberno totalmente afastado dos extremismos; un goberno moderado, comprometido coa liberdade, co benestar dos galegos e co noso autogoberno; un goberno do partido que máis se parece a Galicia. E por iso nós estamos aquí, e por iso van continuar vostedes aí...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...porque así o decide a Galicia antifascista cada vez que é chamada ás urnas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coa seguinte proposición non de lei.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa propiedade e cos usos do pazo de Montesacro, sito en Cambados

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Revisar detalladamente os trámites da venda do Pazo de Montesacro en Cambados, e que se comprobe se a entidade propietaria inicial, a congregación das Hermanitas dos Anciáns Desamparados, cumpriu cos requisitos legalmente establecidos de comunicar de forma correcta á Xunta a súa intención de vender un ben catalogado como de especial protección. No caso de se detectar algún incumprimento, activar o dereito de retracto, co fin de que a Xunta adquira o Pazo nos mesmos termos da operación realizada, garantindo así que este inmovble pase a ser de titularidade pública e recupere a súa función asistencial orixinaria.*
- 2. Que no caso de que se determine que a venda foi legalmente correcta e, polo tanto, non sexa viable exercer o dereito de retracto, se inicie de inmediato un procedemento de expropiación por interese social para a protección do patrimonio e para a realización de actuacións de interese social.*
- 3. De forma subsidiaria ao anterior, asumir o compromiso de impulsar e financiar a construción ou rehabilitación dunha residencia pública para persoas maiores no municipio de Cambados, co obxectivo de paliar as graves carencias asistenciais que padece non só esta localidade, senón o conxunto da comarca do Salnés.»)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para defender a iniciativa, por parte do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Vou empezar con aquela rimas. Y tu me preguntas: ¿que es fascismo?, clavando tu pupila en mi pupila azul. Fascismo eres tú. En fin.

Antes de máis, eu quero saudar as persoas, os compañeiros da comarca do Salnés que hoxe nos acompañan desde a tribuna para seguir esta intervención. Esta intervención, a iniciativa que traemos hoxe o BNG, vai de como actúa o Partido Popular na Xunta de Galiza e da des-



preocupación absoluta do Partido Popular polos nosos maiores, como xa trasladou hoxe a nosa portavoz nacional, Ana Pontón. Xa vimos claramente o que lle importan os nosos maiores ao presidente da Xunta, que non foi quen de desmentir nin unha soa das informacións e dos datos que lle deu a voceira do BNG; (*Aplausos.*) nin un so, nin un só, porque é imposible, é imposible.

Esta proposición non de lei vai desa despreocupación absoluta porque os nosos maiores teñan residencias e da preocupación absoluta do Partido Popular por, desde a Xunta de Galiza, pórllle a alfombra vermella ás empresas amigas, aos grandes emporios e ás grandes multinacionais para que fagan negocio á custa, neste caso, do patrimonio de Galicia.

Imos falar do pazo de Montesacro, situado no concello de Cambados. A mediados do mes de setembro do ano 2023 —hai un ano e case un mes— fíxose pública, saltou aos medios de comunicación a nova de que a orde relixiosa que era propietaria deste pazo tiña o mesmo á venda; unha información que causou unha enorme preocupación no Concello de Cambados e na comarca do Salnés porque esta orde relixiosa tiña destinado este pazo a residencia de anciáns. Entón, houbo preocupación ao ver que esta compra ía levar aparelhada a desaparición desa residencia e, polo tanto, do servizo que estaban prestando.

Quero só facer unha pequena referencia a que este pazo está situado no barrio de San Tomé, en Cambados, e ten 2.375 metros cadrados construídos nunha finca de 12.547 metros cadrados. É dicir, é unha auténtica xoia histórica e patrimonial do barroco do século XVIII, que ten, ademais do pazo, unha capela ou un pombal. É unha auténtica xoia e, ademais, ten o valor social de que ten 70 prazas para residencia de maiores. É o único existente no concello de Cambados, nunha comarca como a do Salnés, cunha poboación de arredor de 100.000 habitantes e deficitaria en prazas residenciais para persoas maiores, non existindo ningún centro de titularidade pública en toda a comarca do Salnés. Dígoo para que encadremos o problema.

E, desde o primeiro momento, no BNG dixemos que isto non era un problema, senón que se convertía nunha auténtica oportunidade; a oportunidade de que un pazo destas dimensións, con estas características, con esta horta magnífica, con 70 prazas, fose adquirido pola Xunta de Galiza, toda vez que a información que tiñamos era que se vendía por ao redor de 3 millóns e pico de euros. Así, poderían manterse as prazas residenciais situadas no centro da vila, onde as persoas residentes tiñan as súas familias cerca; usar toda esa finca para esa proximidade e para poder abrila tamén ao público, e, logo, se no futuro houbera a posibilidade de facer outra residencia de maiores, que ese pazo quedase para desfrute da veciñanza de Cambados e da comarca, e de Galiza en xeral.

Mais o Partido Popular fixo o que sabe facer sempre: ¡ah!, este non é o meu problema. O Partido Popular fixo o que fai sempre, non fixo absolutamente nada. E, como consecuencia de non facer absolutamente nada, as 53 persoas que nese momento residían nesa residencia de anciáns están ciscadas por toda Galiza. De non facer absolutamente nada o Partido Popular, a consecuencia é que, ao non haber prazas nin en Cambados nin na comarca, hai veciños e veciñas de Cambados que están en residencias en Viveiro, a dúas horas e media de Cambados e a 220 quilómetros; é dicir, que para os familiares ir visitalos teñen que facer



cinco horas ida e volta e percorrer 440 quilómetros. Están na Coruña, a unha hora e media, a 140 quilómetros, e teñen que facer tres horas de viaxe e 280 quilómetros. Están en Tui, a unha hora e a 80 quilómetros, e cada familia ten que facer dúas horas de viaxe e 160 quilómetros. Ou, en Santiago, a unha hora e 75 quilómetros; é dicir, dúas horas e 150 quilómetros. Ou, en Carballo, que está a unha hora e media, e, polo tanto, teñen que facer tres horas de viaxe, 225 quilómetros. Iso son as consecuencias da non actuación do Partido Popular que teñen os nosos maiores: abandono, desarraigo e non coidado dos nosos maiores. *(Aplausos.)* Esa é a consecuencia.

A Consellería de Política Social non fixo absolutamente nada, e a segunda consecuencia é que vimos de coñecer a través dos medios de comunicación que o pazo de Montesacro foi vendido pola orde relixiosa a un empresario, CEO do Santander no Estado español e agora CEO do Santander en Portugal, que a empresa que representa ten como liñas de negocio fundamentalmente a turística e a urbanística. Parece ser, segundo os medios de comunicación en prensa —que ninguén desmentiu—, que este empresario xa está dicindo que o adquiriu para facer un hotel de luxo, un espazo gastro, que está pensando en rexenerar a praia que está ao lado, que xa ten os arquitectos traballando en facer o proxecto. E, claro, a pregunta que se fai absolutamente todo o mundo en Cambados e no Salnés é: ¿como é posible que alguén invista millóns de euros en comprar unha propiedade que está dentro dun espazo BIC e cualificado como asistencial, se, polo tanto, non se pode facer nada do que di o empresario?, ¿como alguén inviste millóns de euros se non ten o compromiso da Xunta de Galiza, e, polo tanto, do Partido Popular, de que lle vai facer a recualificación? Parece raro. Parece raro, raro, raro.

E por iso traemos aquí esta iniciativa. O BNG trae aquí esta iniciativa porque a Lei de patrimonio cultural de Galiza, no seu artigo 49, di que hai o dereito de tanteo e retracto, e, polo tanto, quen vende neste caso este pazo, que está nun espazo BIC e ten unha cualificación, debe informar a consellaría competente en materia de patrimonio cultural, con indicación do prezo e das condicións en que propoña realizar a venda. A Xunta de Galiza disporá dun prazo de tres meses para exercer o dereito de tanteo, se llo comunican, e dun ano, se non llo comunican. Tamén di o artigo 39 que «as intervencións que se pretenden realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente».

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: É dicir, que a Xunta de Galiza do Partido Popular ten aínda instrumentos para poder facer que este pazo sexa público, que este pazo pase a ser patrimonio dos galegos e das galegas, e para non permitir a especulación con este espazo. E, polo tanto, demandamos algo moi clariño: que exerza o dereito de tanteo e retracto que establece a lei, que compre este pazo e, toda vez que a autorización, o cambio de uso e demais tamén ten que facela a Xunta de Galiza, que se comprometa a non facela.

Polo tanto o que pedimos é —que aínda hai tempo, aínda hai instrumentos— que este pazo pase a ser propiedade dos galegos e das galegas e se manteñan aí as prazas asistenciais necesarias para que Cambados e a comarca do Salnés teñan prazas para os seus maiores.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Ben, o futuro asistencial do Pazo de Montesacro en Cambados, dende o momento en que a Congregación das Hermanitas dos Anciáns Desamparados decidiu poñelo á venda, pois xa era a crónica dunha morte anunciada. Hai máis de dous anos, cando comezaron os rumores de venda do pazo por parte da congregación relixiosa, dende o Concello de Cambados, dende a alcaldía, intentouse contrastar en primeiro lugar esta información, e levar a cabo unha actitude proactiva que impedise nun futuro perder estas prazas de residencia.

Ben, o alcalde de Cambados, con toda a boa fe, tiña vontade de acadar unha solución consensuada que dese unha resposta a esta necesidade e, para iso, intentou, sen éxito, poñerse en contacto coa conselleira. Un ano intentando falar coa conselleira de Política Social. Durante este ano, *mails* semanais, chamadas mensuais; incluso chegou a darlle unha carta en man e dicirllor de viva voz nun acto.

Señorías do Partido Popular, ¿vostedes pensan que isto é normal?, ¿que os cambadeses e cambadesas merecen ser tratados así, ¿que a conselleira, tras un ano intentando o alcalde de Cambados reunirse con ela, non o reciba? Pois ben, non o fixo. O tempo pasou, o desleixo da Xunta ía en aumento, nós trouxemos iniciativas a este Parlamento preguntando ao director xeral que ían facer con este pazo de Montesacro que estaba á venda, e a evasiva foi a resposta da Xunta de Galicia.

O tempo pasou, e o peche fíxose definitivo. E, ¿a consecuencia? Pois, pouco a pouco, eses 70 usuarios que tiña a residencia foron reubicados, lonxe das súas familias, lonxe do seu domicilio, coa perda dun recurso asistencial esencial para o concello de Cambados, sen que a Xunta fixese nada nin lle importase nada.

E, agora, atopámonos con outra situación. Unha empresa privada, concretamente Iberus Capital Investment Group S. L., decide mercar este ben, e dende o Concello de Cambados se insiste publicamente —porque en persoa foi imposible ao non telo recibido a conselleira— en varias ocasións en que a Xunta exerza o dereito de tanteo, que lle permite adquirir o inmovible antes da venda. Pero, novamente, non foi atendido.

En relación con todo isto, e para pechar esta parte, queremos insistir en denunciar o comportamento desta consellaría, por unha falta total de respecto institucional e por unha falla total de compromiso da Xunta coa conservación do patrimonio e coa protección dos dereitos sociais da poboación cambadesa.



E ben, dito isto, agora quero centrarme na situación na que nos encontramos. Temos un pazo de Montesacro adquirido dende o mes de xuño por unha empresa privada. Nesa situación, quero dicirlle, señora Prado, que realmente non entendemos esta parte propositiva da súa iniciativa, porque é un *totum revolutum* que carece do mínimo rigor xurídico. ¡E non será porque vostede non teña avogados nas súas filas!, pero é que non ten sentido ningún. Creo que esta iniciativa foi feita a correr para liderar este tema, cando xa había tempo que o alcalde de Cambados se puxera á cabeza e liderara este asunto.

Mire, voulle explicar por que lle digo isto. Miren, non ten sentido pedir o que vostede pide, e hai incongruencias xurídicas, polo seguinte. O primeiro que pide vostede é que se merque este inmovble. Imposible, porque este inmovble agora mesmo non está á venda; tería sentido hai un ano, pero agora xa non. Segundo, pide —e leo literalmente— «*facer valer o dereito de tanteo e retracto*». Son dous dereitos distintos. Non ten sentido; podería tamén pedir usufruto, servidume, uso e habitación... Total por pedir...

Ben, explícollo. O dereito de tanto é extemporáneo neste momento, porque é un dereito que outorga a lei nun momento inicial, cando se coñece que este ben está á venda; é un dereito de adquisición preferente polas mesmas condicións ás que está á venda. Polo tanto, a Xunta podería ter adquirido este ben antes que esta empresa. Pero, agora mesmo, xa non é posible, porque xa está adquirido. E, segundo, o dereito de retracto, que é un dereito co mesmo fundamento xurídico que o anterior, que é a adquisición preferente, si que se podería exercer no tempo, porque non transcorreron seis meses, que é o requisito de prescrición deste dereito, porque a venda foi en xuño.

Pero hai outro problema, que é que, para poder exercer o retracto, fan falla algúns requisitos. O primeiro requisito é demostrar que a Xunta non coñecía a venda. Iso é difícil porque ata publicamente se fixo unha denuncia para que se exercese o tanteo. E o segundo é que a venda non fose correctamente notificada. Isto si que se debería poder comprobar, porque, aínda que iso tamén é pouco probable, ao estar nunha zona BIC e ser un ben de especial protección, a propiedade tiña esta obriga legal. Pero bueno, é comprobable.

Por iso, nós presentamos unha emenda con moito máis rigor xurídico. O primeiro que pedimos é que se revisen detalladamente os trámites da venda e se comprobe se o propietario inicial —ou sexa, a congregación relixiosa— cumpriu os requisitos legalmente establecidos de comunicar de forma correcta á Xunta a intención de venda deste ben de especial protección. En segundo lugar, pedimos que, en caso contrario, en caso de que non se notificase, se active ese dereito de retracto, para que a Xunta si que poida adquirir o pazo nos mesmos termos, que este pase a ser propiedade pública e que se recupere a función asistencial.

Pero tamén plantexamos outra opción, para o caso de que a venda fose legal e cumprise os requisitos e, polo tanto, estes dereitos non se puidesen exercer, que é un procedemento de expropiación forzosa por interese social; unha medida, que establece a Lei estatal de expropiación forzosa e tamén a Lei galega do solo, que permite a expropiación de determinados bens de interese patrimonial e actuacións de interese social.

Polo tanto, nós, os socialistas, defendemos a defensa dos dereitos das persoas maiores e a conservación do patrimonio, que non poden supeditarse a intereses económicos privados.



Iso é o que nós pedimos, pero somos conscientes da maioría absoluta que ten o Partido Popular, e, durante todos estes anos, tamén vimos a falta de sensibilidade social de quen goberna Galicia con maioría absoluta e a falla de interese pola adquisición deste pazo.

Polo tanto, de forma subsidiaria, pedimos á Xunta que impulse e financie a construción ou rehabilitación dunha residencia pública para maiores en Cambados, atendendo ás graves deficiencias asistenciais que existen, non só no concello de Cambados, senón en toda a comarca do Salnés.

Porque a Rueda tería que avergonzarlle que nun lugar, a comarca do Salnés, onde residen 100.000 persoas, e na que a poboación maior de 65 constitúe nalgúns concellos o 25 por cento dos seus habitantes, non exista nin unha praza pública de residencia de maiores. Pero é que non só non hai ningunha praza pública dispoñible, senón que tampouco hai ningunha praza dispoñible das 168 subvencionadas pola Xunta. Polo tanto, eu pregúntome dende aquí: ¿onde está a política social da Xunta? ¿Nas mans de empresas privadas? ¿As persoas maiores deste país son consideradas mercancías polo Goberno de Rueda?

Nós non podemos seguir esperando, a poboación de Cambados e de toda a comarca do Salnés non pode seguir esperando por prazas que non chegan, nin poden seguir sendo expulsadas da súa contorna e afastadas das súas familias por culpa da inacción do Goberno. Por iso, señorías do PP, eu non sei que van facer vostedes con esta iniciativa, pero os cambadeses e as cambadesas verán o seu posicionamento ante unha realidade incuestionable, que é que Cambados e o Salnés en xeral merecen prazas de residencia públicas e dignas, e a Xunta de Galicia leva anos e anos dándolles as costas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Parlamentario Mixto renuncia ao seu turno.

Ten entón a palabra a representante do Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, bos días.

En primeiro lugar, saúdos a todos os que nos acompañan hoxe aquí.

Señora Prado, como vostede aínda vai ter unha intervención, eu interpéloa para que nos conteste aquí, de forma moi sinxela, cun «si» ou cun «non», simplemente a seguinte pregunta: ¿houbo algún cambio lexislativo en materia de patrimonio cultural que afecte Galicia dende que viñeron falar deste tema a conselleira de Política Social ou o conselleiro de Cultura? Porque, se a lei non cambiou, e vostedes saben que non cambiou, coa proposta que hoxe nos presentan, o seu único obxectivo é manipular a opinión pública con propostas que saben que son legalmente imposibles, (*Aplausos.*) buscando unicamente un beneficio político



e, en ningún caso, o beneficio para as veciñas e os veciños de Cambados. Un pouco de seriedade.

Miren, o pazo de Montesacro atópase efectivamente no ámbito do conxunto histórico da vila de Cambados, declarado ben de interese cultural no ano 2021. O Plan especial de protección e ordenamento do conxunto histórico de Cambados, aprobado no ano 1999, recolle no seu catálogo o pazo de Montesacro, parcela 04, da mazá T12, a cuxas partes A, B, C, F, G e H lles asigna o nivel de protección integral.

Polo tanto, por unha banda, o pazo de Montesacro atópase efectivamente no ámbito dun ben de interese cultural, o conxunto histórico da vila de Cambados, e, por outra, considérase integrado no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, ao aparecer recollido individualmente, singularizado, no catálogo dun instrumento de planeamento urbanístico. En conclusión, o pazo de Montesacro ten a natureza de ben catalogado, non de ben de interese cultural, que son cousas distintas. A normativa de aplicación é a Lei 5/2016 do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia, e calquera actuación que se queira executar no ben debe contar coa preceptiva autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que velará porque o ben conserve todos os valores culturais que posúe. Por esa parte, señorías do PSOE, señorías do Bloque Nacionalista Galego, todas as veciñas e veciños de Cambados poden estar tranquilos, porque a Xunta velará para que isto sexa así.

Agora ben, o intento de manipulación dos veciños vén cando o Bloque e o Partido Socialista reclaman que a Xunta exerza os dereitos de adquisición preferente estipulados na Lei de patrimonio cultural de Galicia e o incorpore ao patrimonio público, co fin de impulsar unha residencia de titularidade pública. Porque PSOE e BNG saben perfectamente que a Administración non pode legalmente exercer eses dereitos. E non os pode exercer porque a Lei 5/2016 do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia recolle, nos artigos 49 e 50, os dereitos de adquisición preferente que poderá exercer a Xunta de Galicia. Pero eses dereitos só poden ser exercidos sobre os bens de interese cultural, e non sobre os bens catalogados. Polo tanto, queda moi claro que a Xunta non ten ningún dereito de adquisición preferente sobre o pazo de Montesacro. Nin o ten agora nin o tiña antes, porque é un ben catalogado pero non é un ben de interese cultural.

E o PSOE e o BNG —e isto é o máis grave— saben perfectamente que non é un ben de interese cultural porque o Concello de Cambados, gobernado por PSOE e BNG, ten solicitado a declaración de ben de interese cultural dese pazo. Iso si, solicitaron que sexa ben de interese cultural, pero non remiten a documentación necesaria para que isto se faga efectivo. Polo tanto, o PSOE e o BNG en Cambados solicitan que o pazo sexa BIC, e no Parlamento piden que a Xunta tome medidas como se xa fose ben de interese cultural.

Quero dicirlles tamén que o BNG solicita no punto terceiro da proposición non de lei que a Xunta non autorice o cambio de uso; por unha banda, animando a que se vulnere a lei —algo moi propio, por certo—, e, por outra, obviando que o Concello de Cambados —insisto, gobernado por PSOE e BNG— é o que debe solicitar ese cambio de uso. Agora ben, se o Concello de Cambados quere salvagardar o patrimonio público do pazo —o cal me parece moi loable—, que faga como outros concellos; por exemplo, o de Lalín comprando o pazo de Liñares ou a



casa de Don Álvaro, ou o de Pontevedra, con Santa Clara. Por poñerlle dous municipios da mesma provincia e que están gobernados por partidos distintos. Claro que, visto o entendemento que hai aquí, o que se falan entre PSOE e BNG sobre este tema, posiblemente o que pase é que no Concello de Cambados pase o mesmo. Por iso tráense iniciativas que non se poden levar a cabo, e por iso intentan manipular a poboación, a ver quen ao final saca rendemento desta situación.

Mire, se o Concello de verdade estivese preocupado por ter prazas públicas de residencia, o Concello puido optar ás axudas que lle ofreceu a Xunta de Galicia para este fin, que non solicitou. Por outro lado, cómpre lembrar que a Xunta mediou con empresas do sector dende o primeiro momento para avaliar a posibilidade de que este servizo residencial de Cambados tivese continuidade, pero finalmente estes contactos non frutificaron nun acordo coa propiedade do inmovible. ¡E vostedes saben perfectamente, por moito que queiran manipular a poboación, que a Xunta non pode obrigar unha entidade privada a que siga prestando un servizo! Si pode —e así o fixo— garantir que todas as persoas que están tendo ese servizo sexan reubicadas e non deixen de telo, que poidan seguir tendo ese servizo noutra zona. E así se fixo.

Agora ben, se vostedes realmente quixesen que haxa máis prazas de residencia —que, por certo, hai 168 prazas públicas na comarca e 120, ademais, na Fundación de Amancio Ortega, na residencia de Pontevedra, ademais dos Bonos Residencia que teñen os veciños e as veciñas de Cambados—, se vostedes de verdade estivesen interesados en que os veciños de Cambados e os veciños de toda Galicia tivesen máis prazas públicas de residencias, o que vostedes estarían facendo sería reclamarlle a Sánchez, tanto o Bloque como o Partido Socialista, que lles pague o que lles debe aos galegos tamén en materia de dependencia: *(Aplausos.)* 2.500 millóns de euros cos que se poderían facer moitísimas residencias, *(Aplausos.)* cos que poderían pagar moitísimas prazas públicas de residencias. *(Aplausos.)* Que non trate peor os galegos que os vascos. Aos vascos si lles dá o 50 por cento da Lei de dependencia e, unha vez máis, aos galegos só o 35 por cento, co aplauso do Bloque Nacionalista Galego, un cómplice moi útil para Sánchez e moi inútil para Galicia.

O PRESIDENTE: Grazas.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grupo autor da proposición non de lei. Señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

A deputada do Partido Popular perdeu a oportunidade de explicar aquí por que unha empresa do seu ámbito ideolóxico, claramente —se non, pregúntelle á señora Botín, que é a xefa, en todo caso, de quen o mercou—, merca un pazo destas características investindo varios millóns de euros se non hai o compromiso de que lle van permitir facer o que el di que vai facer. ¡Porque ese pazo, se non hai unha recualificación de uso, non se pode converter nin en hotel nin noutra cousa que non sexa habitacional! *(Aplausos.)* Alguén lle tivo que prometer que ían desde a Xunta facer ese cambio. *(Aplausos.)* Perdeu a oportunidade, ¡perdeu a oportunidade! *(Aplausos.)*



Queda moi claro que o Partido Popular entre o negocio e o coidado dos maiores, escolle sempre o negocio; entre o coidado dos maiores e o negocio, o Partido Popular escolle sempre o negocio, escolle sempre beneficiar as grandes empresas. Fano neste caso, e fixérono con Altri, coa que, á hora de colocar unha bomba de relojería no corazón de Galiza e tamén para a ría de Arousa, na que viven miles de persoas, o Partido Popular escolle a bomba de relojería en vez de protexer o patrimonio do noso país. En vez de escoller mercar un pazo para manter 70 prazas residenciais que non hai na comarca do Salnés, coidar dos nosos maiores e que a veciñanza do Salnés non teña que estar a centos de quilómetros e a horas de distancia do seu familiares, escolle facilitarlle o negocio a unha empresa vinculada ao IBEX e á banca. Para sorpresa de ninguén, evidentemente, para sorpresa de ninguén.

Fixo referencia a deputada do Partido Popular a que o compre o Concello de Cambados, como fixo o de Lalín e como fixo o de Pontevedra con Santa Clara. Esqueceu dicir a deputada do Partido Popular canto puxo a Xunta para o de Lalín ou canto puxo a Deputación para o de Santa Clara. *(Aplausos.)* ¡Non teñen vergoña! O Partido Popular usa as institucións, neste caso a Xunta de Galiza, para afogar os concellos que non son da súa cor e non facer ningún investimento, aínda que este investimento beneficie os nosos maiores. Esa é a política do Partido Popular. E lémbrolles que hoxe van votar en contra de exercer ese dereito de tanteo e retracto e de non recualificar este ben, van votar en contra de que a Xunta non recualifique este ben. ¿Por que? Se votan en contra é porque se certifica o que todo o mundo sospeita: ¡que o Partido Popular lle comprometeu a esta empresa unha recualificación de uso para facilitarlle o negocio, en vez de coidar o benestar dos maiores da comarca do Salnés! Esa é a realidade que se desprende desta intervención.

Eu lamento que o Partido Socialista queira entrar nunha carreira. Eu teño que lembrarlle dúas cousiñas, señora deputada do Partido Socialista. O BNG leva desde hai dous anos preocupándose e ocupándose deste tema, traéndoo aquí a este Parlamento. Xa trouxemos esta iniciativa... *(A deputada Paloma Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non nos apuntamos á última hora, xa a trouxemos aquí. Xa a trouxemos aquí, señora deputada. Xa se votou aquí, e o Partido Popular votou en contra. Non é nada de última hora. O BNG fixo ese traballo, recolleu sinaturas, fixo charlas informativas, ocupámonos de que se soubera que estaba en risco. ¡Isto non é unha competición! Pero eu lamento que vostede veña aquí intentar descualificar unha iniciativa do BNG, láméntoo moito.

E teño que dicirlle unha cousiña. Xa sei que vostede é avogada; eu non o son, pero estamos falando aquí de política... *(A deputada Paloma Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, pero é que este non é un tema... *(A deputada Paloma Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, é unha decisión política, señora deputada. E o que pedimos aquí é...

O PRESIDENTE: Remate.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...que se exerza ese dereito. ¿Que di a lei? Di que calquera que venda un ben ten que notificarllo á consellaría competente, con indicación do prezo e das condicións. ¿E que di a lei? Que o dereito de retracto é a partir da data en que se teña coñecemento das condicións de prezo e de adiamento. Se a Consellería non tivo coñecemento do prezo e do adiamento...



O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...ata este momento, é perfectamente vixente o dereito de retracto.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Sinto que vostede veña aquí cunha cuestión legal cando sabe que esta non se sustenta.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: En todo caso...

O PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

(A deputada María Montserrat Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O PRESIDENTE: Rematado o debate sobre as proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Lara Méndez.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego respecto da tramitación dunha nova lei de Administración local de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Secundino Fernández.



Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre os obxectivos e as liñas de actuación que a Xunta de Galicia debe ter en conta para configurar un plan integral de protección, restauración, reconstrución e reactivación das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais de agosto de 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 39; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Patricia Iglesias e dona Lara Méndez.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir unha avaliación rigorosa dos requisitos medioambientais, económicos e sociais dos plans industriais estratéxicos (PIE).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Arias.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos fallos rexistrados no uso das pulseiras telemáticas para a protección das vítimas de violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 9; abstencións, 13.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Paula Prado.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Paula Prado del Río e dez deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa das iniciativas que impulse a Xunta de Galicia fronte aos recursos de inconstitucionalidade interpostos polo Goberno central contra o Plan de axilización da dependencia e a repotenciación eólica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 22; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: E votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Montserrat Prado.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(A deputada María Montserrat Prado Cores pide o uso da palabra.)

Perdón. ¿Si, señora Prado?

(A deputada María Montserrat Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Bueno, eu entendín que, co que dixo aquí, era... Pero se vostede agora quere pronunciarse, perfecto.

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Pronuncieime a respecto da intervención. Aceptamos de engádegas o punto 2, que fai referencia a que, se fallan as outras opcións, se proceda á expropiación que contempla tamén a lei.

O PRESIDENTE: Acepta, polo tanto, o punto 2, pero como engádegas.

Votamos.



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa propiedade e cos usos do pazo de Montesacro, sito en Cambados.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Abran as portas, por favor, outra vez.

Continuamos coa orde do día, neste caso interpelacións.

Interpelación das deputadas Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as *ratios* de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día.

Benvida, conselleira.

Benvidas tamén as persoas que nos acompañan hoxe desde a bancada das persoas convidadas, representantes sindicais e traballadoras das residencias de maiores de Galiza, que creo —coincidirán comigo— que saben que levan mobilizadas anos cun convenio colectivo caducado e coa negativa da patronal a sentar a negociar un novo que recoñeza unhas condicións laborais dignas a quen sostén os coidados e a atención das persoas maiores e dependentes que hai nas residencias de maiores do noso país.

Están diante dunha patronal que lles nega os seus dereitos e dunha consellería, señora García, que nin sequera se dignou a recibilas e a reunirse con elas, (*Aplausos.*) a pesar de que levan anos mobilizadas e meses solicitándolle á súa consellería e a vostede mesma que as reciba. E eu creo que coincidirán as traballadoras das residencias, e quizais tamén as persoas de Cambados que estaban antes pelexando por un centro residencial público na súa comarca, co que dicía a portavoz nacional do BNG esta mañá: que vostede non está á altura do cargo que ostenta e que, cos acontecementos dos últimos días, máis lle valía que presentase a súa dimisión. (*Murmurios.*)



E voulo dicir con claridade, porque un país que ten que decretar en tres semanas o cerre de dous centros residenciais nos que as persoas usuarias están nunhas condicións indignas, deplorables, e nos que hai traballadoras en situación de irregularidade, como vimos en Amoeiro, prestando servizo ou traballando nunha situación de explotación laboral, eu creo que ben merece que a responsable da Consellería de Política Social non só dea explicacións, senón que asuma a súa responsabilidade política.

Porque eu, claro, fágome unha pregunta. Eu creo que en Amoeiro, no conxunto de Ourense e no conxunto do país haberá moita xente preguntándose onde estaba a Consellería de Política Social, o Goberno galego, que é o competente, o responsable de velar por unhas condicións dignas, polos dereitos fundamentais das persoas usuarias nas residencias e en calquera centro de servizos sociais, cando os inspectores levantaron acta o 8 de setembro nesa residencia de Amoeiro dicindo alto e claro o que estaba acontecendo. Porque eu quero lembrar que o peche da residencia de Amoeiro se decreta o 2 de outubro, un mes despois, por orde de Inspección de Traballo, que é unha administración distinta e que deu entrada á Garda Civil despois de ver que había traballadores en situación de irregularidade sendo explotados e as condicións inhumanas, indignas nas que se atopaban as persoas residentes, desnutridas e desatendidas.

Amoeiro, Xinzo de Limia —coñecíamolo onte— son casos extremos, pero que evidencian as consecuencias que ten facer dun dereito fundamental, como é o dereito a unha vellez digna, un lucrativo negocio para un puñado de empresas. E é que, lonxe de mellorar nos últimos cinco anos, a pesar daqueles discursos —xa ninguén se acorda— grandilocuentes de que iamos ir a un modelo de coidados completamente diferente despois da pandemia da covid, a situación nas residencias de Galiza empeorou.

E vouno exemplificar en tres datos. O primeiro é que non temos hoxe máis persoal nas residencias de maiores do que había antes da covid, todo o contrario. O único cambio normativo que introduciu o Partido Popular na orde que regula desde hai máis de trinta anos a *ratio* de persoal que ten que atender as persoas maiores en centros residenciais foi recortar o persoal e deixar á marxe a obriga de contar con enfermería 24 horas para os grandes centros, que son aqueles que teñen máis de corenta persoas usuarias, a maior parte dos centros residenciais no noso país. Menos persoal en condicións absolutamente precarias; elas sábeno mellor que ninguén dos que estamos aquí.

Unha traballadora dunha residencia que non teña antigüidade non chega nin sequera ao salario mínimo interprofesional. Hai que entender que en centros como o de DomusVi de Ribadumia —por poñer un exemplo concreto—, que ten prazas financiadas pola Xunta de Galiza, hai 150 persoas dependentes atendidas en quenda de mañá por 16 xerocultoras. Non fai falta ir á facultade e facer un máster en matemáticas para ver que cada unha delas ten que atender máis de dez persoas usuarias que hai que erguer, que hai que asear, que hai que vestir, que hai que levar á mesa e, nalgúns casos, mesmo axudar para poder almorzar. Iso de día. Porque, de noite, esa orde que se fixo por alguén hai máis de trinta anos e que segue en vigor, só recortada polo Partido Popular para reducir o persoal de enfermería, nin sequera estipula o persoal mínimo que hai que ter nunha residencia de maiores en quenda de noite. Na maior parte, quedan dúas persoas para atender 150 usuarias e usuarios.



Insisto, son condicións de traballo nas que as auxiliares e o persoal das residencias teñen que atender perfís, persoas que nada teñen a ver con maiores de 60 ou 70 anos que teñen unha deterioración cognitiva, porque a súa consellería, señora Fabiola García, en contra do que di a propia lei do Partido Popular, está levando ás residencias de maiores persoas con enfermidades psiquiátricas, con drogodependencias, con adiccións —situacións de emerxencia social— que non teñen onde ir, porque vostedes non crean —como leva propoñendo, co voto en contra do Partido Popular, tanto tempo o BNG— centros específicos e servizos especializados para garantir os dereitos e a asistencia integral e profesional que necesitan estas persoas.

Isto está xerando problemas de convivencia, está xerando situacións de conflito que viven as traballadoras. E non é que o diga o BNG ou a representación sindical das traballadoras das residencias; hoxe mesmo —dicíao a portavoz nacional do BNG— está alertando incluso Inspección de Traballo, como aconteceu na segunda residencia máis grande de Galiza, no centro residencial que hai en Vigo, do risco mortal nas residencias de anciáns onde a Xunta aparca pacientes psiquiátricos. O organismo advirte á Xunta de que perigan «a vida, a integridade física e a saúde mental das traballadoras» dun dos centros públicos con persoas dependentes de Vigo, que é a segunda residencia máis grande de todo o país; residencia cuxos conflitos trouxo tamén a esta Cámara o Bloque Nacionalista Galego.

E diante desta situación de residencias con perfís que teñen necesidades cada vez máis específicas, con persoas maiores cunha dependencia maior, con traballadoras precarias e precarizadas cunhas condicións absolutamente inadmisibles en calquera sistema democrático, ¿que é o que fai o Goberno do Partido Popular? ¿Perseguir as irregularidades?, ¿actuar con firmeza con man de ferro diante da vulneración de dereitos ou das irregularidades que se detectan? Non, non, e vímolos en Amoeiro. Peor aínda; persegue a quen denuncia a situación na que se atopan estas persoas. *«La Xunta abre diligencias contra los inspectores de residencias que denunciaron chivatazos de altos cargos. Ha abierto diligencias previas de procedimiento sancionador a los inspectores que el pasado verano denunciaron que altos cargos de su propio departamento boicoteaban su trabajo, alertando a las residencias de mayores y dependientes de las fechas y horas de sus inspecciones»*.

Tes traballadores funcionarios públicos do Servizo de Inspección de Política Social denunciando que se está advertindo ás residencias de que van ir pasar inspección alí tal día, a tal hora, e ¿que fai a Xunta de Galiza?, ¿que fai a Consellería de Política Social? ¡En vez de investigar a denuncia dos inspectores, ábreille un expediente sancionador á propia Inspección de Política Social! (Aplausos.) ¡É absolutamente inadmisíbel que isto aconteza así cun Servizo de Inspección!, que quero lembrar que é raquíto, porque hai 26 inspectoras e inspectores en Política Social para atender máis de 6.000 centros de servizos sociais que hai en toda Galicia, porque non atenden só as residencias, nin sequera as áreas de maiores, senón que atenden infancia, protección de menores e todos os servizos dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade.

Señora García, a pregunta é bastante sinxela: ¿que é o que vai facer o seu departamento, a Consellería, o Goberno do Partido Popular para garantir os dereitos das persoas maiores e dependentes do noso país? Poñendo un pouco a venda antes da ferida, se vai anunciar algo,



a ver se pode ser algo que vaia cumprir. Porque sabe que este tema é recorrente. O BNG trouxémolo infinidade de veces nos últimos cinco anos, e os incumprimentos da Consellería de Política Social xa desbordan esta sala.

En decembro de 2021, eu mesma traía unha interpelación idéntica a esta que substanciamos hoxe nesta Cámara. Naquel momento, vostede mesma, señora García, o Partido Popular, en decembro de 2021 anunciábanos que todas as residencias de máis de 600 prazas ían contar cun consello asesor con funcións consultivas, nas que íades poder participar as traballadoras, os familiares, e tamén as persoas residentes. Non as teñen nin as da Xunta cinco anos despois. Ían poñer en marcha unha oficina de atención aos residentes e aos familiares. Cinco anos despois non é que non a creasen, jé que ademais votaron en contra da proposta que trouxo aquí o Bloque Nacionalista Galego en maio de 2025! E, ademais, anunciábanos que ían crear as primeiras unidades de coidados intermedios da historia da nosa comunidade. Anunciárono no 2021, no 2022, no 2023, no 2024 e nos orzamentos de 2025. Non hai ningunha creada, nin sequera a do Cegadi, que xa tiña o edificio aberto.

Así que eu, señora conselleira, vólvolle repetir a pregunta: ¿que van facer vostedes dende o Goberno do Partido Popular para garantir o dereito das persoas usuarias das residencias e das traballadoras que os coidan e os atenden? E a ver se pode non traernos fume e propaganda, porque xa vemos que levamos anos oíndo o mesmo. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi bos días.

Señora Rodil, alégrame que comparta vostede coa Xunta de Galicia a preocupación polo coidado e pola atención de todas as persoas maiores nos centros de atención á dependencia na nosa comunidade e que tamén vostede queira hoxe velar polo benestar de todos os traballadores e de todas as traballadoras, que hoxe hai que reiterar que ofrecen cada día a mellor atención e os mellores coidados para que todas as persoas maiores de Galicia se sintan nos distintos centros residenciais da nosa comunidade como nas súas propias casas. Un labor que comparto que é imprescindible e que é necesario, e é de xustiza poñer en valor hoxe e agradecer a todos os traballadores e as traballadoras a súa permanente dedicación. Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

Mire, en primeiro lugar e con respecto ás súas preguntas, quero aclarar que, ao falar de *ratios* no ámbito da atención residencial, non estamos falando en ningún caso de *ratios* estáticas, senón que se trata dunhas cifras que son dinámicas e que, ben saben os distintos traballadores, que se modifican, segundo o número de residentes que hai en cada centro e tamén segundo o seu nivel de dependencia, xa que estas necesidades asistenciais evolucionan en función da necesidade e das persoas de cada centro residencial. Estas *ratios* —como vostede



sabe, señora Rodil — fíxanse para garantir o benestar de todas as persoas usuarias dun centro e, polo tanto, non se trata en ningún caso dunha cifra que está fixada arbitrariamente, senón que responde ás necesidades do centro en cuestión e vén dada sempre pola normativa en vigor.

Miren — como saben —, entre as competencias da Consellería de Política Social e Igualdade, está a inspección dos Servizos Sociais. Son precisamente os técnicos de Inspección dos Servizos Sociais os que velan pola atención nos distintos centros de persoas maiores, por que eses centros cumpran sempre a *ratio* de persoal que marca a normativa e por que se ofrezca sempre unha atención de calidade. Isto garánteno — como lle digo — as inspeccións que se realizan diariamente a través deses inspectores dos Servizos Sociais e tamén dos distintos técnicos.

Mire, temos casos moi recentes. Temos os dous casos nos que á Xunta de Galicia non lle tremeu en ningún momento a man; falo de Amoeiro e falo de Xinzo. O que si fai a Xunta de Galicia é seguir dando pasos adiante cara a un novo modelo de coidados que estea centrado nas persoas. Un camiño que se reflicte tamén nas *ratios* de enfermería — facía vostede alusión —. Mire, as *ratios* de enfermería son unhas *ratios* que antes se establecían con base no tamaño do edificio e das prazas e que agora se personalizan en función das necesidades de todos os residentes do centro residencial. Mire, pónolle un exemplo: antes, nos centros con menos de 40 prazas non se exixía enfermería, e agora exíxese sempre e exíxese de maneira presencial. Pero, ademais, a súa intensidade varía en función das necesidades e do coidado de todas as persoas que viven nese centro residencial. É dicir, agora personalízanse os coidados de acordo unicamente coas necesidades das persoas, e isto non soamente se aplica a enfermería, senón que tamén se aplica ao persoal de atención directa en xeral. Pero é que tampouco se establecen as franxas horarias, senón que se fixan en función do grao de dependencia das distintas persoas dependentes.

Mire, señora deputada, o obxectivo da Xunta de Galicia con todas estas medidas é garantir sempre a mellor atención e os mellores coidados a todas as persoas maiores de Galicia, e precisamente por iso avanzamos nese modelo de coidados e nese novo modelo residencial; un modelo que — como vostede dicía — naceu das aprendizaxes que sacamos da pandemia; un momento — hai que recordar — no que Galicia foi unha das comunidades nas que o impacto da covid nas residencias foi inferior ao nivel estatal. Este é un modelo que tamén conta con ese asesoramento por parte de profesionais dos distintos ámbitos e que conta co asesoramento de moitísimas familias de Galicia, e é un modelo que está situando Galicia como líder na reforma da atención residencial a nivel nacional. *(Aplausos.)*

Entre outras cuestións, este modelo regula a organización dos centros atendendo unidades de convivencia de 25 persoas, o que permite crear lugares máis cómodos, máis humanos, lugares máis reducidos, nos que fomentar a intimidade e tamén aumentar a sensación de fogar, porque iso é precisamente o que son os centros residenciais: a casa, o fogar de todas as persoas maiores.

E, mire, neste sentido, eu podo darlle exemplos de actuacións que facemos para que os centros de Galicia sexan cada vez máis avanzados. Mire, é o caso das Gándaras, residencia en



Lugo, onde se están creando nestes momentos distintos espazos de convivencia e estamos aportando un financiamento de 8,6 millóns de euros para reformar integramente ese centro residencial. Póñolle outro exemplo: a residencia Torrente Ballester, na Coruña, na que estamos investindo 5,5 millóns de euros. Outro exemplo: o centro residencial de Campolongo, en Pontevedra, ao que estamos destinando 4 millóns de euros tamén para a súa reforma integral.

Mire, aínda que a vostede non lle importe, o compromiso da Xunta de Galicia é continuar avanzando sempre na mellora e na calidade da atención residencial de todas as persoas maiores, poñendo ao seu alcance os recursos necesarios para poder garantir este benestar. E, precisamente, para atender os maiores que necesitan cada vez duns coidados máis intensos, triplicamos dende o ano 2009 as prazas sostidas con fondos públicos en residencias, superando hoxe as 16.000. *(Aplausos.)* Unhas prazas ás que, por certo, hai que sumar tamén as 900 prazas públicas das residencias que constrúe e nos entrega, chave en man, a Fundación Amancio Ortega, ao que —aínda que ao Bloque non lle guste— a Xunta de Galicia dá novamente as grazas. Sete centros residenciais, dos cales os de Lugo, Santiago e Pontevedra xa están funcionando, e vai comezar a funcionar tamén moi pronto esa residencia da Coruña, de 150 prazas. *(Aplausos.)* A todas estas prazas hai que sumarlle outras 500 prazas impulsadas a través dese plan de investimentos, na maioría en concellos da provincia de Ourense, e outras 1.800 prazas máis que imos construír e poñer a funcionar a través de 24 novas residencias que a Xunta de Galicia vai impulsar.

Pero, ademais, como ben saben, Galicia conta con ese Bono Residencia, que supón unha achega adicional de 1.200 euros adicionais para custear unha praza residencial da elección das persoas maiores. E, por suposto, imos seguir reforzando os servizos de proximidade para todos aqueles maiores que queiran continuar vivindo no seu lugar de sempre; é dicir, que queiran continuar vivindo nas súas casas. Imos continuar impulsando ese bono Coidado no Fogar, que nestes momentos, nos piden e reciben máis de 33.000 persoas maiores. Imos continuar poñendo en marcha cada vez máis casas do maior —160 temos en funcionamento no noso rural, completamente gratuítas, para atender e coidar as persoas maiores— e, por suposto, imos seguir investindo cada vez máis fondos nese servizo de Axuda no Fogar, que atende cada día máis de 24.000 persoas maiores.

Pero, a todo isto, se lle suma a realidade de que Galicia é unha das comunidades con maior taxa de cobertura na atención á dependencia. Mire, señora Rodil, nestes momentos temos un 98,8 por cento de *ratio* de atención, e atendemos 88.000 persoas diariamente aquí en Galicia; *(Aplausos.)* 88.000 persoas, señora Rodil. E, por suposto, imos seguir mellorando día a día esta atención; imos continuar mellorando a atención se nos deixa o Goberno de España, porque grazas a ese plan de choque que puxo en marcha a Xunta de Galicia e que comezou a andar o 1 de xaneiro, xa temos miles e miles de persoas valoradas e que están recibindo nestes momentos a súa atención.

Mire, señora Rodil, vostede sabe que poderíamos continuar avanzando, poderíamos continuar creando máis prazas públicas, poderíamos continuar incrementando o servizo de Axuda no Fogar se o Goberno central, que vostedes submisamente sempre apoian, nos ingresase eses 2.500 millóns de euros que nos debe a todos os galegos. Mire, o señor Sánchez non



cumpre. Non cumpre nunca con Galicia pero tampouco cumpre co Bloque Nacionalista Galego, mentres que ao País Vasco lle garante ese financiamento do 50 por cento do custo da dependencia.

En definitiva, señora Rodil, estamos implantando nestes momentos ese modelo de coidados e ese modelo residencial centrado na persoa, como vostede vén aquí reclamar hoxe; un modelo de coidados no que as *ratios* de persoal e as *ratios* dos centros respectan estritamente a normativa dos servizos sociais, como non podería ser doutro xeito, e, polo tanto, un novo modelo que Galicia impulsou e que Galicia está consolidando en solitario ante a indolencia por parte do Goberno central.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Grazas, señora García. Agradécíalles o seu traballo, pero non se digna nin a recibilas nin a sentar con elas para falar das condicións nas que teñen que prestar servizo cada día, cada día nas residencias de maiores deste país. ¡Menos palmadas no lombo, máis sentar a escoitar en que condicións de traballo están! (*Aplausos.*) Porque, claro, ofrecen a mellor atención e os mellores coidados, e —engado— nas peores condicións de traballo posibles. Porque eu preguntome, de verdade, alguén que se poña por empatía na pel de cada unha destas traballadoras: ¿ti como vas prestar a mellor atención posible, con toda a vontade do mundo e o esforzo físico e psicolóxico que elas fan para facelo? É que hai que verse levantando todos os días dez persoas, e ver a que hora as tes que levantar para sentalas ás nove da mañá desayunar na mesa, señora deputada do Partido Popular. ¿Canto tempo leva levantar unha persoa, vestila, aseala e sentala a unha mesa?, ¿dános igual o que pasa aí dentro porque non é a nosa nai, o noso pai? A nós si, énos igual quen estea nunha residencia, porque calquera día somos calquera das persoas que estamos aquí ou elas mesmas. E eu volvo facerlles a mesma pregunta: ¿parécelles que poden dar a mellor atención e o mellor coidado 16 persoas para atender 152 residentes cun grao de dependencia absoluta, en centros residenciais onde a propia Xunta de Galiza está a introducir persoas que non necesitan unha residencia de maiores, senón servizos sociais integrais e especializados para as doenzas que teñen? Menos xabón, menos palmadiñas nas costas e máis dereitos laborais.

E eu non teño ningún problema con que a Fundación Amancio Ortega faga residencias neste país e llelas dea á Xunta de Galicia, (*Murmurios.*) No, *ni el más mínimo*. ¡O problema que ten o Bloque Nacionalista Galego é que así lles dan as chaves, así que fan negocio con elas! (*Aplausos.*) Claro, as dúas primeiras residencias, a de Santiago e a de Lugo —xa que falamos de condicións laborais—, entregáronselle a Fundación Fesan, non porque garantise boas condicións de traballo para as traballadoras, senón porque lle deron para abaixo ao prezo que ía pagar a Xunta ao final de mes. Iso é o que prioriza os coidados, a atención e as condicións de traballo o Goberno do Partido Popular, escollendo aquelas empresas que máis baixan o



prezo que finalmente vai ter que pagar a Administración pública. E o que abarata, ao final, sae caro, e non cumpre cos mínimos de calidade exixibles.

Señora García, leva cinco anos dicíndonos nesta Cámara o mesmo, o mesmo; os mesmos anuncios, as mesmas promesas, o mesmo fume e a mesma propaganda, e non se concretou en absolutamente nada. Eu, que vou facendo recompilación dos anuncios e das promesas, dicíallo ao comezo na miña primeira intervención: ¿que houbo de todo o que nos dixo desde o ano 2021 que ían facer? Non fixeron absolutamente nada.

Neste país, non hai unha lexislación específica en materia de residencias. Estamos regulados por unha orde de hai máis de 30 anos e pola Lei de servizos sociais de carácter xeral que deixou feita o Bloque Nacionalista Galego. Aquí o Partido Popular o único que fixo foi vetar unha proposición de lei para regular o sector das residencias para, por exemplo, endurecer o réxime sancionador para quen non cumpre, endurecer o réxime sancionador para quen vulnera os dereitos, ou mesmo que se puidesen acometer accións de carácter legal, xudicial en casos como o que vimos —coas dificultades que tivemos para acceder aos expedientes abertos— de DomusVi, no que se estaban vulnerando dereitos básicos de persoas que, nos expedientes de DomusVi que consultamos, estaban, por exemplo, sometidas a subxección física, en contra do que dispón a lei. Unha lei de regulación do sector das residencias que, desde o BNG, traíamos, por exemplo, para facer públicas as actas de inspección. Eu, ou unha persoa que queira levar alí un familiar ou mesmo ir vivir a unha residencia, teño dereito a saber, cando vou a un servizo social como persoa usuaria, cales son as condicións nas que se atopa e que din os servizos de inspección que hai irregular no seu desenvolvemento. Pero vostedes votaron en contra porque non queren que cambie absolutamente nada, queren que siga todo absolutamente igual, convertendo un dereito fundamental nun negocio moi lucrativo para un puñado de empresas.

E vostede falaba dos datos da dependencia, que son bastante paradigmáticos. Nós levamos unha pregunta mañá á comisión precisamente sobre como están desmantelando o servizo público para substituílo por axudas asistencialistas que non garanten dereitos. En Galiza hoxe estase pagando o chamado Bono Residencia, que son 400 euros, no mellor dos casos, para pagar residencias privadas, que están en 2.000 euros ao mes, a 7.766 persoas. Temos hoxe máis persoas ás que se lles dá unha axuda pírrica para pagar unha praza na privada que persoas vinculadas á Lei de dependencia ocupando unha praza pública en residencia, que hai 6.545. Di vostede que van seguir blindando o SAF: 17 millóns de euros que lle recortaron en dous meses, ¡17 millóns de euros menos! Recortáronlle en dous meses máis do diñeiro que lle incrementaron entre 2024 e 2025 nos orzamentos da Xunta. Virán agora, que están a piques de entrar os de 2026, anunciándonos a bombo e prato que están blindando un servizo que o que están facendo é desmantelar. ¡E á vista está! Entre xaneiro de 2025 e setembro deste ano, o SAF perdeu 3.432 persoas usuarias, que se van, si, a un Bono Coidado, que é o único —¡o único!— que pode escoller, porque o servizo está absolutamente colapsado, que no mellor dos casos, un grao 3, ten recoñecido o dereito a 391 euros, ¡391 euros! Vostedes desmantelan o público, o coidado profesional e o servizo, para devolver o coidado ás casas, precarizando con menos salario de 391 euros, que é menos do que cobra calquera persoa que reciba unha Risga.



Isto é indigno, é indecente, e este país merécese moitísimo máis, que é o que imos defender sempre desde o Bloque Nacionalista Galego. Un sistema, un servizo galego público do benestar, un Sergas dos servizos sociais...,

O PRESIDENTE: Grazas.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...para que, igual que se garante —remato— a educación e a sanidade como un servizo público e como un dereito, o dereito a unha vellez digna tamén se garanta a través dunha rede pública forte de coidados.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peché da interpelación, conselleira de Política Social e Igualdade.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidente.

Mire, señora Rodil, nos últimos anos a Xunta de Galicia vostede ben sabe que deu un forte impulso á atención á dependencia e a mellorar a calidade de vida de todas as persoas maiores, que son e serán sempre un colectivo prioritario para a Xunta de Galicia. E isto é así, (*Aplausos.*) e isto é así, e é algo que se pode demostrar perfectamente con datos.

Mire, o aumento progresivo dos orzamentos destinados a este ámbito de atención á dependencia: máis de 700 millóns de euros en cada orzamento; incremento do número de persoas maiores atendidas: máis de 88.000 persoas que diariamente reciben atención á dependencia en Galicia; a creación de novos recursos por toda a xeografía galega, con máis prazas en residencias, con máis centros de día, con máis casas do maior, a través desa oferta innovadora de iniciativas de mellora do envellecemento activo, como son ese programa de benestar en balnearios, a través do Carné +65, a través do programa de Xuntos polo Nadal, para que ningún pase esas datas en soidade.

Mire, señora deputada, durante todos estes anos levamos impulsando un conxunto de medidas que están orientadas sempre a que as persoas maiores poidan vivir esta nova etapa onde e como desexen. Queremos que poidan escoller libremente onde queren ser coidadas e sempre, por suposto, tendo en conta que non todas estas persoas necesitan en cada momento unha atención residencial.

Miren, señorías, como xa lles expliquei tamén na miña primeira intervención, Galicia avanza cara a ese novo modelo de coidados que sexa máis humano, máis tecnolóxico, pero sobre todo tamén —algo que é fundamental— máis coordinado e entrelazado co sistema sanitario de Galicia.

Podémolo comprobar a través dos distintos cambios normativos, a través das renovacións arquitectónicas que estamos facendo nos distintos centros residenciais da nosa Comunidade, a través da dixitalización de todos os centros e tamén, por suposto, no orzamento dispoñible.



Imos continuar dando pasos en firme, como fixemos cada día, e farémolo dende a ambición, dende a altura de miras, pero tamén o imos facer sempre dende o realismo. Ímolo facer incorporando melloras transversais, pero nunca buscando eses culpables que intenta sinalar o BNG, e farémolo, por suposto, para darlles a todos os galegos a atención que queremos para os nosos pais, para os nosos avós, pero sobre todo esa atención que nos gustaría ter cando sexamos maiores e que nos dean a nós mesmos.

Mire, señora Rodil, esta mesma mañá (*Murmurios.*) —non me estraña— o Bloque Nacionalista Galego pediulle ao presidente da Xunta de Galicia o meu cesamento por facer o meu traballo, por facelo ben, por respectar a decisión... (*Murmurios.*), —non sei que lles produce tanta graza, señora deputada—, por facer o meu traballo, por respectar a decisión da Inspección dos Servizos Sociais, por pechar de forma inmediata, de forma contundente, dous centros que presentaban deficiencias graves e nos que se prestaba mala atención ás persoas maiores de Galicia, e vostedes pediron o meu cesamento. (*Aplausos.*) ¡Que vergoña, que vergoña!

Nunca nos vai temblar a man se hai que seguir pechando vivendas comunitarias ou residencias en Galicia, pero imos velar sempre pola mellor atención e pola mellor calidade de vida de todas as persoas maiores. Vostedes piden o meu cesamento, pero tamén ao mellor hai que pedirllas o cesamento aos xefes do Bloque Nacionalista Galego, o cesamento da señora Ana Pontón... (*Murmurios.*) Si, si, digo os xefes da señora Ana Pontón, que son Paulo Carril, secretario xeral da CIG; e Néstor Rego, secretario xeral da UPG. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, señora Rodil, hai que ser menos submisivo ao seu brazo sindical, a CIG, e hai que respectar máis as persoas maiores e defender máis as mulleres de Galicia. (*Aplausos.*) Aí é onde imos estar nós.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación do deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de atención sanitaria ás persoas maiores, singularmente nas provincias máis envellecidas

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Bo día, señor conselleiro, e grazas pola súa presenza.

Como vostede sabe, a Autonomía galega é unha das zonas do mundo máis envellecida. Iso ten unha lectura negativa, pero tamén ten unha lectura positiva. Iso quere dicir que ata certo



punto desfrutamos de boa saúde e de boa calidade de vida, pero, por outro lado, ten, entre outros moitos inconvenientes, que a atención sanitaria terá que especializarse en base a ese efecto.

No caso concreto da provincia de Ourense, esta cuestión aínda se agudiza máis. A provincia de Ourense é a provincia cun índice de envellecemento maior dentro da comunidade autónoma, o cal polo tanto a coloca nunha das partes do mundo nas que a pirámide demográfica está máis invertida e polo tanto hai unha esperanza de vida maior e unha maior proporción de xente maior, que adoita entenderse a que pasa de 65 anos, dunha maneira máis ou menos convencional.

É unha cuestión que ata ten sido obxecto de estudo por parte de sociólogos e por parte de especialistas, pero a cuestión, como lles dicía antes, é que os servizos sanitarios que aporta neste caso o Goberno da Xunta de Galicia pois terán que ir progresivamente tomando conciencia do feito e tomar as medidas pertinentes, sobre todo porque o problema prevese que se agrave ou que se agudice nos seguintes anos, porque a xeración do *baby boom* precisamente entra nese sector de idade.

Curiosamente, a provincia máis envellecida da Autonomía, que é a provincia de Ourense, non conta cun servizo hospitalario de xeriatria, un servizo co que si contan outras provincias, como son a de Lugo e a de Pontevedra, concretamente no HULA e no Hospital do Meixoeiro.

Loxicamente, parécenos algo paradoxal que na provincia de Ourense, precisamente a que máis precisaría desta especialidade, que é unha especialidade MIR por certo, e que é unha especialidade como por exemplo a xinecología, a pediatría ou outras especialidades, pois tería a súa maior razón de ser, e as persoas dese rango de idade vense na necesidade de ser atendidas por especialistas en medicina interna, ou doutras especialidades, que, sen desmerecer para nada a súa profesionalidade, digamos que non son as persoas formadas nesa especialidade concreta.

E, ademais, respecto destas persoas maiores, que a miúdo padecen pluripatoloxías, varias patoloxías diferentes das cales pois ao mellor hai que priorizar o tratamento dunha sobre outra, ou incluso tomar decisións ao respecto de se teñen que ser hospitalizadas ou se teñen que ser levadas a un centro de día ou se poden ser atendidas no seu domicilio por familiares, etc., esa clase de decisións só as pode tomar un especialista en xeriatria, e ao mellor non co mesmo grao de eficacia outro profesional médico.

Entón, ben, as cuestións que lle vou plantexar é se o Goberno galego ten pensado realizar un estudo deses obxectivos, ou das necesidades asistenciais da poboación maior en Galicia, concretamente na provincia de Ourense, un estudo que entendemos necesario e preciso para tomar as decisións axeitadas neste ámbito. Se hai previsión concreta para dotar a área sanitaria, as tres áreas sanitarias da provincia de Ourense, que son a da cidade, a de Verín e a de Valdeorras, dun servizo hospitalario de xeriatria, que entendemos moi necesario, por motivos moi obvios. Se, loxicamente, está prevista unha dotación orzamentaria suficiente, no caso de que teñan pensado implementar esa especialidade nas áreas sanitarias de Ourense, que espero que si, que esa é unha das cuestións que quero que me aclare.



Nós imos confiar, unha vez detectado o problema, e, unha vez que llo estamos lembrando, pois espero que o Goberno galego tome canto antes a decisión de dotar a provincia de Ourense, as tres áreas sanitarias, deste servizo especializado hospitalario de xeriatría.

Pero neste caso, no que digamos que estou esperanzado de que así sexa, gustaríanos saber que dotación orzamentaria estaría contemplada, para poder avaliar en que grao pois podería ser eficaz esa implementación. E, dende logo, respecto dun calendario ou dun cronograma, en que marxe de tempo pois podería estar ese servizo implementado na provincia.

E aquí podo facer algo, medio en serio medio en broma, como eu xa vou pensando tamén un pouco en entrar nesa franxa de idade, pois ata a nivel persoal me interesa sabelo, porque teño pensado non moverme da provincia de Ourense, a ser posible no resto que me queda de estar neste *valle de lágrimas*, como alguén lle chamaba.

Sinxelamente, como digo, eu son e espero que sexa perfectamente consciente desa realidade da provincia de Ourense, que está envellecida, que precisa uns servizos especializados de xeriatría, un servizo hospitalario. Ben, como vostede é médico, estou seguro de que coñece perfectamente cales son as especificidades concretas, patolóxicas, físicas ou psíquicas, destas persoas maiores, e polo tanto non vou agora darlle leccións de nada nese sentido. Pero xa como xestor, como xestor no ámbito sanitario, como conselleiro que é da consellería, pois que me respondese na medida do posible a estas cuestións.

En que grao se están facendo estudos para poder tomar as decisións axeitadas, se se ten pensado dotar a provincia de Ourense deste servizo —que espero que si— e despois os aspectos de orzamento e de cronograma para que nos poidamos facer unha idea cabal de como se desenvolverá no futuro, a ser posible no curto prazo e, se non, pois no medio prazo, e como está esta cuestión.

De momento, nada máis, grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Aínda estás ben conservado, Armando, aínda es novo, ademais estás ben conservado. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, xa, xa, pero estás ben conservado.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

É un feito que aquí, Galicia, é un dos territorios máis lonxevos do mundo. Ese logro, froito de décadas de avances médicos, sociais e económicos, exponnos agora a un reto ineludible: garantir que ese aumento na esperanza de vida se traduza en máis anos de vida, pero máis anos con saúde, con dignidade e con autonomía.



A sanidade ten un papel central nesta tarefa. Por iso debemos avanzar cara a un modelo de saúde que prime a prevención e sobre todo a atención continuada.

A nosa Comunidade sitúase —repito— entre as rexións máis envellecidas de España. A información poboacional da tarxeta sanitaria indica que Galicia conta con preto de 707.000 persoas de máis de 65 anos con aseguramento sanitario público na rede do Servizo Galego de Saúde; delas case 372.000 persoas teñen máis de 75 anos.

Como vostede dixo, señoría, Ourense é unha das provincias máis envellecidas de España. Segundo os datos estatísticos, no ano 2024, o 35,5 por cento da poboación da provincia tiña 65 ou máis anos, o que está moi por riba da media nacional, que rolda o 22 por cento. Este perfil demográfico implica que a maioría dos pacientes que son atendidos na sanidade pública son persoas de idade avanzada, frecuentemente polimedicadas e pluripatolóxicas, con certo grao de discapacidade ou dependencia funcional. Créame cando lle digo que somos coñecedores desa circunstancia e que estamos preparados para dar resposta. O Goberno galego é plenamente consciente do reto demográfico de Galicia e, en particular, do reto demográfico da provincia de Ourense. Este é o motivo polo cal levamos anos incorporando a análise das necesidades asistenciais da poboación maior e a planificación sanitaria ordinaria. Polo tanto, señor Ojea, non é precisa a realización dun estudo exhaustivo sobre a poboación maior. Esas consideracións fanse continuamente; xa están integradas no sistema de planificación, asistencia e avaliación do Servizo Galego de Saúde. É dicir, monitorizamos a evolución da poboación de referencia e adaptamos a asistencia ás necesidades en cada momento.

Centrándonos na parte puramente asistencial, os servizos de medicina interna e xeriatría —do mesmo xeito que os servizos de atención primaria— son eixes centrais da asistencia a este tipo de pacientes, integrando todos os coidados hospitalarios e comunitarios. O envellecemento progresivo da poboación e o aumento do número destes pacientes require unha atención especial dos sistemas de saúde en todos os niveis asistenciais. Con todo, señoría, debe entender que o feito de que unha persoa sexa maior non fai que a súa atención se deba circunscribir a un único especialista ou a un nivel asistencial concreto. Desde a Consellería de Sanidade, avogamos por unha intervención sanitaria transversal, multidisciplinar e que reforce a coordinación entre todos os axentes para mellorar a atención aos pacientes complexos, crónicos e fráxiles. Os pacientes de máis de 75 anos pluripatolóxicos requiren unha forte coordinación entre os niveis asistenciais, polo que sería un erro restrinxila exclusivamente á responsabilidade dunha única especialidade médica, que, como ben dixo, conta con poucos especialistas polo momento —insisto—. Ademais, no ámbito da atención hospitalaria, conviven numerosos especialistas que poden actuar prestando unha asistencia compartida como liña de atención; isto é, para compartir un espazo organizativo e asistencial dentro dun hospital no que se integran de maneira eficaz e eficiente diferentes recursos e profesionais tanto de Medicina Interna como de Xeriatría.

Esta visión resulta eficaz, xa que as persoas maiores presentan un maior risco de efectos adversos por polifarmacia e pola inmovilidade. No que respecta ao caso concreto da Área Sanitaria de Ourense, dispoñemos de servizos de Medicina Interna de referencia nos tres hospitais da área sanitaria, asegurando a equidade nos recursos sanitarios que se ofrecen á poboación. Ademais —e isto é importante—, cada hospital conta cun servizo de hospitali-



zación a domicilio —o famoso Hado—, que nos últimos anos non fixo máis que crecer e que só no que vai deste ano leva máis de 750 ingresos. Este modelo está deseñado para aproveitar a complementariedade entre especialidades, para mellorar a calidade e a eficiencia na atención hospitalaria e para optimizar recursos, abordando de maneira integral as necesidades sociais e tamén asistenciais.

Como xa dixeran, a medicina interna e a xeriatria son especialidades médicas que teñen coñecementos e habilidades no coidado dos adultos maiores e poden —e deben— traballar en colaboración. Actualmente, no Servizo Galego de Saúde existen dous servizos de Xeriatria, situados nos hospitais de Lugo e de Vigo —que se integran nun modelo interdisciplinar que rexe en toda Galicia—, como tamén hai xeriatras traballando en servizos hospitalarios doutros centros que non contan cun servizo específico de Xeriatria. En todas as áreas sanitarias hai, polo menos, un xeriatra; sen ir máis lonxe, o Servizo de Hospitalización a Domicilio do Barco de Valdeorras conta cun xeriatra na súa plantilla. Sendo conscientes do papel que xogan os xeriatras —pero tamén do déficit de profesionais que hai actualmente en Galicia nesta especialidade—, desde a Consellería de Sanidade levamos anos fomentando a formación sanitaria en xeriatria para reforzar eses equipos multidisciplinares. Na última convocatoria, ofertamos o 100 por cento das prazas de formación en xeriatria e o 100 por cento das de enfermería xeriátrica. Isto fai que actualmente o Servizo Galego de Saúde conte con catorce residentes formándose nestas especialidades, residentes que posteriormente se integrarán no noso sistema de saúde.

Señoría, aínda que sabemos que isto de por si non é suficiente, si é o reflexo da vontade da Xunta de Galicia para potenciar esta especialidade, tendo moi presente que a asistencia ás persoas maiores require dunha atención integral. Con isto quero dicir que, máis que poñer o foco nun servizo de atención hospitalaria específico, temos que concibir a atención como un todo, como un conxunto de ferramentas e de recursos humanos ao servizo do coidado da saúde; un todo que englobe a atención primaria e a hospitalaria desde o fogar ata o centro sanitario. Tanto as sociedades científicas de atención primaria como as de medicina interna defenden unha visión centrada no paciente; ambas as dúas especialidades comparten unha vocación profundamente humanista, integradora e centrada nas persoas, condicións esenciais para a atención ao paciente ancián.

O papel da atención primaria neste proceso é crucial. Este nivel asistencial é o máis próximo ao paciente, contando cunha visión lonxitudinal e transversal e cunha capacidade de prevención e de detección precoz moi acreditada. Neste caso concreto, a Área Sanitaria de Ourense representa o exemplo paradigmático do papel fundamental que xoga a atención primaria na atención á poboación maior. A orografía complexa, a elevada dispersión da poboación e os numerosos núcleos rurais supoñen un reto adicional para a planificación sanitaria en Ourense. Boa mostra diso é que Ourense é a área sanitaria co maior número de centros de saúde de toda Galicia, garantindo así unha atención accesible, próxima e de calidade. Por iso, son os servizos de atención primaria os que garanten unha continuidade de coidados lonxitudinal. (Aplausos.)

Precisamente, Ourense foi pioneira na sectorización das súas consultas de referencia nos distintos centros de saúde para asegurar a optimización da continuidade asistencial e a co-



laboración entre todos os niveis asistenciais. Para potenciar este modelo de atención non só contamos cos recursos propios da atención primaria hospitalaria, senón que imos máis alá coa atención domiciliaria e as actividades comunitarias. No día de hoxe, Ourense conta con sete equipos de soporte de atención domiciliaria —as famosas ESAD—, sendo a área sanitaria con máis equipos de toda Galicia, formados por profesionais de enfermería que representan un cambio importante na maneira na que se brinda a atención sanitaria no rural á poboación maior con máis necesidades e con máis atención sanitaria.

Do mesmo xeito, os servizos de atención primaria, en colaboración co tecido social, tamén potencian as actividades comunitarias. Ourense é un exemplo destacado neste tipo de actividades, desenvolvendo proxectos que fortalecen a participación ao cidadán, a prevención e o acompañamento ás persoas maiores. Señor Ojea, esta organización non é froito da improvisación, senón dunha evolución e dunha adaptación ao contexto real e ás necesidades desa área sanitaria. Nun contexto social tan cambiante, orientado proporcionalmente cara a unha estrutura social demográfica envellecida, o modelo existente para a atención ás persoas maiores é o adecuado. E digo «cambiante» porque debemos adaptalo non só aos cambios sociais, senón tamén aos cambios tecnolóxicos e á incorporación de novas tecnoloxías, como o apoio no seguimento diagnóstico ou as plataformas tecnolóxicas de monitorización a domicilio, como Telea. Facer así unha medicina realmente orientada aos resultados en saúde é un dos factores fundamentais da sanidade actual. Polo tanto, máis que circunscribir —insisto— a poboación maior a unha especialidade médica, debemos formular accións dirixidas á identificación proactiva de pacientes complexos e fráxiles, tanto no ámbito da atención primaria como no ámbito do hospital. Facer unha xestión proactiva da cronicidade, cun seguimento continuo da rede asistencial de maneira articulada entre o ámbito comunitario e o ámbito hospitalario é, sen ningunha dúbida, garantía de éxito. A madurez da rede existente entre a atención primaria e a medicina interna está dando unha resposta axeitada e de calidade á poboación anciá e de maior complexidade da provincia de Ourense. O éxito deste modelo é o motivo polo cal debemos continuar reforzando e incrementando os seus recursos, e así o faremos, co obxectivo último de mellorar a atención dos nosos maiores.

Por agora, máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bueno, teño que confesar que me decepcionou un pouco a súa resposta, porque deduzo dela que non se vai implementar en Ourense ese servizo hospitalario de xeriatria. Di vostede que cos servizos de Medicina Interna que xa existen na actualidade e o labor dos profesionais que imparten eses servizos é suficiente. E eu podería dicir —botando un pouco man da demagogia— que xa que cobren perfectamente as necesidades nesa materia o resto dos profesionais que traballan de xeito coordinado co resto dos especialistas e xa que é igual telo que non telo, tamén podería dicirlle, entón —xa que é igual— que se quite o Servizo de Xeriatria hospitalario de Vigo e que se traia para Ourense. ¡Xa que é o mesmo...!, pois, entón,



que o teñamos nós e non os de Vigo. Non; non o vou dicir, porque eu penso realmente que non é o mesmo e, polo tanto, tampouco vou pedir que se lle quite a ninguén; o que vou pedir é que se nos dea a nós.

Mire, nos últimos tempos —non sei se é por esa icona simbólica en que se converteu a provincia de Ourense neste tema da lonxevidade, que ten saído en moitos sitios—, lévanse realizado na cidade varios congresos de xeriatria —como seguro que xa sabe—; non sei se escolleron a cidade precisamente por esa especie de icona en que se está convertendo a provincia, pero si tiveron lugar diferentes congresos desta materia. Nós falamos cos profesionais porque, entre outras cousas, ás veces o propio Concello lles cede certos espazos; e todos nos din unanimemente o mesmo: non é comprensible que a provincia máis envellecida da autonomía e na que, ademais, no futuro inmediato se vai agudizar ese problema —como xa se está agudizando cada día—, non conte con este Servizo hospitalario de Xeriatria. Que si, que é unha especialidade que ten as súas especificidades —que non llas vou contar eu a vostede—, pero non hai que ter moito máis dun dedo e medio de fronte para saber que as persoas maiores, nas súas condicións de vida saudable —dentro do que se poida— sempre teñen polipatoloxías, están polimedicadas e hai que tomar decisións en relación co grao de hospitalización que deben ter... Por certo, elas están consumindo os recursos que poderían estar utilizando —digamos— a poboación en xeral; quero dicir, cando se están saturando determinados servizos porque o de medicina interna —ou outros que son moi demandados polas persoas maiores— está saturado con esta clase de pacientes, sen estar de todo ben atendidas desa maneira —por non ter os tratamentos específicos que proporciona a especialidade concreta—, eses profesionais están deixando de traballar axeitadamente co resto da poboación. Nós entendemos que este Servizo de Xeriatria Hospitalaria nas tres áreas sanitarias da provincia de Ourense é imprescindible e necesario, e avogo ou demándolle que lle pida ao seu goberno que o implemente nesas áreas sanitarias, que o dote do orzamento suficiente —como é lóxico— e que o faga canto antes posible. Por iso falabamos tamén do cronograma.

Eu tiña a esperanza de que me ía dicir: «¡Si, si; señor Ojea, xa está todo en marcha e en breve imos implementar ese servizo! Pero vostede saíu un pouco polos cerros de Úbeda —que creo que está na provincia de Xaén— e dixo un pouco o de sempre: alabou o bo labor dos profesionais sanitarios —que non poñemos en dúbida—, pero a xestión —neste caso, a xestión política— do Goberno ten que ir máis alá. Ímolo seguir pedindo, imos seguir demandándoo para a provincia de Ourense. Hoxe falamos deste servizo en concreto, pero imos seguir demandando outro tipo de servizos nos que consideramos que a provincia de Ourense permanece discriminada. E farémolo non soamente no ámbito sanitario, senón no resto dos ámbitos.

Nada máis. Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.



Señor Ojea, lamento decepcionalo, pero eu creo que non interpretou ben as miñas palabras. Eu dixen que a asistencia sanitaria á xente maior na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras está garantida a través dunha continuada asistencia entre a atención hospitalaria e a atención primaria.

Tamén dixen que están formándose neste momento en Galicia catorce residentes en xeriatria, e imos integralos no sistema sanitario. Por tanto, non sei por que perdeu a esperanza de que a Área de Ourense teña un servizo de Xeriatria. Terao, sen ningunha dúbida. Iso pode telo por seguro, ¿vale? (*Aplausos.*)

Temos que ter claro que coidar das persoas maiores implica actuar nos distintos niveis asistenciais de maneira coordinada, porque o modelo asistencial galego se concibe como un sistema global que integra todos os niveis asistenciais: a atención primaria, a hospitalaria e tamén a domiciliaria; é dicir, desprazar os coidados do hospital ata o fogar do paciente. A atención aos nosos maiores require políticas públicas claras, investimento sostido e unha planificación no longo prazo. Esta atención require un enfoque integral, coordinado e multidisciplinar. Servizos como medicina interna, xeriatria, atención primaria e atención domiciliaria constitúen os eixes centrais da atención. Non se pode restrinxir esa atención a unha soa especialidade, que parece que é unha cousa na que vostede se volca moito. Non, non, a sanidade non funciona así. Todas se complementan: atención primaria, outras especialidades hospitalarias, xeriatria e hospitalización a domicilio. Todas son importantes, e é preciso un traballo conxunto que mellore a eficiencia, a calidade asistencial e, por suposto, a satisfacción dos pacientes e das súas familias.

Señoría, o maior éxito dos sistemas sanitarios públicos modernos é a anticipación e a prevención; é dicir, evitar a enfermidade. A prevención, a xestión activa da cronicidade e a coordinación entre os diferentes niveis asistenciais son os piares fundamentais dun sistema orientado cara á anticipación. Nese sentido, Ourense é un exemplo destacado de aposta pola atención comunitaria. Grazas ao traballo dos equipos de atención primaria e á colaboración do tecido social e institucional a través dos plans locais de saúde, estanse a desenvolver proxectos que fortalecen a participación cidadá, a prevención e o acompañamento das persoas con maior vulnerabilidade. Durante este ano, lévanse realizado en Ourense 137 obradoiros de saúde, nos que participaron preto de 2.200 persoas. Son actividades comunitarias que demostran a súa utilidade como instrumento para reforzar a equidade, a cohesión territorial e o acompañamento das persoas maiores. Ourense non só destaca polas actividades comunitarias, senón tamén polo papel que xogan os equipos de soporte á atención domiciliaria, os famosos ESAD. Como lle comentei na miña primeira intervención, eses sete equipos cos que conta a provincia de Ourense, formados por catorce profesionais, achegan os coidados a cada fogar. Desde a súa posta en marcha, estes equipos realizaron máis de 49.000 consultas na provincia de Ourense, o que reflicte que unha de cada catro consultas dos ESAD en Galicia son na área de Ourense.

Señor Ojea, o que temos que ter claro é que a atención sanitaria está garantida a todos os niveis. Para a Xunta de Galicia, os nosos maiores son unha prioridade. A aposta da Xunta non queda só na potenciación dun modelo de continuidade asistencial entre a atención hospitalaria e a primaria, nos ESAD ou na hospitalización a domicilio; apostamos por ir máis



aló. Por iso estamos rematando, entre a Dirección Xeral de Planificación Sanitaria e a Dirección de Asistencia Sanitaria, o Plan galego do paciente crónico complexo, tal como xa avanzara o presidente da Xunta neste Parlamento. É un plan ambicioso que comezará a súa pilotaxe no vindeiro ano 2026 e que terá un alto impacto na poboación envellecida e con maior complexidade asistencial. (*Aplausos.*)

Señoría, estou firmemente convencido de que o envellecemento da poboación non é un problema; ao contrario, é un indicador do progreso da nosa sociedade e unha oportunidade para reforzar a cohesión interxeracional. Neste sentido, é fundamental garantir a accesibilidade do sistema sanitario e fomentar a atención domiciliaria e a atención teleasistida. As persoas maiores son depositarias de coñecemento, de experiencia e de valores, e o sistema sanitario debe estar preparado para responder ás súas necesidades con eficacia, con seguridade, con equidade e con respecto. Iso é o que procuramos cada día desde a Consellería de Sanidade e desde o Servizo Galego de Saúde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación das deputadas Noa Olalla Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a orientación e a xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención ás vítimas de violencia sexual

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BEGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Señora conselleira, antes de máis, xa que antes me interpelou directamente cando eu estaba no meu escano, ¡risa ningunha!, o que me produce é escándalo. Prodúceme escándalo ver que a máxima responsable de Igualdade e de Política Social e este Goberno, ante un caso gravísimo dunha residencia na que actuou Inspección de Traballo —¡non Política Social, Inspección de Traballo!, porque tivo que entrar a Garda Civil aí; se non, vostedes seguirían cos brazos cruzados—, non asuman responsabilidades por iso. ¡Claro que me produce escándalo! Prodúceme escándalo que, por riba, veña vostede aquí coa *machistada* de que ten que dimitir a portavoz nacional do BNG, non se sabe moi ben por que. ¿Está gobernando a portavoz nacional do BNG?, ¿está gobernando? Oxalá sexa en breve. Por riba, vén dicir aquí, outra vez, que nas mulleres do BNG mandan homes. Señora conselleira, iso será no Partido Popular. No BNG, as militantes, (*Aplausos.*) as responsables políticas e as mulleres da dirección mandamos en nós mesmas e decidimos mancomunadamente cada posición política. Iso é o que me produce escándalo no meu escano. Claro que debería estar vostede dimitida por iso e por bastantes máis cousas. Dalgunhas, imos falar agora.

Hoxe interelámola por algo tan importante —¡tan importante!— e tan fundamental como é a atención ás vítimas de violencia sexual en Galiza. Facémolo, señora conselleira, por responsabilidade, porque situar a violencia sexual no centro do debate é un éxito colectivo do feminismo e do movemento social, e non imos renunciar a que siga na axenda do debate



nin imos permitir que se deixe de facer e que se banalice unha violencia tan importante, pese aos intentos, neste contexto, de ataque ao feminismo e de avance de posicións reaccionarias. Non imos permitir nin un só paso atrás, tampouco no avance de máis dereitos e de máis recursos.

Señora conselleira, hai tres formas de dar pasos atrás: a primeira é facer deixamento de funcións e non desenvolver os dereitos que recollen as leis; a segunda forma é facelo mal, facer que os recursos non funcionen e que, polo tanto, non se coñezan e non se usen, e a terceira é desmantelar o sistema público para favorecer a entrada do beneficio privado, privatizar servizos esenciais. Vostedes, lamentablemente, fan as tres cousas á vez. Fan as tres cousas á vez e o ámbito da violencia sexual é un reflexo.

A lei galega recoñece a violencia sexual como unha forma de violencia machista xa desde o ano 2007, moito antes de que o Estado español —por certo, co Partido Popular no Goberno— ratificase con tres anos de atraso —do 2011 ao 2014— o Convenio de Istambul. Por certo, desde entón, aínda que o Partido Popular tiña esa lei avanzada, non fixeron vostedes grandes esforzos nin para que se trasladase que os recursos contra a violencia machista estaban dispoñibles tamén para este tipo de vítimas nin tampouco para implementar novas medidas, mesmo en casos en que chegamos a acordos unánimes neste Parlamento. No ano 2018 —quero recordar—, houbo un acordo neste Parlamento para un dos puntos —nada ambicioso—, que era que a Consellería de Igualdade se comprometiese a incluír un apartado específico visible na páxina web da Secretaría Xeral referente aos recursos que hai en materia de atención á violencia sexual. Tan pouca ambición teñen que, anos despois, iso segue sen facerse. É un exemplo da súa pouca autoexixencia.

En todo caso, o que queremos centrar hoxe é que, aínda que hai recursos, chegan a unha minoría das vítimas. Póñolle datos para que nos fagamos unha idea: se en Galiza houbo no 2024 un total de 880 delitos coñecidos rexistrados contra a liberdade sexual, as vítimas de violencia sexual, especificamente, ás que chegan os recursos da Xunta, collendo os datos dos seus propios informes anuais, son 130 aproximadamente. Iso sería un 14,7 por cento das que denunciaron, e iso sen ter en conta, ademais, que —como temos dito moitas veces— hai unha estimación da propia Xudicatura de que só un 20 por cento das vítimas chegan a denunciar este tipo de agresións. Polo tanto, facendo unha extrapolación, falaríamos de máis de 4.400 agresións no noso país e, por tanto, é evidente que necesitamos máis recursos para que cheguen á maioría das vítimas e non a unha minoría. Nese sentido, hai que cumprir o que vén na lei e hai que cumprir tamén as propias promesas do Goberno.

Eu non sei se sabe o que é isto, señora conselleira, (*A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños amosa uns documentos.*) xa que estamos próximos a entrar no debate orzamentario. Este é o tomo II da *Memoria de orzamentos*, dos orzamentos que están vixentes hoxe, de 2025. É unha colectánea de desideratos que, no caso da súa Consellería, podería ser unha obra de ficción. Lemos na páxina 37: «Obxectivos para este presente ano do Goberno galego, así como a posta en marcha dunha nova liña de axudas para as vítimas de violencia sexual». ¿Por que, señora conselleira, non impulsan desde o autogoberno unha liña de axudas específica para a violencia sexual?, ¿por que non apoian a proposta do BNG de que as vítimas de violencia sexual poidan acollerse á axuda periódica? Supoño que vostede igual vén aquí con escusas



dicindo que é o Estado quen ten que implementar este tipo de axudas. É certo que, coa lei do si é si na man, o Estado debe financiar esta axuda, pero non é menos certo que esa axuda está obstaculizada hoxe no ámbito do Estado porque son as comunidades do Partido Popular as que están impedindo un criterio unánime para unificar como se acreditan esas vítimas de violencia sexual.

Nós o que dicimos é que, en todo caso, aínda que o Estado vaia atrás, que Galiza vaia adiante. Vostedes, desde o autogoberno, teñen capacidade para acreditar que vítimas de violencia sexual hai no noso país e para implementar, desde os recursos do autogoberno, unha axuda específica. Polo tanto, fágano e cumpran as súas propias palabras. Fágano e cumpran as propias cuestións que vostedes están poñendo nos orzamentos da Xunta porque, se non, o que estarán demostrando é que están facendo oposición ideolóxica porque están cada vez máis escorados cara á tese da extrema dereita.

Mais, sobre todo, hoxe, queríamos centrar a nosa interpelación nun recurso que debería ser esencial, importante e ben dotado no noso país. É un recurso que debería ampliar dereitos: os centros de crise 24 horas para atender as vítimas de violencia sexual. Eu quero recordar que, hai algo máis dun ano, pese á posición do feminismo galego —ten vostede un escrito que non sei sequera se leu asinado por máis dunha trintena de organizacións feministas deste país que recolleron sinaturas—, pese á oposición tamén de moitos colexios profesionais e, por suposto, tamén da primeira forza política deste país, vostedes decidiron que eses centros de crise 24 horas para Galiza ían ser outro nicho de negocio para o mercado privado. No lugar de reforzar o sistema público e de implicar eses centros dentro da rede pública, decidiron sacar un macrocontrato de 7,5 millóns de euros para empresas amigas do Partido Popular: Eulen e OHL, que tanto che reparan unha fochanca nunha autovía como atenden vítimas de violencia sexual. Iso xa apuntaba, efectivamente, mal, porque no lugar de reforzar o sistema público, vostedes preferiron montar centros privados. Pero, por riba, tardaron meses en informar aos CIM dos protocolos, e a chapuza foi tal, que non foron capaces sequera de sacar, en tempo e forma, unha campaña de publicidade para dar a coñecer á sociedade galega a existencia deste recurso.

Hoxe interpelámola, señora conselleira, de forma concreta, porque o Bloque Nacionalista Galego, como primeira forza da oposición e como forza política responsable e comprometida co feminismo, quixo fiscalizar desde o primeiro momento cal era o resultado destes centros de crise. Quixo verificar se esa dotación de persoal era suficiente, como dicían vostedes, ou se era insuficiente, como advertiamos nós e os colexios profesionais. Nós pedimos datos reiteradas veces desde este Parlamento e temos que anunciar hoxe aquí que vostedes obstaculizan o noso labor político de control ao Goberno. Vostedes acaban de negar, outra vez, a dación de contas a este Parlamento.

Nós reclamamos —e sabemos que non somos os únicos— esta información concreta: o número de usuarias atendidas; a tipoloxía da atención —se é psicolóxica ou legal—; a forma de atención —se foi telefónica ou presencial— porque —insistimos— hai un número de psicólogos e de psicólogas insuficiente para dotar ese servizo presencialmente; cal é a recorrencia na atención, é dicir, cantas veces se atende cada unha das vítimas que chega a este recurso; cal é a orixe da derivación das usuarias, para ver se iso está a funcionar desde outros



recursos ou non, e que campañas ou actuacións de sensibilidade fixeron estes centros, porque hai que recordar que neses pregos de contratación tamén se exixían grandes campañas de sensibilización, como facer unha campaña nun instituto urbano por cada centro de crise.

Nós, como forza política, solicitamos datos concretos que foron denegados. A última escusa é que xa informarán cando se cumpra un ano. Esa foi a escusa que remitiron por correo electrónico a este Parlamento, pero sabemos que tamén están ocultando a información aos medios de comunicación. Sabemos que, cando menos, o xornal dixital *Praza Pública* pediu información sobre eses centros e esta foi denegada, e eu sei tamén que un colectivo de mulleres profesionais dun ámbito concreto do noso país pediu eses datos tamén pola Lei de transparencia e aínda non foron remitidos.

Polo tanto, a pregunta é clara: ¿que ocultan, señores do Partido Popular?, ¿que ocultan sobre a chapuza dos centros de crise?, ¿por que este país non ten dereito a ver se funciona ou non ese recurso que está sostido con fondos públicos?, ¿a que teñen medo, señora conselleira? Reclamamos transparencia porque queremos auditar cal é a situación destes centros de crise, se están a funcionar ou non, e cales son os ámbitos de mellora. Iso é o que temos que facer responsablemente desde as institucións se queremos avanzar en dereitos; se queremos facer, como nos gustaría ao BNG, que Galicia estea á cabeza da loita contra a violencia sexual e que Galiza estea traballando no importante, que é corrixir todas esas debilidades que o Informe Grevio detecta para o Estado español e que, dentro do noso ámbito do autogoberno, sería posible resolver. Nós propoñemos que o faga, que sexan transparentes —xa vexo que non lle interesa moito tema—, e seguiremos insistindo en que tamén os centros sexan de xestión pública e directa e en que impulsen medidas desde o autogoberno, como as que xa citamos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Presas, en primeiro lugar, vostede debería informarse un pouquiño máis do que aconteceu en Amoeiro, porque acaba de demostrar nesta tribuna que non sabe absolutamente nada.

Mire, en segundo lugar, vostede preguntaba hoxe se a señora Pontón está gobernando: «¿Está gobernando a señora Pontón?, ¿está gobernando?», dicía. Claro que está gobernando a señora Pontón, é socia fiel do señor Pedro Sánchez no Goberno de España; (*Aplausos.*) no Goberno de España, señora Presas. Pero, ademais, non soamente no Goberno de España; aquí tamén. ¡Pero se a señora Pontón é a presidenta do Goberno de Galicia! ¡Na sombra, iso si!, na sombra.



Mire, por moito que vostedes digan, por moito que vostedes falen, o compromiso do Goberno galego na loita contra todo tipo de violencia exercida contra as mulleres, eu penso que é inquestionable. Mire, hai moitos anos xa que a violencia sexual está recoñecida en Galicia como violencia de xénero e contamos nestes momentos con medidas de prevención e medidas de protección específica para todas as vítimas. De feito, levamos xa dúas décadas con importantes avances, conseguindo posicionar Galicia como referente na loita contra a violencia sexual e sendo, nestes momentos, unha das comunidades con máis e mellores recursos para este fin. Levamos anos ampliando e mellorando os servizos e os distintos recursos que poñemos cada día á disposición de todas as mulleres de Galicia, e facémolo actuando de dous xeitos vertebradores: en primeiro lugar, a través da prevención e da sensibilización, que eu considero que é unha ferramenta fundamental para reducir a incidencia e para promover o respecto, a igualdade e a protección dos dereitos de todas as mulleres; e, en segundo lugar, dándolle esa atención integral a todas as vítimas con medidas económicas, sociais ou tamén de atención psicolóxica.

En canto á sensibilización, facemos foco e centrámonos sempre na poboación máis nova, na xente xove, con accións informativas e en centros educativos, con accións nas distintas universidades e, por iso, chegamos á mocidade cos cinco centros Quérote Máis, cos 84 CIM —espallados por toda Galicia e aos que se sumarán, por certo, catro novos CIM móbiles que entrarán en funcionamento moi pronto, un por provincia—, e tamén con protocolos contra as violencias sexuais ou LGTBI-fóbicas.

Mire, chegamos á mocidade con eses puntos lila, con eses puntos arco iris, nos principais festivais durante o verán, e tamén continuaremos chegando a todos eles a través da futura Lei de violencia dixital, que conterà medidas para frear a violencia sexual a través das redes. Pero, para chegar tamén ao resto da poboación, traballamos directamente, traballamos da man cos distintos concellos de Galicia, a través de campañas de sensibilización e tamén das máis de 160 mesas de coordinación institucional que están plenamente operativas.

Ademais da prevención, eu quero resaltar hoxe a importancia vital que ten nestes momentos a disuasión, algo que é imprescindible e que así vimos reclamando tamén ao Goberno central: unha maior presenza policial en todas as rúas de Galicia, especialmente tendo en conta que máis do 50 por cento dos delitos se producen fóra do ámbito doméstico.

Xunto a esta aposta pola prevención e pola sensibilización, contamos con medidas orientadas á atención integral de todas as vítimas de violencia sexual, con esa aportación económica que lles damos ás vítimas de explotación sexual ou de trata, que chegou no ano 2024 a 25 mulleres; con esa atención habitacional, con tres casas de acollida en Galicia —en Santiago, en Ourense e tamén en Lugo— para o seu aloxamento temporal, e tamén a través da atención psicolóxica que se lles dá a todas as vítimas, con programas de intervención para mulleres que son vítimas de abuso, de violencia sexual ou tamén vítimas de trata.

Quero facer especial mención ao papel pioneiro de Galicia na loita contra a trata. Estamos traballando xa nestes momentos no segundo plan para continuar avanzando na protección de todas estas vítimas. E si, señora Presas, tal e como se reflectía nos orzamentos para o ano 2025 e como eu mesma defendín nesta Cámara, temos 1,2 millóns de euros reservados



para axudas específicas para vítimas de violencia sexual. Pero, igual que lles pasa ao resto das comunidades autónomas a nivel nacional, estamos aínda pendentes de que o Ministerio determine o procedemento básico para a acreditación das situacións das violencias sexuais; un procedemento que quedou sobre a mesa na reunión sectorial do mes de xuño, ante as reticencias mostradas pola maioría das comunidades autónomas. Pero, mire, en canto a este punto —xa quedou aclarado—, teña por seguro que convocaremos estas axudas e, por suposto, que se unirán aos recursos que a Xunta de Galicia ten dispoñibles en todo momento.

A este abano de recursos únense tamén eses centros de crise polos que vostede me pregunta hoxe; uns centros de crise que están plenamente operativos desde finais do ano nos concellos de Ferrol, de Santiago, de Lugo, de Vigo e de Ourense. Polo tanto, a Xunta de Galicia cumpriu coa súa obriga pese aos agoiros da oposición. Eu coido que o fixemos ben e o fixemos con nota. A realidade é que dende Galicia estamos dando exemplo e que puxemos en marcha todos estes centros de crise antes do prazo marcado pola lei, que é algo que non todas as comunidades autónomas poden dicir.

Abrimos, polo tanto, en Galicia os cinco centros, un máis, por certo, do que nos exixía a Unión Europea, e situámoslos tamén nas contornas dos hospitais para evitar a revitimización. Estes centros de atención, por moito que vostedes insistan, son centros públicos e son centros gratuítos, señora Presas; centros que están nestes momentos a pleno rendemento, con atención presencial 24 horas ao día e os 365 días do ano, dándolles apoio ás vítimas, (*Aplausos.*) dándolles ese apoio psicolóxico, xurídico e social a todas as que son vítimas de violencia sexual, que non teñen que esperar nin cinco minutos para ser atendidas nestes centros de crise, algo que é posible grazas a un completo equipo profesional, no que se inclúe persoal administrativo, traballadores sociais, psicólogos e tamén xurídicos, o que permite facer precisamente esa atención integral e, sobre todo, facer esa atención integral e facela nun mesmo recurso, para que ningunha muller de Galicia se sinta soa, se sinta desprotexida ante unha situación tan grave como a que lle poida estar pasando.

Mire, non foron poucas as dificultades ás que nos enfrontamos á hora de poñer en marcha todos estes centros, pero o realmente importante é que conseguimos abrílos pese aos atrancos que nos atopamos todas as comunidades autónomas —a propia ministra recoñeceu que se viu obrigada a ampliar os prazos— e aos que Galicia non foi allea pero foi capaz de sortear e de superar. Polo tanto, unha vez máis, Galicia cumpre e seguirá cumprindo, e fai os deberes protexendo todas as vítimas de violencia de xénero e vítimas de agresións sexuais na nosa comunidade.

Mire, non poden dicir o mesmo outras comunidades autónomas que acumularon meses e meses de atraso para finalmente ofrecer centros con horario restrinxido ou soamente con atención telefónica. En Galicia, a atención é cen por cento presencial, señora Presas. Polo tanto, os cinco centros de crise de Galicia están traballando nestes momentos con total normalidade, teñen as súas portas abertas para atender todas as mulleres que poidan sufrir violencia sexual, e, se non demos os datos ata o de agora, foi porque queríamos esperar, como sempre, a facer un balance anual, como facemos con eses informes anuais que vostede coñece de violencia de xénero.



¿Porque é importante facer eses balances, eses informes anuais? Para poder ter sempre unha visión máis axustada e máis completa da actividade que prestan estes centros de crise 24 horas. Pero, por suposto, será un informe anual que vai contar con todos os datos, con todos os programas e con todas as actuacións realizadas por cada un dos cinco centros de crise que están abertos nestes momentos. Polo tanto, señora deputada, non hai nin ocultación, nin hai opacidade, nin hai ningunha falta de transparencia; o que hai detrás deses centros é traballo, é atención e rigorosidade, e, por suposto tamén hai discreción.

Señora Presas, mire, Galicia ten a fortuna de contar cun goberno que está comprometido coa erradicación da violencia contra as mulleres, un goberno que defende e defenderá sempre a tolerancia cero coa violencia sexual contra as mulleres e, por suposto, un goberno que aposta por unha resposta social e institucional conxunta para previla e sempre darlles a mellor atención e a atención máis axeitada a todas as vítimas.

Polo tanto, nunca vou cansar de repetilo: a calquera muller que sufra unha violación ou unha agresión sexual, pedímoslle que denuncie, que teña a tranquilidade e a seguridade de que a Xunta de Galicia vai estar ao seu lado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica señora Presas,

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Si, unha muller pode contar coa Xunta de Galiza ante unha denuncia por unha agresión sexual, a menos que o presunto agresor sexa alguén que senta con vostede no Consello da Xunta, que entón xa sabemos que a Xunta de Galiza vai estar do lado de apoiar que non se fiscalice a filtración da identidade da vítima e de facer un panexírico público. *(Aplausos.)*

Mire, señora conselleira, non sei que lle volve pasar o señor este do Partido Popular, que sempre quere intervir nos debates de igualdade. Pida poñerse vostede de conselleiro, de voceiro, pero, mentres, déixeme falar, porque non me van calar. Aínda que non haxa moderación neste Parlamento, aínda que neste Parlamento as deputadas do BNG non sexamos atendidas pola Presidencia, non nos van calar, imos seguir denunciando que o caso Villares foi e é unha vergonza. *(Aplausos.)* Rectifiquen vostedes. Recordarémolo cada vez que falemos dos recursos das vítimas de violencia sexual. *(Protestas.) (Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Silencio, por favor!

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: O tempo supoño que me será compensado, señora presidenta.

Mire, señora conselleira, isto non é o club da comedia. Pode vir vostede aquí facer mofa das intervencións desta deputada ou de quen considere, pero realmente o que está facendo vostede é demostrar o pouco que lle importan as vítimas. ¡Oxalá lle obsesionasen tanto os máis



de 800 casos de agresión sexual que se denunciaron en Galicia no 2024 como lle obsesiona a actividade política do Bloque Nacionalista Galego! *(Aplausos.)* Mellor nos iría se fixesen vostedes os seus deberes. *(Murmurios.)*

O señor deputado, que non debeu estar atento o resto da mañá, sabe perfectamente que os deputados e deputadas do BNG que non están no hemiciclo é porque están apoiando uns paros nos que tamén están denunciando que o corpo das mulleres palestinas se usa como arma de guerra. ¡Claro que si! *(Aplausos.)* ¡Claro que si! ¡Si, si! A importancia das vítimas de agresión sexual é á que ten o pouco respecto que ten este grupo parlamentario e o Goberno que sustenta. ¡Pero non nos van amilantar e pode seguir facendo xestos toda a mañá! Agora, eu non vou saír de aquí sen acabar a miña intervención. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Silencio, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Se interrompen vou ter que parar o tempo e non remataremos a sesión da mañá.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: O tempo pode ilo parando, porque eu vou acabar a miña intervención. ¡Iso xa llo digo!

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Evidentemente. ¿Esa consideración é por algo?

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Aínda que fagan como antes e non me dean a palabra no micrófono como cando pedín o amparo do Regulamento deste Parlamento. Eu non vou irme de aquí sen acabar a miña intervención... *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Vostede pode seguir.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ¡Que pensan que o Parlamento é a súa feira e non o é!, ¡non é a súa feira! Nós estamos aquí escollidos polos galegos e galegas coa mesma lexitimidade, así que aprendan un pouco de educación e a escoitar. *(Aplausos.)*

Mire, señora conselleira, a proba do pouco que teñen que presumir en materia de atención ás denunciante da violencia sexual é que, unha vez máis, intentan distraer coa cuestión da trata, pero é que tampouco con iso valen as súas desculpas. Fala vostede do Plan da trata. O seu señor director xeral de Violencia xa prometeu que ía estar no verán; non está no verán, estamos acabando o 2025, e o plan, que xa rematou no 2024, non está renovado. E veu a este Parlamento por fin o informe de avaliación despois de que tamén o pedisemos reiteradas veces porque tardaron nove meses en facelo público. Así que non sei exactamente de que presume, ou se presume da cuestión dos CIM móbiles, outro axente privatizador do Partido Popular. Vostedes, en lugar de negociar cos concellos e de buscar unha fórmula pública, acababan de sacar tamén unha concesión para privatizar outro recurso que debiera ser directamente público, señora conselleira. ¡É que ese é o retrato do seu Goberno: privatiza e precariza! E dío o propio Consello de Contas, que deixou ás claras este verán que vostedes reduciron persoal e que cuestións tan importantes como a Rede de acollemento son maioritariamente privadas, en mans de asociacións privadas.



Ese modelo vai en detrimento da calidade da atención ás vítimas de violencia, e tamén da suficiencia. E pónolle datos do seu Goberno, mire. O Programa terapéutico para mulleres fixo 8 horas de terapia individual, por case 216 que atendeu no 2024 —por certo, menos que no 2023—. Aínda collendo esa referencia, todas as vítimas que denunciaron no 2024 precisarían máis de 7.000 horas de terapia; iso sae a 1.400 por centro. É imposible prestar iso con só tres psicólogos e psicólogas por centro, que, evidentemente, non poden estar traballando 24 horas.

Polo tanto, é evidente que é insuficiente, e por iso ocultan os datos. ¡E si, eu volvo dicir que ocultan os datos! É que ten vostede, señora conselleira, na pregunta por escrito na interpe-lación, preguntas concretas: ¿cantas vítimas foron atendidas por cada un dos centros de apertura do recurso? Pedimos datos desagregados por centro de que tipo de atención, que tipos de recursos se destinaron a esas vítimas, e de que perfil profesional os atendeu; datos que deberan dar vostedes publicamente desagregados para que os grupos da oposición, o asociacionismo e os medios de comunicación poidan facer cadaquén o seu traballo de fisca-lización do seu Goberno.

Este é un asunto moi serio. Se unha parte do tempo que empregan vostedes en difamar á oposición e en facer seguidismo da estratexia do Estado do Partido Popular a destinasen a ser transparentes, a xestionar e buscar a mellora dun recurso do que xa están anticipando o caldo de cultivo para acabar eliminándoo por oposición ideolóxica á lei do si é si, mellor nos iría ás mulleres deste país.

Polo tanto, pola nosa banda, non imos parar ata ter esta información desagregada, non imos parar tampouco ata convencelos de que estes centros teñen que ser de xestión pública e di-recta, máis aínda estando implicados os centros sanitarios, porque o lóxico sería a conexión co Sistema Público de Saúde e que puidesen ter así un funcionamento adecuado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra novamente a señora conselleira de Política Social e Igual-dade.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, se-ñora presidenta.

Señora Presas, vostede sempre vén a esta tribuna cos mesmos mantras. Unha vez máis, fala vostede de ocultación, fala vostede de falta de transparencia por parte do Goberno galego. Pero, ¿non se dá conta vostede de que por moito repetir un mesmo tema, ese tema non se converte en verdade, señora Presas? (*Aplausos.*) ¡Non se converte en verdade por moito que o repita!

Hai cousas que vostedes dende o Bloque Nacionalista Galego non poden cambiar. En canto á xestión dos centros de crise 24 horas, vostedes non poden negar que a Xunta de Galicia



actuou de forma áxil, poñéndose en marcha antes de acabar o prazo; que a Xunta de Galicia actuou de forma proactiva, poñendo en marcha un centro máis dos que nos exixía a normativa europea, e que a Xunta de Galicia foi garantista dando esa atención presencial 24 horas ao día, todos os días do ano, señora Presas.

Pero mire, en canto á actividade, xa lle contestamos. Fixémolo por activa e tamén o fixemos por pasiva: imos presentar un balance anual da actividade detallada de cada un dos centros de crise 24 horas que hai en Galicia; un informe de cada centro de crise, dos cinco centros que hai na nosa comunidade. Imos facer un informe con todas as mulleres que atenderon nos centros, con todas as intervencións psicolóxicas que se fixeron, coas intervencións xurídicas e con todas as atencións telefónicas que se lles deron. E, ademais, avanzo que durante estes primeiros meses de actividade destes centros, máis de trescentas mulleres xa foron atendidas polos distintos centros de crise da nosa comunidade.

Mire, señora Presas, vostede vén a esta tribuna e fárame aquí continuamente de feminismo. ¿Pero que feminismo defende o Bloque Nacionalista Galego?, ¿que feminismo defenden vostedes, as deputadas e os deputados do Bloque Nacionalista Galego? ¿O feminismo da lei de *solo si es si*, que permite excarcelar e rebaixarlles a condena a violadores e agresores sexuais? ¿Ese é o feminismo do Bloque Nacionalista Galego? (*Aplausos.*), ¿ou é o feminismo de comprarlles pulseiras antimaltrato ás vítimas de agresións sexuais e facelo en Aliexpress desprotexendo todas as vítimas?, ¿de que feminismo me falan vostedes? ¿Das viñetas machistas e sexistas contra unha conselleira que a portavoz do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón, non é capaz de condenar polas súa submisión aos coroneis da CIG? ¿É ese é o feminismo que defenden vostedes? (*Aplausos.*), ¿ou é o feminismo de boicotear o outro día na cidade da Coruña un acto de recoñecemento á traxectoria persoal e profesional de dúas mulleres de Galicia, e á Policía Nacional?, ¿é ese o feminismo que defenden vostedes? ¿Que é o que lles molesta, señora Presas?, ¿que é o que lles molesta? ¿Ou é o feminismo de apoiar de forma incondicional un goberno, o Goberno de España, o Goberno de: «*A ti te gusta más Adriana*»; «*no sé, la Carlota se enrolla que te cagas*»? ¿ese é o feminismo que apoian vostedes? (*Aplausos.*) Miren, os deputados e as deputadas do Bloque Nacionalista Galego sempre destilaron independentismo e comunismo, pero é que agora apestan tamén a machismo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rematado o debate, procedemos a suspender a sesión, que será reanudada ás 16 horas.

Bo proveito a todos e todas.

Suspéndese a sesión ás dúas e nove minutos da tarde e retómase ás catro.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Boa tarde.

Reiniciamos a sesión.

(*Murmurios.*)



Prégolles aos señores e señoras deputados que tomen asento ou, polo menos, que non fagan ruído. (*Murmurios.*)

Empezamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta da deputada Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o anuncio do Goberno de España referido á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a normativa galega que regula o plan de axilización da dependencia e da discapacidade ou a repotenciación dos parques eólicos

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, esta mesma mañá, este Parlamento tivo a oportunidade de manter un debate sobre a mesma cuestión que motiva a pregunta que lle formulamos: a interposición dun recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno presidido polo señor Sánchez contra determinados preceptos da Lei 5/2024, de medidas fiscais e administrativas, aprobada por este Parlamento de Galicia. O Executivo central non quixo chegar a un acordo na Comisión Bilateral Estado-Xunta e agora pretende bloquear os avances lexislativos incluídos nesa norma e, en concreto, os artigos que fan referencia ao ámbito da dependencia e ao sector eólico.

O atropelo acompáñase dunha desvergoña dificilmente comprensible. O Goberno de España ten a desfachatez de frear o Plan de axilización da dependencia e da discapacidade, que permitiu as homologacións automáticas das que xa se beneficiaron máis de 10.200 galegos e galegas, pero, ao mesmo tempo que intenta paralizar este mecanismo pioneiro en Galicia, cópiao para aplicalo na normativa estatal —iso si—, limitando os seus efectos: 65 por cento de recoñecemento automático máximo no Estado, e ata o 100 por cento en Galicia. Porque ata cando copian, copian mal.

No ámbito eólico, a impugnación estatal busca, entre outros efectos, frear a normativa que regula o proceso de repotenciación dos parques eólicos; unha iniciativa que busca reducir o impacto visual e ambiental destas instalacións ao tempo que se aumenta a produción enerxética, e unha iniciativa da que se benefician fundamentalmente os veciños e veciñas dos concellos e comarcas onde están instalados eses parques, a través de beneficios ambientais, da creación de emprego a nivel local, da participación de investidores locais neses proxectos, do impulso da investigación ou da redución de custos enerxéticos para consumidores locais. Pero a Pedro Sánchez nin lle gusta Galicia nin lle gusta a opinión política dos galegos, e por iso decidiu responder o castigo que os galegos lle infrinxen cada vez que son consultados nas urnas castigando calquera iniciativa que poida redundar no benestar dos propios galegos.

O debate desta mañá resultou moi útil para saber onde se sitúan os grupos desta Cámara ante este novo atropelo do Goberno Frankenstein. E debo comunicarlle con tristura, señor



conselleiro, que unha vez máis estamos sós; ou, mellor dito, que contamos exclusivamente coa compañía dos galegos, que seguen apoiando maioritariamente este partido e desmentindo, de xeito igualmente maioritario, as manipulacións e mentiras da oposición. En definitiva, señor conselleiro, no que fai referencia a este Parlamento, mellor sós que mal acompañados, e, no que se refire ao que pasa fóra destes muros, mellor na compañía dos galegos que na dos que só buscan boicotear o progreso deste país. Nós imos seguir apoiando o Executivo na defensa do autogoberno de Galicia, e por iso queremos formularlle a pregunta que xa coñece porque a temos rexistrada.

Máis nada por agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Moi ben. Grazas, presidenta.

Señoría, moitas grazas.

Pois, como pode imaxinar vostede, o que opina o Goberno galego acerca da interposición deste recurso é exactamente o que vostede nos trasladaba. É certo que non é a primeira vez que o Goberno do Estado nos acusa de querer facer unha declaración de independencia —xa o fixo cando foi a nosa Lei de costas—, que nos intenta boicotear e nos leva a un tribunal —ao Tribunal Constitucional— o último día de prazo dispoñible para poder presentar ese recurso. É certo que agora o volveu facer coa lei do ano pasado. A verdade é que non entendemos o boicot e esas ganas de persistir nese boicot do Goberno de Pedro Sánchez, e tamén dos seus socios, porque finalmente apoian todas e cada unha das medidas que levan a cabo.

Nesta ocasión, vemos —ou podemos comprobar unha vez máis— cal é a estratexia de Pedro Sánchez con respecto a aquelas comunidades autónomas nas que ou non ten un Goberno amigo ou ben os resultados electorais —como vostede dicía— non son os agardados. Tenta enfrontar para dividir, enfrontar para discriminar e, sobre todo, para castigar eses territorios. E os exemplos en Galicia dende hai tempo son moitísimos, a lista de agravios é longa.

Respecto do transporte ferroviario e aéreo —por falarlle dalgunha das cousas que levamos nesta consellaría—, pois a verdade é que podíamos falar longo e tendido de toda esa discriminación que sempre se fai con Galicia. E vímolos a semana pasada con esa Lei de mobilidade, a cal, por certo, non sei se saben que o Grupo Socialista no Congreso apoiou e o Grupo —o Grupo, non; o deputado— do Bloque no Congreso tamén aprobou. Dígoo porque son representación galega e, sen embargo, aprobaron eliminar máis de 30 paradas en Galicia e discriminar moita xente destes concellos.

Pois agora Pedro Sánchez volveu facelo contra dúas medidas que non acabamos de entender. É certo —e dicíao hoxe o presidente da Xunta pola mañá— que levamos a cabo un plan de



choque, que foi fantástico, que nos permitía poñer ao día todas as valoracións pendentes na dependencia e na discapacidade, e fomos quen de asimilar o grao 3 da dependencia co 100 por cento da discapacidade. Con isto, ¿que faciamos? Pois non faciamos ningunha declaración de independencia, senón que axilizabamos todas esas valoracións, e moitas máis persoas podían entrar no sistema. Fíxese se a aposta era boa que o Goberno do Estado, cando fixo a súa reforma posterior á nosa, tamén nos copiou. É certo que foron menos ambiciosos — como dicía vostede —, porque o grao 3 da dependencia o asimilan ao 65 por cento da discapacidade; non se atreveron co 100 por cento, non sei por que. Supoño que a discapacidade para eles non ten importancia. Polo tanto, é unha vía que é posible, unha vía que nós puxemos en práctica, unha vía na que nós fomos quen de ser os primeiros, e o Goberno nos continúa. Sen embargo, pese a esta situación...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...presentan este recurso do que despois seguiremos falando. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica. Señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, a estas alturas, ninguén pode ter dúbidas sobre a vontade permanente de confrontación do Goberno do señor Sánchez coa Xunta de Galicia. O Goberno tentou boicotear os intereses de Galicia en tantas ocasións como fracasos obtivo nos seus patéticos intentos por atacar esta Comunidade. Dicía vostede que non é a primeira vez. Non, claro que non. Hai que recordar a devolución dos 200 millóns do IVE dos galegos, a impugnación da Lei de saúde de Galicia, o recurso contra a Lei do litoral de Galicia. Cada un dos avances que o Goberno galego conseguiu foi á custa de arrincalo das mans do señor Sánchez coa forza da lei e dos tribunais, e talvez ese sexa un dos motivos polos que ao señor Sánchez parecen gustarlle tan pouco os xuíces. O que a outros se lles entregaba envolto en papel de regalo, a Galicia se lle racanea poñendo trampas, poñendo zancadillas e obstaculizando por calquera medio o que debería ser unha simple colaboración entre institucións.

Galicia non merece este desleixo, pero tamén é certo que España non merece este presidente. É un presidente manchado pola sombra dunha corrupción que alcanzou o seu partido, que alcanzou o seu Goberno e que ata alcanzou o seu contorno máis persoal. Galicia non pide nin folios, nin *lechugas*, nin *chistorras*; Galicia tan só exige respecto polas súas institucións e polo seu autogoberno. E dixémolo moitas veces: nin máis que ninguén nin menos que ninguén; porque nós sabemos que, cando contamos coas mesmas oportunidades que os demais, é a forza dos galegos a que xa se encarga de poñer este país onde corresponde. Saiba vostede, conselleiro, que esa forza —a dos galegos— vai seguir acompañando a Xunta na súa defensa dos nosos intereses en forma de maioría neste Parlamento e en forma de apoio inmensamente maioritario cada vez que se lles consulta aos galegos nas urnas.



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Ánimo...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...e estamos con vostedes, señoría. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica do Goberno. Señor Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Pois si, a verdade é que ese listado de intentar boicotear Galicia segue crescendo día a día, porque hai un novo atraso tamén en infraestruturas acerca da transferencia da AP-9; é a prorroga número 45. Isto parece increíble, pero van 45 veces nesta lexislatura, e 60, se sumamos a anterior, nas que o Partido Socialista impide que se debata esta lei, que foi aprobada por unanimidade dos tres grupos parlamentarios aquí. Pero esta é a forma de actuar do Partido Socialista e do Goberno de Pedro Sánchez.

Dicía eu que unha parte dese recurso ía contra a parte da Lei de dependencia na que nós intentamos levar a cabo ese plan de choque do que xa se viron beneficiados máis de 10.200 galegos, e que, en contra do que dicía o voceiro do Partido Socialista, este recurso de inconstitucionalidade —se sae adiante— supón a paralización dese plan de choque. Eu supoño que as miles de persoas que van ver paralizada a súa tramitación urxente recibirán unha explicación por parte dos deputados do Grupo Socialista. Xa sei que Sánchez non o vai facer, pero supoño que o Partido Socialista en Galicia, que apoia ese recurso, dará unha explicación a esas persoas, e, polo menos, terá a vergoña de non volver falar de determinados asuntos, por exemplo, na sede parlamentaria. Supoño que iso o farán. É máis ben un desexo, porque xa sei que non vai ocorrer; isto é o que ten.

Pero ese recurso de inconstitucionalidade tiña unha segunda parte e é que, efectivamente, hai unha intención por parte dos grupos que están na oposición neste Parlamento de paralizar a evolución do sector eólico. Saben vostedes que fomos punteiros no seu día en Galicia e saben vostedes que, nos últimos anos, toda a tramitación que se quere levar a cabo en Galicia se paraliza. Pois ben, a Xunta de Galicia foi valente, e levou a cabo medidas que creo que eran importantes para todo, pero sobre todo para a xente, para a poboación, como era reducir o número de torres que existían en Galicia. Se se reducen o número de torres, sobre todo nos parques antigos, con esa repotenciación, haberá menos torres aínda que a potencia siga sendo a mesma e, ademais, beneficios para a comunidade. Pois iso tampouco lle vale ao Goberno socialista. Non sabemos cal é a motivación final. Esperemos que ese recurso que se presente, cando o teñamos e poidamos avalialo, teña algunha razón. Pero pódolles adiantar que, máis aló do que poña o propio recurso, quen non entende absolutamente nada do que fai o Goberno de Sánchez son os galegos e as galegas. E non se olviden: non entenden o



que fai o Goberno de Sánchez, pero tampouco entenden quen lle aplaude en Madrid, por moi bravos que se queiran poñer aquí cando Sánchez non está diante.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pregunta da deputada Iria Taibo Corsanego, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego en relación coa intervención do Estado de Israel en Gaza

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Taibo.

IRIA TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidenta.

Hoxe secundamos os paros convocados en todo o país para que a sociedade galega poida mostrar o seu apoio ao pobo palestino e ao seu dereito a decidir e para exixir a fin da ocupación ilegal e medidas políticas económicas reais e efectivas de illamento contra o Estado sionista de Israel.

O pasado 7 de outubro fixéronse dous anos desde o inicio da campaña de xenocidio planificado do pobo palestino por parte de Israel. Nestes dous anos, o Estado sionista asasinou case 70.000 persoas, aínda que moitas fontes afirman que esa cifra de mortos é dez veces superior. Porén, non podemos esquecer que a ocupación de Palestina comezou moito antes, hai case oito décadas. Non podemos esquecerlo porque, desde logo, mentres non remate a ocupación do territorio palestino non podemos considerar que rematou a ofensiva sionista contra este pobo. Non podemos considerar que rematou a ofensiva sionista contra este pobo. Non toleraremos o plan imperialista para que Gaza acabe convertida nun resort vacacional co beneplácito da Unión Europea. A paz non será real se a comunidade internacional impide que Palestina decida o seu futuro sen inxerencias externas.

A pesar do espectáculo organizado por Donald Trump en Exipto, Israel segue a lanzar ataques en Gaza. Loxicamente, o cesar o fogo é imprescindible e urxente como primeiro punto de partida, mais non fica en absoluto clara cal é a solución para o verdadeiro problema de fondo; o verdadeiro problema de fondo é a ocupación. Non fica claro cal é o plan a medio prazo para a recuperación e, sobre todo, para a supervivencia do pobo palestino, para respectar o seu dereito a decidir o seu futuro sen inxerencias.

Tras dous anos de xenocidio e apartheid e da fame provocada polo estaba sionista como arma de guerra, tampouco fica claro cales van ser as consecuencias para Benjamin Netanyahu. O Tribunal Penal Internacional emitiu unha orde de detención internacional contra o primeiro ministro de Israel, que polo momento non serviu de nada e fica por ver que teña algunha consecuencia.

A sociedade galega demostrou en moitas ocasións o seu apoio ao pobo palestino; a última delas, a manifestación do pasado 5 de outubro, que colapsou a cidade de Santiago de Com-



postela, convocada pola Coordinadora Galega de Solidariedade con Palestina. Un representante desta coordinadora está hoxe aquí connosco.

A pesar da resposta do pobo galego e da presión social en todo o mundo contra o apoio dos diferentes estados ao réxime sionista, o Goberno galego dedícase a normalizar Israel a través de acordos comerciais e un apoio e patrocinio institucional que resultan vergoñentos. Lembremos, por exemplo, a indignante recepción que o Goberno galego e este propio Parlamento fixeron ao representante da embaixada de Israel no Estado.

Teñen vostedes unha nova oportunidade para condenar o xenocidio cometido polo Estado de Israel contra o pobo palestino. O Goberno galego debe manifestar a súa posición en relación cos dereitos do pobo palestino, que é o que lle pedimos agora, señor conselleiro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Pero ¿realmente nos está a preguntar a nós? Porque a verdade é que non saio do meu asombro.

Vostedes están a apoiar un presidente do Goberno que estivo o outro día no tratado de paz, que lle foi dar a man a ese que vostede dicía imperialista. Ese é o seu socio, señora Taibo, non é meu, jeh!, nin de ningún dos que estamos aquí; é o socio seu. Grazas a eles, vostedes gobernan en Santiago, con moi poucos concelleiros, por certo, por agora, por certo; grazas a eles, vostedes están nas deputacións; ou, grazas a eles, gobernan en Pontevedra. E cada vez que o ven, ¿que fai o señor Rego, que é o que manda no Bloque? Pois facerlle a ola, señora Taibo.

Preguntoulle o outro día no Parlamento e parecía un mansiño que era tremendo, falando como non vaia ser que se me enfade o presidente e rompa os gobernos de coalición e o Bloque desapareza institucionalmente de Galicia. E vostede, en vez de pedirlle explicacións ao presidente de España, que é quen vai firmar a Exipto, vén dicir que a postura da Xunta non se corresponde con non sei cantas cousas.

Esta pregunta xa a contestamos no pleno pasado a unha deputada do Partido Socialista e dixerámoslle o mesmo. Nós opinamos o mesmo, non nos movemos dende hai quince días a hoxe. Vostedes tampouco fixeron nada. Non obstante, o seu socio, o seu presidente, cambiou.

Nós avogamos por unha solución urxente e negociada —díxenlle o outro día á deputada—: apertura de corredores humanitarios, cesamento de actividades militares contra a poboación civil, liberación dos reféns israelís e dos presos palestinos, para evitar unha escalada rexional do conflito, unha solución permanente. Por certo, tamén aproveitamos para condenar os 1.200 asasinados no atentado de Hamás, do que se acaban de cumprir dous anos. ¿Vostede desa parte di algo ou non di nada? Porque ¿sabe cal é o problema do Bloque? Que só mira para un lado, para o que lle convén. Ás veces o cambia, pero sempre interesadamente.



Nós condenamos a violencia en todos os sitios, señora Taibo. E non se nos ocorre chamarlle fascista a un premio Nobel. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ai, rise! Pois esa é a posición do Bloque, que se cre con suficiente... (*Aplausos.*); esa é a posición do Bloque: ou estás comigo ou es un fascista; ou es dos meus ou es dos malos; ou estás comigo, es galego ou, se non, es un mal galego.

Iso é o que levan facendo vostedes toda a vida, señora Taibo, toda a vida, toda a vida. Nós mantémonos no que dixemos no último pleno. Queremos unha solución e parécenos ben que haxa unha solución, que estivesen vinte líderes mundiais avalando esa solución, e esperamos que Hamás entregue as armas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ¿Está de acordo con iso? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Taibo.

IRIA TAIBO CORSANEGO: Señor conselleiro, señor Calvo, nós preguntamos porque ese é o noso traballo, é o motivo polo que vimos nós aquí hoxe a facer preguntas ao Goberno, e non ao contrario. Vostede é o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes e o seu deber é responder a esas preguntas.

Efectivamente, a pasada sexta feira entrou en vigor un cesar o fogo na Faixa de Gaza e as persoas retidas por Hamás e polo Estado de Israel están a ser liberadas. E digo persoas retidas porque me pareceu entender —non sei se entendín ben— que falaba vostede de presos e reféns; esa escolla lingüística tamén é moi relevante e denota unha parcialidade bastante vergoñenta e intolerábel. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E falaba, efectivamente, vostede de bos e malos e está facendo esa caracterización na súa resposta, resposta que, en realidade, foi unha pregunta.

Nos últimos meses, antes de cesar o fogo, Israel asasinou impunemente persoas que se atopaban nas filas para demandar axuda humanitaria e alimentos, e aínda hoxe Israel está a limitar a entrada de axuda humanitaria na Faixa de Gaza, a pesar dese cesar o fogo.

Durante estes dous anos de estratexia planificada de exterminio do pobo palestino, o Goberno sionista impediu o traballo das ONG, tamén ONG con persoal galego, na Faixa de Gaza.

O motivo polo que lle traemos esta pregunta é precisamente porque queremos que o Goberno galego se pronuncie. Agardamos que o Goberno galego se pronuncie —insisto— en defensa do dereito do pobo palestino de determinar o seu futuro sen inxerencias externas.

E agardamos tamén do Goberno galego algún pronunciamento ou actuación en defensa —agardabamos— da cidadá galega Sandra Garrido, que fora detida ilegalmente polo Go-



berno sionista como integrante da Global Sumud Flotilla, e non escoitamos ningún pronunciamento nin escoitamos que vostedes fixeran ningunha xestión nese sentido por unha cidadá galega —insisto—.

O Goberno galego tamén debe deixar de promover vergoñentos acordos comerciais con empresas colaboradoras cos crimes sionistas. Pedímoslles, en definitiva, que se poñan do lado da sociedade galega e deixen de apoiar a política de exterminio imperialista do pobo palestino. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Mire, señora Taibo, se está claro que hai aquí quen diferenza mortos dunha maneira ou mortos doutra é vostede, son vostedes. Pero non é agora neste conflito, lévano facendo toda a vida. Estamos á espera de que condenaran a invasión de Ucraína por parte de Rusia. Non o fixeron. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro!, non o fixeron. Estamos á espera de que, como fixemos todos no seu momento cada vez que había un proceso electoral, sobre todo os últimos en Venezuela, vostedes dixeran algo. Pero ¿saben que fixeron? En vez de dicir algo e defender a transparencia, foron alí sacar fotos e defendíano aquí con bandeiras. Iso é o que fan vostedes.

Polo tanto, que nos queira acusar de diferenciar mortos dunha maneira ou doutra iso non llo permito, iso faino o Bloque; lévao facendo toda a vida, señoría, toda a vida.

Nós estamos en contra do que fixo Israel nos últimos tempos, claro que si. Claro que estamos en contra de todas as persoas que morreron a mans do Exército israelí, claro que si. Pero tamén estamos en contra dos 1.200 asasinatos que houbo hai dous anos, non hai corenta, hai dous. E vostede é incapaz, é incapaz... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, escoite, que agora estou falando eu, agradézollo. Vostede é incapaz de condenar iso, porque non se atreven. *(Murmurios.)* Non sei por que. Non sei se non lles deixa o señor Rego, se non lles deixa a señora Pontón, se non lles deixa Bildu, non o sei. Non o sei, pero vostedes sabrán por que non o fan. Pero a sociedade non é tonta. Cando vostede fala de «a sociedade galega»..., a sociedade galega está representada aquí. *(Murmurios.)* Si, si, está representada, ¿ou tamén dubidan diso? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Está toda representada, o que pasa é que vostedes sempre se arrogan a única representación da sociedade galega. Para vostedes o que di o Bloque é o que opina a sociedade galega. Basta xa, pero ¿que se cren? Pero ¿en poder de que se cren? Estivemos coas ONG que traballan na Franxa e démoslles o noso apoio, e fixemos algunha intervención. *(Murmurios.)* Claro que si, claro que si. E fixémoslo. E estivemos con algún periodista que veu aquí explicarnos xunto coas ONG cal era o traballo que estaban facendo alí, cales eran as dificultades. *(Murmurios.)* Claro que si, si, traído pola coordinadora, traído pola coordinadora, para explicar como era a situación alí.

Nós non diferenciamos, vostedes si. Vostedes si que cren que hai galegos dunha maneira e galegos doutra e vostedes loxicamente crense superiores ao resto.



Así que, señora Taibo, nós estamos onde estivemos sempre, e aí sempre nos poden encontrar. A vostedes, segundo sopra o vento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Continuamos coas preguntas.

Alteración da orde do día

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Despois dunha alteración da orde do día, pasamos á pregunta 7.5.

Pregunta do deputado Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do ditame motivado da Comisión Europea no que advirte da ilegalidade da prórroga da concesión da AP-9

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, como sabe, por tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Rodríguez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señora conselleira.

Galicia leva dezaseis anos reclamando a transferencia da AP-9, para garantir unha xestión eficaz da principal vía que a vertebra, pero o Goberno de Pedro Sánchez bloquea a súa tramitación no Congreso e négalle a Galicia non xa a transferencia, négalle mesmo o dereito a debatela.

Onte mesmo, co apoio inquebrantable do Bloque Nacionalista Galego, acordouse unha nova prórroga da tramitación da transferencia da AP-9, a sesenta dende que goberna Pedro Sánchez e apenas unha semana despois de que, seguramente presa deses soños húmidos dos que tanto fala o BNG ultimamente, o seu voceiro en Madrid, o señor Rego, anunciara, oufano e triunfalista, o seu desbloqueo.

Adaptándonos ao refraneiro popular, o Goberno socialista mexa polo BNG, pero, por desgraza, a quen lles chove é aos galegos. (*Aplausos.*)

A maior abastanza, o Goberno vén de desprezar a oportunidade única que abriu o ditame da Comisión Europea que declaraba a irregularidade das probas da concesión da AP-9 e instaba o Goberno de España a dar unha resposta ao mesmo. A resposta, non por esperada, menos frustrante, foi que o Goberno esgotará as opcións de resposta e interporá os correspondentes recursos.

Polo tanto, en lugar de aproveitar esta oportunidade para enfrontar o futuro da concesión da AP-9 e, nomeadamente, o seu rescate, por ser a día de hoxe a alternativa máis vantaxosa



para o interese público, Pedro Sánchez, da man do BNG, elixiu volver castigar os galegos, aos que condena a seguir pagando unha peaxe inxusta mentres noutros territorios do Estado avanza as liberacións de pago de autoestradas.

Cómpre lembrar que o Goberno galego vén de elaborar un novo estudo no que eleva a 2.356 millóns de euros o custo do rescate, incrementándose substancialmente respecto do anterior estudo e equiparándose á cantidade a satisfacer ata a fin da concesión.

Canto máis tarde se produza ese rescate, será maior o prexuízo para os contribuíntes e máis aínda para os usuarios da autoestrada.

Á falta de valentía do Goberno súmaselle tamén a falta de transparencia. O Executivo que preside Pedro Sánchez nega a Galicia o expediente aberto pola Comisión Europea, pese a ser reiteradamente demandado dende a Xunta de Galicia. E ata en cinco ocasións solicitouse por carta unha reunión co ministro Puente para abordar a xestión da autoestrada e presentar o estudo elaborado pola Xunta sobre o custo do rescate, sen que sequera houbera reposta pola súa parte.

Por todo iso, preguntamos, señora conselleira: ¿que valoración fai o Goberno galego da negativa do Goberno de España a rescatar a AP-9, aproveitando a oportunidade que supón o ditame da Comisión Europea?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Efectivamente, señor Rodríguez, o Goberno do Estado, o Goberno de Pedro Sánchez, vén de desaproveitar unha magnífica oportunidade para proceder dunha vez a ese rescate da AP-9 e á eliminación desas peaxes que están a agraviar a nosa Comunidade Autónoma, porque, en vez de seguir o ditame da Comisión Europea, nun exercicio de falta de absoluta transparencia, á que lamentablemente xa nos ten acostumados, contesta, responde *in extremis* e adía *sine die* ese posicionamento con respecto á anulación das prórrogas. Non é tolerable o exercicio de opacidade que está a facer o Goberno central, o Goberno de Pedro Sánchez, coa nosa Comunidade Autónoma. Nin tivemos coñecemento da emisión dese ditame da Comisión Europea nin tivemos coñecemento da resposta que lle foi dada á Comisión Europea. Tivemos que enterarnos de que se producían estes feitos polos medios de comunicación. Pero este Executivo galego, esta conselleira, xa solicitou outra vez por carta ao ministerio, ao señor Óscar Puente, que queremos coñecer, que Galicia necesita coñecer dunha vez ese ditame da Comisión Europea e a resposta dada. E tamén nos diriximos á Valedora do Pobo da Comisión Europea, porque pedimos mediación ante este exercicio de nula calidade democrática.



Saberá tamén que estamos coordinando a acción conxunta entre as comunidades autónomas veciñas, entre Asturias, Castela-León e Galicia, que xa remitimos un escrito, unha carta conxunta dos tres conselleiros, con independencia da cor política, por suposto, preguntando e pedíndolle a Óscar Puente que temos que coñecer a resposta que lle foi dada á Comisión Europea e tamén que queremos coñecer ese acceso a ese expediente do ditame da Comisión Europea.

Señoría, dicíao moi ben, nós dende a Xunta de Galicia fixemos o cálculo en setembro de 2024 xa do rescate e da transferencia: 2.331 millóns daquela, e trasladamos ao ministerio; un ano máis tarde volvemos facer o cálculo: 2.356 millóns de euros; efectivamente, a pesar do lóxico, aínda que mingua o tempo que queda para ese remate da concesión, o incremento que teremos que pagar os bolsillos dos españois aumenta, porque as tarifas desta concesionaria aumentan de modo desproporcionado e o lucro que hai que indemnizar a esta concesionaria a medida que pase o tempo polo rescate aumenta tamén.

Polo tanto, por suposto, señorías, Galicia non vai conformarse, non imos tolerar esta agravio comparativo con outras comunidades autónomas, que está a desprestixiar e a desmellorar non só a calidade de vida de galegos e galegas senón tamén a nosa competitividade económica a nivel de comunidade autónoma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señor Rodríguez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, conselleira, pola súa resposta. Quedou ben claro o máximo desleixo co que o Goberno de Sánchez, coa complicidade do BNG, trata a Galicia. E quedou tamén claro que renunciar á oportunidade que o ditame da Unión Europea abre ao rescate e á liberalización da peaxe da AP-9 é un grave erro. Porén, Sánchez, co beneplácito do BNG, decidiu prorrogar a concesión da AP-9 ata 2048 ou, cando menos, ata que a Xustiza europea resolva o litixio que vai provocar a súa negativa a rescatala.

E, mentres tanto, os galegos seguiremos pagando as tarifas máis altas de España e de Europa. Segundo a Federación Galega de Transporte de Mercadorías, un camión pode chegar a gastar 3.000 euros ao mes en peaxes. Para que toda a Cámara, incluída a oposición, o entenda: trinta lechugas, quince soles ou seis chistorras ao mes, señorías.

As peaxes son un lastre que claramente está a diminuír a competitividade das nosas empresas. E, por outro lado, a concesionaria seguirá a enriquecerse. Entre 2021 e 2024 aumentou nun 40 por cento os seus ingresos e nun 80 por cento os seus beneficios, e neste 2025 superará por primeira vez os 200 millóns de euros en facturación (400.000 chistorras) e os 100 millóns en ganancias (200.000 chistorras).

Nisto se traduce a prórroga de Sánchez, que entrou en vigor hai un mes, porque para Galicia e os galegos Sánchez e quen os apoia non teñen nin a vontade nin os recursos que si hai



noutros territorios para decretar a gratuidade de oito autoestradas ou para rescatar outras oito por máis de 1.000 millóns de euros (dous millóns de chistorras).

Grazas, conselleira. Confiamos en que na súa quenda de aclaración nos confirme que o Goberno da Xunta seguirá a traballar para que os galegos non sexamos máis, pero tampouco menos, que ninguén.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora Martínez.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, señora presidenta.

Efectivamente, señor deputado, os galegos e as galegas non entendemos o porqué deste Goberno central, que segue a condenar a nosa Comunidade Autónoma con estas peaxes inxustas, as máis caras de toda España, namentres vemos que noutras comunidades, que noutros territorios se retiran sen ningún problema.

Non entendemos tampouco os galegos por que levamos dende o ano 2009 solicitando esa transferencia da AP-9 e nin sequera se somete a votación no Congreso dos Deputados. Estamos a falar —recordemos— da principal autoestrada que vertebra a nosa comunidade autónoma, o 60 por cento, pola que circulan a diario unha media de 26.000 vehículos nalgún dos seus tramos, 60.000 vehículos ao día.

Tampouco entendemos por que, a pesar de dirixirnos en numerosas ocasións ao ministerio, non obtemos resposta ningunha. Non é comprensible que, a pesar de remitir eses informes en setembro de 2024, o ministerio cale e non dea ningunha resposta. Solicitamos ata en cinco ocasións posteriores a remisión deses informes do custo da transferencia e do custo do rescate, ata en cinco ocasións unha reunión co ministro, e nunca tivemos sequera contestación. Isto chámase ninguneo a Galicia, cun exercicio de absoluta prepotencia e unha falta de hixiene democrática total.

Mirade, tamén nun exercicio de absoluto triunfalismo, a semana pasada o Bloque, o deputado do Bloque Nacionalista Galego, o señor Néstor Rego, presumía de conseguir o desbloqueo á tramitación da lei para a transferencia, presumía de conseguir que o Partido Socialista se movese e que a Mesa do Congreso pechase o prazo para a tramitación da lei. Señores do Bloque Nacionalista Galego, de novo lles toman o pelo. Onte mesmo a Mesa do Congreso tomou a decisión de prorrogar outra vez o prazo de presentación de emendas ao articulado. Son xa corenta e cinco no que vai desta lexislatura, sesenta se contamos a lexislatura anterior. Polo tanto, señores do Bloque Nacionalista Galego, pensen ben con quen están asociados no Goberno central.

Por outra banda, o Partido Socialista Galego, nun exercicio de hipocrisía absoluta, predica unhas cousas en Galicia e fai todo o contrario en Madrid. Porque, señor Besteiro, recórdolle que no



debate electoral do 5 de febreiro e na súa campaña electoral prometeu a gratuidade da AP-9 e da AP-53. Dixo entón vostede: co Estado hai que falar, hai que negociar, hai que ter influencia. Pois ben, nin falan con vostede nin negocian, nin moito menos teñen influencia en Madrid.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Sanidade en relación co remate das obras do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para facer a pregunta, ten a palabra a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Boa tarde, conselleira.

Xa é a segunda vez que traemos aquí a este pleno unha pregunta sobre o CHUAC, da Coruña. Porque basicamente no ano 2022 o señor Núñez Feijóo comprometeuse a que no ano 2025 estaría en pé o 80 por cento da nova infraestrutura do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Tres anos despois, vemos que, evidentemente, hai unha demora, como xa o estamos vendo todos os cidadáns da Coruña, nos traballos deste equipamento sanitario e, polo tanto, hai un incumprimento nos prazos dados, o que suscita inquietude tanto na área sanitaria da Coruña como nos pacientes, tamén no corpo sanitario.

Como sabe, estamos a falar dunha das maiores infraestruturas sanitarias de España e, por suposto, a máis importante de Galicia, que atende a unha área de máis de 550.000 habitantes e é un centro de referencia nacional para algunhas especialidades. É evidente que é un tema clave non só para a cidade senón tamén para a área de influencia, así como para a xestión que ten que pilotar o propio Servizo Galego de Saúde.

O Concello da Coruña, como sabe, tiña sempre como prioridade nos seus obxectivos o deseño dun plan director do mesmo, que estaba xa rematado con moita ansia no ano 1998 e finalmente firman ese convenio no ano 2022, onde se comprometían por parte da Xunta de Galicia máis de 430 millóns de euros e por parte do Concello da Coruña uns fondos pactados de 22 millóns de euros, que se desembolsarán a medida que se presente a certificación de obra referida aos accesos viarios.

A realidade é que a día de hoxe hai unha pingüe certificación dos euros da Xunta de Galicia e dos 22 millóns de euros que o Concello da Coruña ten dispoñibles para axudar a financiar



esta actuación, e non foi posible desembolsalos porque non se executaron as obras en tempo e forma. É verdade que agora teñen vostedes xa un comité de seguimento, que se reuniu hai pouco.

É verdade que agora vostedes cifran este remate no ano 2031. Pero eu pregúntolle aquí, no Parlamento de Galicia, se nos pode confirmar que a totalidade das obras do CHUAC da Coruña pode estar rematada no ano 2031.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a señora Martínez Allegue.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Señora deputada, efectivamente, como ben di, o novo CHUAC está a ser o maior investimento endexamais realizado nunha infraestrutura sanitaria pola Xunta de Galicia. Estamos a falar de máis de 500 millóns de euros para unha actuación absolutamente prioritaria para a Xunta de Galicia. É unha actuación que está a pleno desenvolvemento, tendo en conta os tempos de tramitación administrativa e tendo en conta a complexidade de estar a executar esas obras compatibilizándoo co normal funcionamento deste complexo hospitalario.

E teño que dicir que afrontamos este grande proxecto dende un punto de vista integral, iniciando pola complexa tramitación urbanística que precedeu, porque, se non recorda —recórdollo eu—, houbo que tramitar en primeiro lugar ese proxecto de interese autonómico por ese carácter de importancia supramunicipal, que rematou con ese acordo do Consello da Xunta de outubro de 2023. En paralelo, tramitamos a tramitación ambiental deses accesos e dese vial perimetral, que rematou tamén e que permitiu a licitación dos accesos en xullo de 2023. Deseguido, comezamos co procedemento do desenvolvemento expropiatorio, porque hai que ter terreos, e acadamos o mutuo acordo con todos os propietarios expropiados. Despois, iniciouse o procedemento de licitación da redacción dos proxectos e tamén da redacción das obras desta primeira fase, que lle recordo que son a torre polivalente, os accesos, a demolición do Hotel de Doentes e a urbanización de Pedralonga. Estamos tamén traballando na segunda fase, porque licitamos tamén a redacción desa segunda fase.

Polo tanto, temos unha folla de ruta moi clara, temos un plan de traballo, que dei a coñecer, efectivamente, hai cinco meses no pleno desta Cámara e tamén a semana pasada nesa comisión de seguimento que celebramos xunto co conselleiro de Sanidade e o Concello da Coruña. Alí vimos os prazos de execución, que, por suposto, veñen marcados polos proxectos construtivos, como non pode ser doutro modo.

Pero temos que ter en conta que as principais incógnitas xa están despexadas: xa temos a tramitación urbanística, xa temos os terreos e —moi importante— temos financiamento,



porque temos financiamento do BEI e tamén temos financiamento extra, unha subvención directa, unha axuda directa da Unión Europea de 60 millóns de euros, que foi asignada á nosa Comunidade Autónoma, que teño que dicir que estamos orgullosos porque ten asignado o cen por cento desa asignación que hai para España. Polo tanto, actuación exemplarizante do Executivo galego.

Díxenllo en maio e tamén llo trasladei a semana pasada á comisión de seguimento. Temos en marcha todas as intervencións desa primeira fase comprometida.

Máis nada de momento. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Conselleira, parabéns pola xestión. Suponse que é o que ten que facer un cando está nun posto deste tipo, e ademais a vostede vénlle esta situación sobrevida e nós non dubidamos en absoluto da súa profesionalidade, todo o contrario. Pero é que eu creo que non deberíamos de incorrer en praxes anteriores, como a do seu compañeiro deputado Núñez Feijóo, cando permitiu a lixeireza de dicir que no 2025 ía estar rematado. Quero dicir: hai un anuncio no ano 2022 dicindo que se remata no 2025 e non debemos —eu creo— dar esa lixeireza de dicir no ano 2031.

Porque a pregunta que eu lle veño facer —sabemos todos e todas a xestión; por certo, no-raboa; quero dicir: hai traballo polo medio dos técnicos, de todo o equipo, pero non se trata diso— é: ¿estará rematado no 2031? Porque todos sabemos que hai unha terceira fase, que aquí non se fala dela, e di ademais que «se abordará...»; é unha terceira fase ou etapas posteriores ao ano 2031, dependendo da evolución técnica, orzamentos e planificación futura. E nesa terceira fase sabe vostede que está o centro de investigación e outro tipo de módulos do propio CHUAC.

E ¿por que preguntamos isto? Non é unha cuestión de meter o dedo no ollo de ninguén, é unha cuestión que constitúe unha preocupación para a área sanitaria, non só para os propios traballadores, os equipos de investigación, os equipos docentes, senón para a cidadanía.

Vostede sabe —ou sabémolo todos en xeral— que cando un hospital ou centro sanitario, e máxime desta envergadura, mantén un proxecto deste tipo, indispensable, por outro lado —e que xa era hora de que estivera enriba da mesa—, hai unha inquietude na poboación. E iso é o que queremos saber: se as obras van rematar no ano 2036 ou rematarán o 2036; pero se van rematar no 2031 e logo van seguir ata o 2036, nós o que queremos saber é a data. Non se trata da xestión que están facendo, que ninguén a pon en dúbida; ninguén pon en dúbida a xestión. Vostede ten esta herdanza de alguén que di que vai rematar no ano 2025 e ten que apandar con ela, pero non ten por que dicir datas que non van ser certas.



¿Vai estar rematado no ano 2031 o CHUAC, da Coruña?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora Martínez.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas.

Señora deputada, mire, reitérolle que abordar unhas obras desta envergadura, co normal funcionamento dun complexo hospitalario e dun recinto con esas características, é moi complicado, como vostede debe de entender. O traballo previo foi moi intenso, e nestes cinco meses dende a última comparecencia seguiron traballando e seguiron ao ritmo que teñen que seguir, que é o ritmo que está planificado.

Polo tanto, continuamos con esa demolición do Hospital de Doentes, que iniciamos este ano, que xa temos certificado máis do 60 por cento, que rematamos xa a parte máis complicada, que agora está nas máquinas, e que remataremos a súa demolición neste ano 2025. Esta demolición é clave para permitir realizar o novo acceso, o novo viaduto da AC-12.

Torre polivalente. Estamos a falar dunha torre de dezaseis andares, polo tanto require unha complexa escavación, que se viu agravada pola característica da fragmentación da rocha alí existente, que fixo que para garantir a sustentabilidade do futuro edificio, e por suposto a seguridade do complexo hospitalario que está ao carón, houbera que realizar microvoaduras. A día de hoxe temos vinte metros de profundidade de socavón. Contamos con rematar esta escavación neste mesmo ano 2025, para iniciar xa esa estrutura deses dezaseis andares e rematar esta torre polivalente a mediados do ano 2027.

Con respecto aos accesos, que tanto lle preocupan, efectivamente comezamos a obra a finais do mes de abril. Xa temos en funcionamento ese viario provisional da AC-12, xa coordinamos esa demolición do viaduto da AC-12 para a Semana Santa, para intentar minimizar os efectos do tráfico o máximo posible, e contamos que estará rematado tamén a mediados do ano 2027. Por certo, a certificación da anualidade está plenamente emitida ao cento por cento ao concello.

Seguimos avanzando coa urbanización de Pedralonga nos prazos que están establecidos e contamos con rematala a principios do ano 2026.

Mire, temos xa en execución 85 millóns de euros, pero é que, ademais, señora Longueira, estamos a traballar na supervisión xa, na complexa supervisión da segunda fase, porque temos que ir paso a paso, porque hai que dispor de terreos para seguir na seguinte fase.

A segunda fase, da que estamos a supervisar o proxecto, teño que dicir que coa colaboración do Concello da Coruña, no Servizo de Extinción de Incendios, de Bombeiros, e estamos a



falar dun proxecto que licitaremos no primeiro semestre do ano 2026, por un importe de 402 millóns de euros, o que dá conta da envergadura deste novo complexo.

Estamos a falar efectivamente dun hospital que situará A Coruña á vangarda da asistencia sanitaria, que situará A Coruña á vangarda da asistencia sanitaria a nivel Galicia e, efectivamente, tamén a nivel de España.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pregunta das deputadas Rosana Pérez Fernández e María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do Centro de Saúde de Ribeira canto á súa dotación de persoal facultativo

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para facer a pregunta, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro.

O pasado sábado a cidadanía da comarca do Barbanza mobilizámonos masivamente. Máis de 5.000 persoas acudimos á chamada da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública para formar unha cadea humana ao longo de cinco quilómetros, cinco quilómetros de dignidade e de reivindicación, cinco quilómetros e máis de 5.000 persoas reclamando un dereito fundamental: o noso dereito a ter médicos na sanidade pública e ao que, pese a vostede, non estamos dispostas a renunciar. 5.000 persoas clamando: queremos médicos; queremos médicos de xeito estábel, centros de saúde con profesionais suficientes para atendernos, planificación real para cubrir xubilacións e baixas dos facultativos, condicións dignas para eses profesionais. En definitiva, máis de 5.000 persoas que queremos que vostede lles poña fin aos recortes e á cada vez máis descarada privatización da sanidade pública.

Moitas desas persoas que se mobilizaron o sábado eran do propio concello de Ribeira, onde o seu centro de saúde leva anos en caída libre, e no que nestes momentos hai máis de 3.000 persoas sen médicos asignados, que ou van a urxencias para que os atendan ou van a cargo do cupo doutros médicos, que xa están literalmente queimados.

Un centro de saúde, o de Ribeira, que foi o exemplo máis claro de que o seu famoso plan para paliar a falta de médicos no verán non foi máis que unha entelequia e unha fraude. En pleno mes de agosto, cunha enorme afluencia de persoas de fóra, mantiveron vostedes Ribeira con 4 profesionais dun total de 14; unha actuación temeraria, pola que debera estar vostede denunciado nos xulgados; unha actuación temeraria e indecente, que supuxo unha sobrecarga dos profesionais inadmisíbel e unha demora de ata catro semanas de agarda pola veciñanza para ser atendida.



E, diante desta situación, en pleno mes de agosto, os responsábeis da área sanitaria seguían repetindo publicamente, como discos raiados, que —literalmente— «a calidade asistencial está garantida.»

¿Non lles cae, señor conselleiro, a cara de vergoña de facer esas declaracións cun centro de saúde baixo mínimos, uns profesionais ao límite e unha cidadanía desatendida? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, señor Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora deputada, intúo, polo ton, que debe estar moi enfadada, non sei se será polo que pasou o pasado luns no Concello de Ribeira; en todo caso, ese ton, esa rabia parece que impregna toda a súa intervención. (*Aplausos.*)

Que lle quede claro: a sanidade en Ribeira, como en toda Galicia, está garantida, está garantida, e iso ten que telo moi claro. A Xunta destina o 40 por cento do seu orzamento á sanidade pública e pon todos os recursos ao seu alcance para mellorar a atención sanitaria.

Mire, o concello de Ribeira conta con catro centros de saúde, no que se atenden 27.000 usuarios. A atención sanitaria está garantida en todos. Contamos para iso con 18 prazas de médicos de familia e 4 pediatras.

É certo que nestes momentos existen vacantes, é certo, vacantes que se ofertaron de forma sistemática, pero a falta xeneralizada de médicos de familia e de pediatras imposibilitou ata agora a súa cobertura. Se eu estivese aí e vostede estivese aquí, pasaría exactamente o mesmo, e iso ten que recoñecelo.

A Xunta pon todos os seus esforzos en cubrir as prazas vacantes en situación de incapacidade temporal, pero non existen profesionais en listas de contratación dos que poder tirar, e iso sábeno. Vostedes obvian de maneira interesada esta situación de déficit acusado de profesionais que temos en medicina de familia e en pediatría en atención primaria. E obvian tamén o problema cando teñen ocasión de sumarse ás voces que lle piden ao Goberno de España que o solucione.

Xa o teño explicado moitas veces, é cansino xa, é cansino xa: o encargado de poñer médicos á disposición das comunidades autónomas para poder contratar é o Ministerio de Sanidade do Goberno de España, que vostede por certo apoia.

Por certo, mentres que a pasada semana no Congreso dos Deputados o PNV poñía de manifesto o problema de falta de médicos e reclamaba medidas neste sentido, o portavoz do Bloque, nin pío, a boca cerrada. Se quixeran aprender realmente algo útil do nacionalismo vasco, quizais poderían unirse ao PNV para pedir ao Goberno de España que aumente a idade de xubilación ata os 72 anos ou que axilice a homologación dos títulos estranxeiros.



Nós témolo claro: nós poñemos todos os nosos esforzos en contratar todos os médicos posibles, creamos as prazas de difícil cobertura e dotamos Ribeira deste recurso para intentar atraer facultativos. Fíxémolo sen o Bloque Nacionalista Galego, que non apoiou esta medida da Xunta para atraer médicos cara a esta zona do Barbanza. Abandonen o cinismo. Se realmente lles preocupa a sanidade e os veciños de Ribeira, demóstrano con feitos, demandando medidas efectivas ao Goberno do señor Sánchez.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Pérez Fernández.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, ¿pregúntame a min se estou enfadada?, ¿pregúntame a min se estou enfadada? Pregúntelles aos máis de 3.000 veciños e veciñas de Ribeira que non teñen médico asignado. (*Aplausos.*) Pregúntelles ás miles de persoas que en Ribeira... (*Murmurios.*) Non, é certo, pregúntelles ás miles de persoas que en Ribeira neste momento seguen sen médico asignado, e a día de hoxe —xa non lle falo do mes de agosto, que foi absolutamente un caos— teñen dúas semanas de agarda para que os reciba o seu médico de cabeceira —o de «seu» entre comiñas—.

E pregúntame se estou enfadada. ¿Que quere? ¿Que veña aquí a aplaudirlle e a darlle bicos? Non, non vai ser o caso, porque non o merece, porque non cumpre o que ten que cumprir. Vostede neste momento ten credibilidade cero, e, despois do que acaba de dicir, aínda máis.

Mire, xa que fala, efectivamente, da situación que se vén de producir en Ribeira, sabe que a moción de censura pois fixérona os seus colegas do seu partido e os tráfugas do seu propio partido. ¿Sábeo, non? Os do PBBI, ben, parte deles, non todos, veñen efectivamente de levar a cabo unha moción de censura en Ribeira.

Mire, señor conselleiro, non hai unha soa persoa, unha soa persoa, dos vinte e sete mil e pico habitantes de Ribeira que coñeza neste momento en que consiste o pacto que asinaron eses dous partidos, ou un partido cos tráfugas do propio partido.

Hai quen di que non hai proxecto, que é un folio en branco ese pacto. Entón, nós queremos aproveitar, con enfado, efectivamente, porque a situación non é para menos, señor conselleiro, e vostede debera ter coidado cando fala, sinceramente llo digo, porque a xente está moi sensible co trato que a Consellería de Sanidade lles está dando; non só a xente que ten que ser atendida, os profesionais tamén.

Ben, pois digo que ese pacto famoso, ese escuro pacto, hai quen di que é un simple folio en branco e que non hai ningún compromiso nin ningunha proposta. Se quere, podemos recomendarlle que o primeiro compromiso...



(A deputada Rosana Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rematou o seu tempo, moita grazas.

(A deputada Rosana Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Saben que nas preguntas o tempo é limitado e que se respecta sempre. Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Señora deputada, reitero que a asistencia sanitaria en Ribeira está plenamente garantida, a pesar de que a situación non sexa a ideal. Si. E está garantida porque se puxeron en marcha as medidas para atallar o problema das prazas vacantes de atención primaria en Ribeira.

Estanse a cubrir os cupos das prazas vacantes mediante intersubstitucións e prolongacións de xornada, tanto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* si, si, tanto por parte de profesionais do servizo de atención primaria de Ribeira como doutros servizos da contorna. Unha vez rematada a súa xornada, estes profesionais continúan para poder garantir a asistencia sanitaria destes pacientes.

Por certo, quero aproveitar a ocasión para agradecerlles a todos eles o seu servizo e a súa implicación para ofrecer a mellor atención aos galegos.

Cabe destacar tamén que no Centro de Saúde de Ribeira hai dous profesionais que remataron a súa residencia o pasado mes de xullo e que xa están prestando servizos neste centro. E isto é posible porque nos esforzamos en formar máis residentes MIR, con cifras récord cada ano. Na última década logramos aumentar nun 77 por cento, ata chegar a 682 prazas neste curso, e iso é posible porque nós ofertamos o 100 por cento das prazas que acredita o ministerio, mentres que vostedes non chegaban ao 70 por cento a pesar de ter menos prazas acreditadas.

Os casos que vostedes traen... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, si, si, vale. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, empece vostede polo respecto. Vale, vale, vale.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio, por favor.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Os casos que vostedes traen a este Parlamento non atenden á globalidade, responden a casos particulares... *(Murmurios.)* ¡Ai, por Deus! É que é unha pesadilla. *(Murmurios.)* É que isto non o recordo en ningún lado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A ver, a ver se esperamos un pouquiño e nos tranquilizamos todos.



¡Silencio, por favor, non interrompan! Saben que o tempo das preguntas é moi limitado, dous minutos, tres minutos. Se se interrompen, pois ten moitas dificultades para entenderse a contestación.

Continúe, por favor.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Os casos que vostedes traen a este Parlamento non atenden á globalidade, responden a casos particulares sacados de contexto e presentados de maneira interesada. Hai veces que debuxan, por exemplo, a pediatría como se fose un desastre en toda Galicia, mais, se ve concretamente como está a situación de Ribeira, desmontámoslle o seu discurso por completo.

Señoría, en Ribeira hai 4 pediatras, e os 4 atenden no propio día, sen demora. Vostedes están á espera dunha xubilación, unha baixa para lanzarse a preguntas parlamentarias, intentando evidenciar situacións concretas e anecdóticas, sen afondar na raíz do problema nin ver a maioría dos casos. E non afondan na raíz porque non lles interesa, porque sería ir en contra do Goberno central, ao que vostedes apoian.

Pero non entendan o que non é. Na Consellería de Sanidade traballamos, como é o noso deber, para cubrir as prazas vacantes do Centro de Saúde de Ribeira, a pesar das dificultades para encontrar profesionais. Por iso, ante a incapacidade e o pasotismo do Goberno de España e ante o silencio do Bloque Nacionalista Galego, na Consellería de Sanidade levamos tempo traballando nunha ordenación dos recursos humanos de Atención Primaria que axudará a poñer solución a casos como este, garantindo unha mellor atención sanitaria.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura do Goberno galego en relación coas políticas relativas á interrupción voluntaria do embarazo

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleiro.

Xa o dixo Simone de Beauvoir hai case un século: «Nunca esquezas que bastará unha crise política, económica ou relixiosa para que os dereitos das mulleres sexan cuestionados. Eses dereitos nunca se dan por garantidos. Debes manterte vixiante toda a vida». Pois así é, e paréceme terrible que no ano 2025 esteamos a cuestionar un dereito do que xa falaba Federica Montseny, a ministra de Sanidade da Segunda República. Por sorte, quedou regulado



legalmente no ano 1985, cun goberno socialista e co impulso de moitas mulleres referentes do feminismo; por sorte para as mulleres, porque non gobernaba o Partido Popular, que se opuxo de forma sistemática dende sempre ao dereito das mulleres a decidir sobre o seu corpo.

Levamos dúas semanas con este tema no foco mediático, cun cuestionamento moi perigoso en relación con este dereito que tanto custou acadar, motivado polo intento de regresión cara ao pasado que está a facer a señora Ayuso nesta competición coa ultradereita para ver quen é máis radical, nesa estratexia de desgaste ao Goberno de España na que non dubida en instrumentalizar as mulleres e os seus dereitos.

Escoitamos cousas tan disparatadas e carentes do mínimo rigor científico como que some-terse a unha interrupción do embarazo provoca unha síndrome con consecuencias como o consumo de alcol e drogas, o aumento da probabilidade de morte natural, esterilidade, ten-tativas de suicidio... Vostede, señor conselleiro, que é médico e que para poder acadar o seu título tivo que estudar moitos anos, gustárame que me contestase: ¿que valoración fai vos-tede de que, dende unha administración, se impulse e se dea soporte a asociacións cuxos postulados carecen do mínimo rigor científico? ¿Vostede, como conselleiro de Sanidade, per-mitiría que en Galicia operasen no público e se subvencionasen este tipo de postulados acientíficos?

Por outra banda, señor conselleiro, fálase tamén do cumprimento desta lei de interrupción voluntaria do embarazo, e das obrigas que se impoñen ás comunidades autónomas. Imaxino que vostede ten preparada a súa réplica con datos cuantitativos do noso país. Xa lle digo que pode vostede aforrarse isto, porque coñezo perfectamente os datos de Galicia e que estamos nun nivel alto de cumprimento desta lei.

Pero tamén me gustaría preguntarlle que é da creación do rexistro de obxectores. ¡Nós pe-diamos unha información polo artigo 9 hai un ano, e non nola remitiron ata agora! Non sa-bemos nada. Preguntámoslle tamén ao director xeral en Comisión hai un ano, e dicía que estaba esperando a que o Goberno de España aprobase o protocolo. Aprobouse en decembro deste ano, e tampouco sabemos nada nin consta na páxina de transparencia que se crease este rexistro en Galicia. ¿Pode dicirme vostede que é deste rexistro de médicos obxectores, e se xa está aprobado e onde está publicado? Porque eu non o atopo.

Por último, antes deste intento de regresión que estamos a vivir, capitaneado pola ultra-dereita e secundado polo PP, ¿que opina vostede de que, ante isto, España tome o exemplo de Francia e blinde o dereito ao aborto na Constitución, para así evitar que se poidan uti-lizar como obxecto dun ataque directo os dereitos das mulleres a decidir sobre os seus corpos?

Nada máis. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade.



O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora deputada, realmente non entendo a pregunta, porque parece máis relacionada —¡si, si!— con problemas doutras comunidades autónomas e non cos problema das mulleres aquí, en Galicia. É máis, formular esta pregunta dunha maneira tan capciosa e malintencionada, xusto cando o Ministerio de Sanidade publica os datos sobre as interrupcións voluntarias do embarazo, resulta sorprendente, porque Galicia está entre as comunidades con maior porcentaxe de interrupcións voluntarias do embarazo que se realizan na sanidade pública.

O mesmo día que vostede rexistraba a súa pregunta publicábase un informe moi revelador que pon de manifesto o verdadeiramente importante da cuestión: Galicia é a segunda comunidade autónoma onde máis interrupcións voluntarias do embarazo se efectúan na sanidade pública. Empregando os datos do propio Ministerio de Sanidade, o 77 por cento dos abortos levados a cabo en Galicia fixéronse na sanidade pública galega, fronte ao 21,3 por cento da media estatal. *(Aplausos.)*

¿Acórdase vostede de, cando hai dous anos —eu non estaba aquí aínda—, dicía que este Goberno empurraba as mulleres a abortar en clínicas privadas? ¿Acórdase vostede de cando dicía que a Xunta non garantía a realización de abortos na sanidade pública? ¿Acórdase vostede de cando dixó que se ían privatizar todas as interrupcións voluntarias do embarazo porque o Consello de Contas indicaba que tiñamos que licitar un contrato coas clínicas concertadas? Pois mire vostede como foron as cousas, que, segundo os datos do Ministerio, Galicia é a segunda comunidade onde máis interrupcións voluntarias do embarazo se fan na sanidade pública, conforme os supostos que marca a lei estatal.

En todo caso, recoñeza o traballo feito pola Xunta de Galicia nestes anos. Creo que non hai mellor resposta para a súa pregunta que os datos publicados polo Goberno que preside o seu partido —¡aí están!—. Ese informe pode resolverlle todas as dúbidas das políticas da Consellería de Sanidade en relación coas interrupcións voluntarias do embarazo, porque di que en Galicia abortan 15 mulleres cada día, e máis das tres cuartas partes o fan en centros públicos.

Por suposto, señoría, o noso compromiso é firme: Galicia seguirá cumprindo a lei estatal e garantindo que as mulleres que o desexen poidan interromper o embarazo nun centro público, como veñen facendo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Señor conselleiro, eu non lle rebato os datos de Galicia; coñézoos e alégrome de que en Galicia se cumpra a lei. Pero eu fíxenlle tres preguntas que non me contestou. Vou repetir estas tres preguntas, a ver se agora se entende.



A primeira, señor conselleiro, é se, despois da aprobación en Madrid desa emenda que promove a difusión do chamado «síndrome postaborto», vostede pode aclararme se o Sergas vai garantir que asociacións ou entidades con postulados ideolóxicos acientíficos non poidan entrar nin influír na atención sanitaria pública galega. *(Aplausos.)* ¿Pode garantir vostede isto?

A segunda pregunta —jé clariña, señor conselleiro!—: no día de hoxe, ¿onde está o rexistro de obxectores de conciencia no ámbito sanitario? Porque eu, malia que no mes de decembro se aprobou no Ministerio de Sanidade, non o atopei publicado nin na páxina de transparencia da Xunta nin en procesos pendentes de tramitación, nin en tramitación, e nin sequera publicado no DOG. ¿Onde está ese rexistro, señor conselleiro? ¿Existe en Galicia? Porque vostedes mandaron unha carta ao Ministerio de Sanidade ante ese requirimento dicindo que en Galicia si existía ese protocolo. Pero, ¿existe de verdade en Galicia ese protocolo? Publicado non está... Entón, ¿é unha falta de transparencia deste Goberno? Esa é a segunda pregunta.

E a terceira, señor conselleiro, é se considera vostede que é necesario recoñecer constitucionalmente o dereito ao aborto para protexer dunha vez por todas o dereito das mulleres a decidir libremente sobre o seu corpo, fronte aos ataques constantes e as ofensivas ideolóxicas que pretenden recortar e cuestionar este dereito. Porque estamos vendo nas últimas semanas que a actitude do Partido Popular é profundamente grave, *(Murmurios.)* poñendo o foco no aborto como se fose un problema social, demonizando a decisión das mulleres e dos médicos que os practican, je cuestionando as leis vixentes, intentando reabrir feridas que estaban pechadas! ¿Por que? Porque, lamentablemente, jé increíble ver como os dereitos das mulleres son sempre os primeiros en ser postos en cuestión, cando a dereita quere marcar territorio ideolóxico! *(Murmurios.)* E teño que gritar porque os do PP non me deixan continuar coa miña intervención.

PALOMA CASTRO REY: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora Castro, ja ver!, a realidade imponse. Isto é Santiago de Compostela; isto non é Madrid. Parece que non o ten claro. A realidade é que en Galicia non existe ningún problema coas interrupcións voluntarias do embarazo, absolutamente ningún. Porque, como non podía ser doutro xeito, en Galicia cumprimos o que estipula a lei estatal, que é o que se debe facer, e garantimos ese dereito das mulleres na sanidade pública. Vostede trata de introducir temas políticos doutras comunidades, e eu creo que se equivoca. Ademais, pretender facer un balbordo interesado con algo tan sumamente delicado pode chegar a ser bastante frívolo pola súa parte e, desde logo, ben pouco respectuoso coas mulleres galegas. *(Aplausos.)*

As mulleres galegas teñen que saber que Galicia cumpre e que en calquera centro público das sete áreas sanitarias poden interromper voluntariamente o seu embarazo, de acordo co



previsto na lei estatal. Por suposto, tal e como prevé a lei, aquelas mulleres que o desexen teñen dereito a realizar esa interrupción voluntaria do embarazo nun centro concertado, porque a lei contempla tamén eses distintos escenarios. O importante da cuestión é que as mulleres decidan en liberdade en todos os aspectos do procedemento. Polo tanto, señoría, Galicia conta cos medios para ofrecerlles esta prestación ás mulleres dentro do sistema sanitario público en todas as áreas sanitarias, en todas as semanas de xestación e en todas as modalidades autorizadas pola lei.

Mire, voulle dar outro dato máis actualizado —a ver que lle parece—. No que vai do ano, o 97 por cento das interrupcións voluntarias do embarazo en Galicia realizáronse na sanidade pública. Polo tanto, coido que esas argumentacións teñen pouco fundamento.

A obxección de conciencia, por certo, é un dereito xa recoñecido na Lei do 2010, unha práctica persoal de cada profesional. En ningún momento, o exercicio dos dereitos dos profesionais supuxo ata o de agora problemas no acceso á interrupción voluntaria do embarazo en Galicia. Unha vez que o Goberno de España presentou no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde os aspectos básicos do rexistro de obxectores, o Servizo Galego de Saúde púxose a traballar no seu establecemento, pero —reitero— a existencia ou non deste rexistro non afectou nin mudou o acceso á interrupción voluntaria do embarazo en toda a sanidade pública de Galicia, como proban os datos. Polo tanto, o noso obxectivo é continuar garantindo que todas as mulleres de Galicia que queiran abortar poidan facelo de maneira libre e onde elas estimen máis oportuno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da posibilidade de exercer o dereito de tanteo e retracto sobre o pazo de Montesacro, en Cambados, para incorporalo á tutela pública como parte do patrimonio histórico galego

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleiro.

A verdade é que eu pensaba que viría aquí contestar a conselleira de Política Social, por todo o que implica este pazo de Montesacro, pero, bueno, como sempre din vostedes que son un único Goberno e que falan entre vostedes, pois vou falar en termos xerais da nosa demanda.

Como sabe vostede, levamos dous anos con este tema. O pazo de Montesacro é un lugar que estaba en venda dende hai dous anos e que levaba décadas tendo un uso residencial, con setenta prazas de residencia para maiores. Pois ben, xa hai dous anos, cando a congregación



manifestou que estaba en venda, dende o Grupo Socialista vimos a oportunidade de poder sumalo ao público, xa non só pola necesidade de conservación do patrimonio —que afectaría a súa consellería porque é un edificio barroco—, senón tamén pola necesidade de recursos asistenciais públicos para maiores que existen nesta comarca e neste concello. Claro, nós, os socialistas, dende a nosa visión de garantir ás persoas maiores unha vellez digna, entendiamos que o máis normal era que a Xunta de Galicia, a Consellería de Política Social, adquirise este ben, pero este non foi o comportamento desta consellaría, nin da súa, como conselleiro de Cultura—.

O alcalde de Cambados estivo un ano intentando poñerse en contacto coa conselleira de Política Social con chamadas, *mails*, cartas e incluso en persoa, pero negouse a recibilo. Este é un comportamento que non sei se vostede verá normal. Non sei que lle parecerá, pero a nós parécenos unha falla total de rigor e de respecto institucional negarse a recibir un alcalde que quere falar sobre un tema que directamente atinxe unha consellaría.

Pois ben, deixaron pasar o tempo vostedes e reubicáronse estes setenta usuarios por toda Galicia, afastándoos da súa contorna e das súas familias. Vostedes non exerceron no seu día, cando apareceu un comprador, o dereito de tanteo que lles outorgaba a Lei de patrimonio cultural de Galicia; non o fixeron. Vaime dicir vostede que non é un ben BIC, pero si está nunha zona BIC, como é o centro histórico de Cambados, e si é un ben de interese protexido. Polo tanto, poderían por lei exercer este dereito. Agora mesmo, coñecemos que unha empresa privada, Iberus Capital Investment, adquiriu este ben por un prezo inferior ao pactado inicialmente, e vostedes teñen o dereito de exercer o dereito de retracto se se cumpren os requisitos que establece a lei.

Polo tanto, hoxe traemos aquí esta pregunta porque nós queremos que a Xunta exercite este dereito se se cumpren as condicións. E, se non se cumpren porque se fixo a venda de forma legal, pois nós non queremos que ese ben se perda para o público. Polo tanto, o que pedimos aquí é que dende a Xunta de Galicia lle expropien á empresa adquirinte este inmovible, alegando e xustificando intereses patrimoniais e de asistencia social, como así prevé a Lei de expropiación do Estado ou a Lei de solo de Galicia. O que non queremos é que se perda, tanto polo patrimonio cultural de Galicia como por este recurso asistencial para o concello de Cambados. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, o señor López Campos.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Señora Castro, eu creo que debemos intentar ter certo rigor cando facemos as intervencións no Parlamento de Galicia. Bueno, debemos ter certo rigor sempre —ou intentar telo—, pero máis se cabe no Parlamento de Galicia.



Sabe vostede que desde a Consellería de Cultura temos unha estratexia clara e os feitos e os datos así o acreditan: temos declarados máis de setecentos noventa bens de interese cultural, dos cales trinta e tres —un deles é o casco urbano de Cambados— son conxuntos históricos recoñecidos. Isto acredita ese compromiso claro da Consellería de Cultura pola protección e pola posta en valor do noso patrimonio.

Concretamente, este pazo de Montesacro é un edificio —como dicía vostede— de estilo barroco que está ubicado no casco histórico dunha vila declarada como ben de interese cultural, como conxunto histórico, no ano 2001. É unha edificación que está, como dicía, nun conxunto histórico; é un elemento catalogado dentro do Plan especial de protección do conxunto histórico de Cambados, co nivel de protección integral. En ningún caso é un ben de interese cultural.

E isto dígollo porque entendo que ten vostede acceso a esta lei (*O conselleiro José Carlos López Campos amosa un libro.*), a Lei de patrimonio de Galicia. Nesta lei, no seu articulado, no artigo 49 —léolle—, os dereitos de tanteo e retracto, no seu punto 3 no parágrafo 2, fala de que, no caso dos bens de interese cultural de carácter territorial nas categorías do artigo 10, «o exercicio do dito dereito limitárase aos inmobles individualmente inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural da Xunta de Galicia». Este é o texto que aparece recollido na Lei de patrimonio cultural. Creo que queda perfectamente claro e aclarado que só existiría xuridicamente a posibilidade de exercer o dereito de tanteo e retracto sobre unha propiedade, sobre un inmovible ou sobre un ben que estea declarado de forma expresa e individual como BIC. Dígolle máis; nin sequera sería posible exercer o dereito de tanteo no caso de que iniciásenos o proceso de declaración de BIC agora, porque a propia lei —así o recolle— di que non se poderán aplicar estas condicións no caso de feito retroactivo, de declaración a posteriori dunha venta do ben correspondente.

Por tanto, creo que non existe debate nesta cuestión. Este é un ben respecto do cal despois tamén lle contarei cal foi a actitude, o comportamento e a visión que teñen o resto das formacións políticas do Concello de Cambados. Con todo, por unha negligencia, por unha incapacidade ou por unha incompetencia dunha administración, en ningún caso se lle pode trasladar a súa responsabilidade por elevación á seguinte administración. Neste caso, creo que está perfectamente claro. E non se preocupe, porque na parte asistencial xa lle contestou en máis dunha ocasión a conselleira que hai prazas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): ...suficientes e prazas en marcha para cubrir as necesidades do Salnés en relación coas prazas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten un segundo turno.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): ...asistenciais nesa zona.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, non faga vostede trampas ao solitario. Como estabamos a falar de algo xurídico, tamén lle vou dicir que este ben non é en si un ben BIC, pero si está dentro dunha zona BIC e si é un ben de especial protección. Polo tanto, por analoxía, poderíase aplicar esa Lei de patrimonio cultural. *(Aplausos.)* Dígolle outra cousa: aínda ten máis posibilidades se a Xunta de Galicia quixese adquirir este ben. ¡Non se escude vostede nisto!, porque eu ofrézolle a posibilidade de utilizar outra figura, a expropiación por interese patrimonial e de asistencia social. Pero non quixeron vostedes adquirir este ben.

¿E iso que manifesta? Pois, por unha banda, a falla de vontade e capacidade da Xunta para protexer o noso patrimonio cultural cando entra en conflito con intereses privados; e, por outra banda, a ausencia de políticas sociais efectivas para garantir recursos asistenciais públicos accesibles e próximos á cidadanía. Lémbrolle que o deber e a competencia —como marca o Estatuto de autonomía— de asistencia social correspóndelle á Xunta de Galicia, á Consellería de Política Social. Na comarca do Salnés residen 100.000 persoas, cun 25 por cento de poboación maior de 65 anos, e non hai nin unha praza pública de residencia de maiores. Hai 168 prazas subvencionadas nunha residencia privada que levan dende hai anos cubertas. Polo tanto, non hai prazas de residencias para maiores nesta comarca. Vostedes deixan morrer unha infraestrutura que podería ser para o público e para dar resposta a unha demanda social urxente, e tamén evitan que esta infraestrutura forme parte do patrimonio histórico galego.

Se vostedes quixesen adquirir este pazo de Montesacro, non se preocupe, que hai recursos legais suficientes para poder facelo. Aínda están a tempo no día de hoxe. Pero o problema é que a Xunta mira cara a outro lado e dá as costas a todos os cambadeses e as cambadesas, deixándoos non só sen recursos de valor patrimonial, senón tamén sen recursos de asistencia social imprescindibles e moi urxentes para esta comarca. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pola réplica do Goberno, o señor López Campos.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Castro, esa afirmación que acaba de facer vostede de que, como un elemento, de forma individual, está incorporado dentro dunha contorna catalogada como BIC, xa por analoxía se lle pode aplicar as condicións de BIC... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, non! «Protexido», non; está no catálogo que aprobou o Concello, pero que estea no catálogo non quere dicir que a Xunta de Galicia teña a competencia ou a posibilidade de exercer o dereito de tanteo e retracto. ¡É falso! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ou non coñece a lei



ou mente, ou as dúas cousas á vez, señora Castro, porque é imposible que vostede estea afirmando isto, *(Aplausos.)* sobre todo cando lle estou dicindo —e vólvelle insistir— do artigo 49.3, parágrafo 2: «No caso de bens de interese cultural de carácter territorial nas categorías do artigo 10, o exercicio do dito dereito limitárase exclusivamente aos inmobles inscritos individualmente no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia». Eu creo que máis claro...

E a partir de aí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro!, agora «expropie». Esta é a segunda parte: ¡exprópiese! *(Aplausos.)* O mesmo lle digo que puido facer o Goberno de Cambados, por exemplo. *(Murmurios.)* Non entendo... Se é exactamente igual, se é un ben que realmente... Cando imos ás competencias —claro—, agora que a Xunta xa non ten competencias porque xa non pode aplicar ese artigo 49 da Lei de patrimonio co dereito de tanteo e retracto, agora tamén que o expropie a Xunta de Galicia... Eu recórdolle que estes días —creo que foi a finais do mes de setembro—, o propio alcalde de Cambados saíu dunha reunión coa empresa que adquiriu ese ben falando da posibilidade e da necesidade de facer un cambio de uso, dun uso residencial a un uso hoteleiro; el entendía que era unha cuestión razoada e razoable e que, ademais, o Concello de Cambados debía colaborar nesa xestión. O Concello de Cambados e o alcalde de Cambados creo que os coñece vostede perfectamente. Ademais, nesa iniciativa privada reuniuse con eles, como ten que ser o normal.

A propia oposición falaba de que era unha das grandes mostras do desastre político que se fixo en Cambados en determinadas decisións. É certo que, ao final, aquí, se non hai un impulso local nin hai ninguén que se poña á fronte dunha estratexia para poder adquirir un ben —que eu entendo que teña certo interese no Concello de Cambados—, pois, desde logo, o que non poden é intentar buscar sempre responsables noutras administracións. Iso desde logo xa non é razoable que o fagan vostedes, e eu creo que a veciñanza o entende perfectamente.

No tema asistencial —insisto—, hai unha planificación clara por parte da Consellería de Política Social, hai un compromiso claro no tocante á apertura de novos centros socioasistenciais. Evidentemente, o que busca a Xunta de Galicia é intentar dar cobertura e servizo con esa iniciativa pública, colaborando tamén coa iniciativa privada, para que todas aquelas persoas maiores...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): ...que queiran ter unha vida digna a poidan ter.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta da deputada Cecilia Vázquez Suárez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación e as perspectivas da Formación Profesional en Galicia

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Vázquez.



CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, hoxe imos falar dun ámbito que está a vivir unha auténtica revolución, que poderíamos dicir que é histórica porque non ten precedentes, que é a formación profesional. Nos últimos anos, a formación profesional foi gañando un peso crecente dentro do sistema educativo e no conxunto da nosa economía. Cada vez son máis os estudantes que optan por esta vía e tamén máis as empresas que se nutren de profesionais formados nestes itinerarios. A FP pasou de ser vista como unha segunda opción a converterse nun camiño de futuro, de prestixio e de empregabilidade. Os datos así o avalan: temos máis de 71.000 estudantes matriculados —que resulta a maior cifra de toda a nosa historia—, unhas porcentaxes de empregabilidade récord, e o 51 por cento da mocidade galega de entre 18 e 19 anos está cursando unha formación profesional.

Señor conselleiro, pensamos que este éxito non é unha casualidade, senón o froito dunha estratexia clara e dunha aposta política decidida da Xunta de Galicia. Sabemos que o tecido produtivo precisa de persoas cualificadas, con competencias adaptadas ás novas realidades tecnolóxicas e tamén aos desafíos da innovación. Para iso, curso por curso, a Xunta de Galicia vai mellorando unha oferta que practicamente podemos dicir que é á carta, deseñada da man das empresas e do territorio para adaptala ás necesidades das persoas e do mercado laboral. En definitiva, a formación profesional converteuse nunha peza esencial para garantir o futuro laboral dos nosos mozos e mozas, a competitividade das nosas empresas e o desenvolvemento equilibrado do territorio.

Fronte a este avance, señorías, ¿que atopamos? Un Goberno central que bloquea e que promete, pero que non cumpre. Mentres tanto, o PSOE galego apláudelle. E despois temos o BNG, tan bravo en Galicia e tan mansiño en Madrid; o BNG que di «non» a Galicia e «si» a Sánchez, «non» a Galicia e «si» a Bildu. Están ás ordes dos herdeiros de ETA, pero, ademais diso, boicotean unha política que está a dar resultados, que, señorías, non son do PP, senón da mocidade galega. *(Aplausos.)*

Pero, en fin, señor conselleiro, nós imos ir ao noso. Por iso lle fago a seguinte pregunta: ¿cal é a valoración que fai o Goberno galego sobre a situación actual da Formación Profesional e sobre os retos que temos por diante?

Máis nada. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moi boa tarde, presidenta.



Señoría, certamente, a formación profesional é unha estratexia de país e de goberno; a dinámica francamente positiva que ten practicamente en todas as variables que definen a calidade do sistema fálannos dun proxecto positivo que, obviamente, non é froito da casualidade; é froito do traballo, do interese, dunha serie de proxectos e de plans que foron, pouco a pouco, dando pasos firmes para converter a formación profesional no que é hoxe.

Se hoxe falamos de formación profesional, falamos de prestixio, falamos de confianza, falamos de utilidade e falamos, en definitiva, dunha oferta educativa que nos últimos anos foi capaz de ter un prestixio do que antes carecía. Hoxe en día, unha porcentaxe moi significativa dos mozos e das mozas galegas elixen a formación profesional como a súa primeira vía; aproximadamente un terzo dos estudantes así o fan ao rematar a etapa obrigatoria.

Os datos das matrículas son obxectivos e están aí: temos máximos históricos; falamos de máis de 71.000 estudantes; un incremento do 2.400 respecto ao ano anterior; e, se o comparamos co ano 2009, estamos a duplicar —insisto, ja duplicar!— a matrícula que había naquel momento, cando estamos nun contexto de caída demográfica. O incremento é xeral en todas as modalidades, e moi significativamente no espazo rural: medra a FP dual intensiva, os másteres, e ata os de especialización e a formación básica —medran todas as especialidades—. Isto é froito, como xa digo, da confianza que as familias e os estudantes teñen na formación profesional a nivel individual —por parte de cada un dos alumnos—, pero tamén a nivel dos sectores produtivos, para identificar na formación profesional aqueles profesionais que van dotar as plantillas das nosas empresas dos profesionais cualificados necesarios para poder desenvolver o seu traballo.

Hai estratexias coñecidas, divulgadas no conxunto de Galicia, como Innova FP ou o Plan Conecta FP, que pretenden achegar a oferta de formación profesional á demanda. De aí o encaixe que existe na empregabilidade, porque falamos de empregabilidade e falamos de utilidade. A FP é tremendamente útil para os alumnos, que atopan unha vía de canalizar a súa formación cara ao mundo laboral.

De feito, en canto a empregabilidade, estamos falando dun 86 por cento nos ciclos ordinarios e practicamente o cen por cento nos ciclos de formación profesional dual, o cal contrasta co que había no Bipartito. Estes señores que fan todo tan ben, no Bipartito tiñan un terzo da empregabilidade, tiñan un 32 por cento de empregabilidade, coa metade dos alumnos. Hoxe temos —como xa digo— aproximadamente un 85 e un cen por cento, e o dobre de matrículas. Obviamente, a FP tamén é útil para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, é tremendamente útil tamén para loitar contra o abandono escolar e, por extensión, é útil para os sectores produtivos. Ao final, é útil para as persoas...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...é útil para a economía e, en definitiva, é útil para Galicia. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



Na quenda de réplica, a señora Vázquez.

CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ: Grazas, presidenta.

Moitas grazas, señor conselleiro, por explicarnos con tanta claridade os avances da formación profesional en Galicia. Esa é a realidade, a que acaba de avanzar vostede, porque Galicia lidera, Galicia innova e Galicia cumpre. O que non entendemos é a actitude do PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. Cando gobernaron, pecharon ciclos e recortaron prazas, e, agora, que a FP vive o seu mellor momento, prefiren poñer paus nas rodas antes que recoñecer o éxito. É realmente sorprendente e difícil de entender. E, mentres tanto —como dicía—, o Goberno central bloquea títulos, atrasa os fondos europeos, e pensamos que o que demostra é que para eles a formación profesional non é unha prioridade. Polo tanto, entendemos que a mocidade tampouco é unha prioridade para eles. E, mentres tanto, a oposición en Galicia apláudelles; segue sendo realmente sorprendente.

Agora que falo de mocidade, gustaríame recordarlle a unha deputada do Bloque Nacionalista Galego que onte interveu nesta Cámara que dixo unha gran mentira cando falou de que foi un goberno do Bloque Nacionalista Galego o que aprobou o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia. É unha gran mentira porque foi un goberno do Partido Popular o que aprobou e puxo en marcha o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia, froito da Lei de xuventude, que se aprobou nesta Cámara no ano 2012. Gustaríame recordarllo, para que teña en conta esa mentira, e dicirlle que, nese momento, se extingue o Conxuga. E para falar do Conxuga, pódennlle preguntar ao PSOE, que seguro que o recordan ben.

En resumo, a Xunta de Galicia aposta pola formación profesional e cumpre; a oposición crítica e bloquea. Pero, señorías, a mocidade galega non vive das súas críticas; vive das oportunidades que se lles dá en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señora deputada.

Certamente, eu teño asistido a moitos debates nesta sede parlamentaria con respecto á formación profesional, dende hai xa algún tempo e algúns anos. Certamente, fronte á aposta que sempre puxo en marcha a formación profesional nos últimos quince anos aproximadamente, sempre vimos unha postura absolutamente regresiva, unha postura absolutamente contraria aos grandes avances que se foron dando e que consolidaron a formación profesional. Ao final, creo que afortunadamente o tempo é moi bo xuíz e o tempo pon cada un no seu sitio. Eu escoitei aquí nesta Cámara cuestionar a FP dual; eu escoitei nesta Cámara cuestionar a rede CIFP; eu escoitei nesta Cámara falar en contra da flexibilidade dos ensinos semipresenciais no ámbito da formación profesional, e eu tamén escoitei falar mal da FP



básica. Sen embargo, o tempo —como xa digo— é o mellor xuíz e pon cada un no seu destino, e, fronte aos discursos de simplemente dicir que non porque toca dicir que non, a realidade é evidente.

Temos un incremento substancial de alumnos nos últimos anos, temos unha empregabilidade creo que moi significativa nos últimos anos —moi positiva para o alumno ou para a alumna que se forma, pero tamén moi positiva para os sectores produtivos, para as empresas que van ter e teñen, de feito, profesionais ben dotados e ben formados—, e oportunidades para aqueles alumnos que máis o precisan; aí está a formación profesional básica, aí están tamén os ciclos adaptados. Pero, en definitiva, estamos traballando sempre coa auga en contra ou remando en contra da corrente que plantexa, neste caso, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego.

É certo que temos que ter un marco normativo, e este marco normativo que se desenvolveu nos últimos anos por parte do Estado é absolutamente kafkiano. Houbo moitísimo atraso no seu deseño, o real decreto que permite agora poñer en marcha os aportes da lei chega con moitísimo atraso, e non hai financiamento estrutural por parte do Ministerio —o Estado presume de que apoia, pero fai un apoio puramente conxuntural, co cal, é pan para hoxe e fame para mañá—. Realmente, ao final, é necesario que Galicia, unha vez máis, se poña na vangarda, que Galicia, unha vez máis, vaia por diante e aposte, siga apostando, claramente, pola formación profesional.

Froito diso, puxemos en marcha, estamos traballando, estamos xestionando e tramitando un novo decreto de formación profesional co que imos cumprir e imos poñer en marcha aquelas cuestións que o Estado non fixo, por deixamento, porque lle dá igual, porque pasan de todo. Por exemplo, o deseño de pasarelas entre a formación profesional e a universidade; por exemplo, o deseño dos profesores asociados, semellante ao das universidades, para poder captar profesionais da empresa que poidan desenvolverse; por exemplo, todo o que ten que ver coa orientación profesional integral ou todo o que ten que ver —repito— co recoñecemento de pasarelas entre a universidade e a formación profesional.

En definitiva, seguimos apostando pola formación profesional, seguimos traballando pola formación profesional, e, ao final —como xa dixen antes— o tempo é o mellor xuíz e pon a cadaquén no seu sitio. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Imos coa última pregunta desta sesión plenaria.

Pregunta da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das medidas destinadas á mellora da atención educativa ao alumnado, especialmente daquelas que posibiliten atender a diversidade dentro das aulas

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Fernández Davila.



MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Boas tardes, conselleiro.

As comunidades educativas na Galiza están a pasar momentos moi duros cun ensino esquilado en recursos. Isto acontece porque o Partido Popular na Xunta ten un modelo de ensino onde prima o negocio e a propaganda do seu partido, en lugar de proporcionar aos docentes os apoios e reforzos que necesita o alumnado e que lle reclaman nos centros. Pero o Goberno do PP está empeñado en ignoralo, e así denega a información solicitada incluso polas ANPA para poder realizar as denuncias.

Mentres din que as incidencias son puntuais e illadas e se resolven con pequenos axustes, os centros e as familias seguen a reclamar máis docentes especialistas, porque cada ano hai máis alumnado con necesidades específicas e os cadros de persoal, ademais, están en mínimos. Houbo familias que fixeron folga e deixaron os cativos na casa, e a Consellería que vostede dirixe non só non enviou os apoios precisos, senón que as ameazou e o comunicou á Fiscalía. Que llelo pregunten entón ás familias do CEIP Ana María Diéguez, de Asados, en Rianxo. Ante a súa inacción, non lles queda outra posibilidade que mobilizarse. ¿Vostede pensa que as familias non teñen outra cousa mellor que facer?

Esta situación dáse en todo o país e son moitos os que están a denunciálo, pero tamén son moitas as direccións que reclaman constantemente que son denegados eses recursos e o seu alumnado segue sen os apoios e sen os reforzos que precisan. Pero, ao non facer ruído, vostedes, o Partido Popular non se preocupan e non os atenden. Algunhas das inspeccións están deixando claro nas direccións que iso é precisamente o que teñen que facer. Hai denuncias así, mediante prensa, concentracións, recollida de sinaturas, manifestacións, lonas diante dos centros en toda Galiza.

Na Barbanza: Noia, no centro da Barquiña; en Asados, en Rianxo, mobilizándose oito comunidades educativas á vez; tamén en Carnota ou en Ribeira, no Grupo. Na Costa da Morte: localidades como Muxía, ou Cee, no Agra de Raíces; en Cabana de Bergantiños, o CPI As Revoltas; tamén en Malpica, en Coristanco, en Laxe ou en Corme. Nas Mariñas: o Torrente Ballester de Cambre. Na comarca da Coruña: na cidade, o Ramón da Sagra; no Otero Valcárcel de Carral ou no Valle Inclán de Perillo, en Oleiros. No Salnés: en Vilagarcía, na Lomba. No Condado: Salvaterra de Miño, Leirado, As Neves ou Ponteareas. No Deza: na Estrada, no IES García Barros. Na área de Vigo: ademais da cidade, problemas en Redondela, en Pazos de Borbén ou en Mos, no Mestre Martínez Alonso. Na Terra de Lemos: no Saviñao, no CEIP de Currelos, ou no doutor López Suárez, de Escairón.

Polo tanto, pídolle que deixe de manipular os datos e que nos diga vostede que vai facer para que dispoñan do profesorado, dos especialistas e dos coidadores que este alumnado precisa.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.



O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que, escoitándoa a vostede, señora deputada, reafirmome no que, non hai moitos días, dixen aquí nunha comparecencia e tamén dixeron compañeiros meus a preguntas parlamentarias feitas por vostedes. Creo que están nunha dinámica onde vostedes o que perseguen é absolutamente o conflito e o que buscan é xerar unha imaxe na que, canto peor, mellor para vostedes; vostedes así o pensan. Seguen as directrices dun xeito absolutamente admirable —eu aí recoñezo que son admirables— que lles fixou a UPG. Vostedes apostan polo conflito a través do seu partido, a través das organizacións sindicais que están na súa órbita, no seu ecosistema, e é algo que quedou palpable; mesmo presumen diso. Aquí está a entrevista, nada máis tomar posesión do secretario xeral da CIG, onde fala claramente de que vostedes apostan polo conflito. A vostedes o que lles interesa basicamente é xerar un mal ambiente, intentar demostrar que os servizos públicos galegos —sanidade, política social, educación e outros calquera— funcionan mal. Pero iso ao final choca coa realidade, choca co sentido común.

Levan moito tempo cuestionando o sistema educativo de Galicia, levan moitísimo tempo falando mal da educación galega. Eu, en moito tempo, nunca escoitei unha palabra boa, unha soa palabra por parte do BNG ou por parte da CIG —que practicamente é o mesmo— a favor do sistema educativo, e si moitas mentiras, moitas manipulacións e moitos mantras. E eu aí tamén os admiro, porque son capaces de dicir unha mentira moitas, moitas veces e non poñerse colorados. Teñen unha falta de pudor absoluta (*Aplausos.*) e teñen unha absoluta convicción de que o que vostedes din é verdade.

E vostede fáleme aquí de cuestións das típicas. ¡Privatización! Eu creo que xa llelo dixen o outro día na comparecencia. Falan de privatización. ¿Vostede sabe cando houbo un maior aporte porcentual dos orzamentos da Xunta de Galicia ao ensino privado? Durante o Bipartito. E, ¿vostede sabe cando se crearon máis unidades concertadas; é dicir, máis unidades privadas, no último século, no século XXI? Durante o Bipartito. Voulle dar os datos, porque mo di sempre. Mire, entre o ano 2005 e o ano 2009, creáronse 213 unidades concertadas, a unha media de 53 ao ano. Durante o último período, a última lexislatura do Partido Popular, 2024–2025, creáronse 3.

E vostedes falan de privatización e falan de recortes, e falan de perda de calidade. Pero, ¿vostede non mira os indicadores nacionais e internacionais? E, ¿cando vostede fala e escribe non lle pode caer a cara de vergonza de ver que todo o que di é todo mentira, todo manipulación, todo medias verdades? (*Aplausos.*)

Eu creo que realmente teñen un gran valor, e o seu gran valor é crear un discurso, que *se lo creen, lo repiten una y otra vez*, e acaban pensando que é verdade. Pero o tempo, ao final —como xa dixen antes—, pon cada un no seu lugar e, sen dúbida, o tempo é o mellor xuíz, e os resultados educativos de Galicia pónenos a vostedes no seu lugar. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica, señora Fernández.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Mire, voulle dicir unha frase de Pablo VI, que dicía: «*Se puede pecar contra la verdad lo mismo por omisiones calculadas como por informaciones ine-*



xactas». Vostede é un pecador máximo. Señor conselleiro, a min non me gustan as citas papais, pero realmente nesta reflíctese claramente a táctica que usa o Partido Popular para o engano e para manipular as familias e os centros educativos. Hoxe hai unha representación aí coa que, se quere, despois pode falar, porque non creo que ningunha familia estea mentindo agora coas necesidades que teñen as súas fillas e os seus fillos dentro dos centros educativos nin que os propios centros educativos que están reclamando esas necesidades estean mentindo ou estean facendo informes que non corresponden, porque aquí todo o mundo sabe que os informes cantan, e a lei ampara este alumnado cando o informe médico, o informe de orientación di os recursos, apoios e reforzos que necesita todo este alumnado.

Así que o BNG vai seguir insistindo niso. Dá igual o que vostede diga e dá igual que me diga que me vou pór colorada. Xa traio o xersei para que non se me note moito, xa pode velo. Pero non me poño colorada por iso, pónome colorada das vergoñentas cousas que vostede di aquí cada vez que se presenta. (*Aplausos.*) ¡Iso si que é vergoñento! Como mente descaradamente e como mente diante das persoas máis afectadas e que teñen eses problemas na súa casa e nos seus centros educativos.

Así que agora o que debería dicirnos, señor conselleiro é: ¿para o Partido Popular, na Xunta, o alumnado con diversidade non ten dereito a ter un seguimento da clase ao tempo que as compañeiras e compañeiros?, ¿non ten? ¿Non ten dereito a avanzar tanto persoalmente como academicamente?, ¿tampouco o ten? ¿Non pensa o Goberno do PP que o alumnado con diversidade ten dereito a estar en igualdade de condicións dentro das aulas? Non, para vostede —como lle dicía antes—, son cabezas que contar, son números simplemente. Así que, en vez de divagar e dicir que eu me poño vermella, díganos exactamente que medidas vai tomar. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Ben, en primeiro lugar alégrome que cite como fonte de autoridade un Papa católico; é un gran avance no partido que vostede representa. (*Aplausos.*) Gústame moito que cite un Papa católico, igual que cita vostede as familias, con toda a crenza e a soberbia coa que fala vostede en nome das familias, de todas as familias. Pero ben, a verdade é que xa sei que lle dá igual todo o que eu diga. Xa sei que lle dá todo igual porque non cre nada. Pero vostede crerá o Ministerio, vostede crerá a OCDE, vostede crerá os informes nacionais e internacionais que sitúan o ensino galego onde o sitúan, tamén no campo da atención á diversidade.

E vostede, claro, fala de vergoña. Vergoña debíalle de dar a vostede sentar con Bildu. ¡Iso si que é unha vergoña, eh!, unha vergoña pero de verdade. Por certo, tan preocupado que está o Bloque polo galego, non sei en que idioma falaron nesa reunión. Non puxeron pinganillos, ¿verdade? (*Murmurios.*) Porque o de vostedes é unha cuestión de que teñen tanta soberbia e tanto plantexamento... E fálanos aquí como se nós estivésemos en contra dos dereitos dos alumnos con discapacidade. ¡É increíble que diga vostede iso, absolutamente increíble!



E non coñece as medidas que se plantexan, iso preocúpame. Vostede, como deputada autonómica, representante dunha formación política —que pode estar equivocada en moitos temas—, debería coñecer a Estratexia de inclusión educativa que se aprobou no seu momento do Consello da Xunta, onde se fala de moitísimas cousas. Por exemplo, a formación do profesorado, que vai ser impartida por profesionais dos colectivos de discapacidade, ou a formación profesional adaptada ás necesidades de cada un. Ou debería coñecer, o cal me preocupa —se non o coñece malo—, o incremento que houbo das plantillas no ámbito da atención á diversidade, que, por suposto, nunca é suficiente, por suposto que non. Iso nunca se negou, porque estamos ante un marco de necesidades infinitas e de recursos limitados.

Pero vostede parece que xoga á arbitrariedade e á confusión. Dá a sensación de que se dote ou non se dote dun profesor un centro educativo depende da vontade do conselleiro; dese inhumano, maligno... Bueno, non me chamou fascista, afortunadamente. Chámanllo con soberbia e fachendosamente a quen vostedes saben, e non lles cae a cara de vergoña. Bueno, teñen moito cuajo. Pero iso depende dos informes, dunha serie de informes dos equipos de orientación, dos equipos de inspección; e creo que vostede está un pouco equivocada.

Eu só lle digo a vostede e ao seu partido que, cando saia o proxecto de Pedro Sánchez que está encima da mesa, a ver que votan. E pídolle ao Goberno de Pedro Sánchez, ao Goberno socialista, que faga para España o que está facendo en Galicia. Porque, con medidas moito máis débiles, moitos máis frouxas para o conxunto de España, vostedes din —ben, dío a CIG, que é o mesmo que vostedes—: *bueno, el Gobierno tiene buena intención, hay que vigilarlos. Tienen buena intención, pero hay que vigilarlos*. Cúmrese iso que di o presidente Rueda de que aquí son bravísimos, leóns e leoas, pero despois son como auténticas ovelliñas en Madrid. Porque mire vostede o que di o seu sindicato de cabeceira nesta nota. (*O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez González, amosa un documento.*) Di que, ben, medidas moitas máis frouxas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...moito máis reducidas e moito menos potentes que as de Galicia, para vostedes teñen boa intención. E, se as fixésemos nós, sería pouco menos que nomear o maligno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)


A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro. Rematou o tempo.

Unha vez respondida a última pregunta que figuraba na orde do día, damos por rematada a sesión.

Boa tarde-noite a todas e todos.

Remata a sesión ás cinco e corenta e oito minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

